

PXOM

Concello de Silleda
(Pontevedra)



PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL



DOC. XII
DOCUMENTO DE CONSULTAS

Volume 1 de 1

ALFONSO
BOTANA
ARQUITECTURA-URBANISMO-MEDIOAMBIENTE

Aprobación definitiva

36052_PXOM_202303_AD
Marzo 2023

ÍNDICE XERAL DO PXOM

DOC. I.- MEMORIA XUSTIFICATIVA DOS SEUS FINS E OBXETIVOS, ASÍ COMO DAS SÚAS DETERMINACIÓNS

DOC. II.- ESTUDO DO MEDIO RURAL

DOC. III.- ANÁLISE DO MODELO DE ASENTAMENTO POBOACIONAL

DOC. IV.- PLANOS DE INFORMACIÓN

DOC. V.- PLANOS DE ORDENACIÓN URBANÍSTICA

DOC. VI.- NORMAS URBANÍSTICAS

DOC. VII.- ESTRATEXIA DE ACTUACIÓN

DOC. VIII.- ESTUDO ECONÓMICO

DOC. IX.- CATÁLOGO DE ELEMENTOS A PROTEXER OU RECUPERAR

DOC. X.- INFORME DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL

DOC. XI.- INFORME OU MEMORIA DE SUSTENTABILIDADE ECONÓMICA

DOC. XII.- DOCUMENTO DE CONSULTAS

DOC. XII.- DOCUMENTO DE CONSULTAS

V.- INFORMES SECTORIAIS SOLICITADOS E CONSULTAS REALIZADAS.

VI.- INFORMES SECTORIAIS EMITIDOS E RESULTADO DAS CONSULTAS.

ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN.....	3
2	ANTECEDENTES	3
3	TRAMITACIÓN ANTERIOR Á APROBACIÓN DA LMLUG	3
3.1	Documento de inicio para avaliación ambiental estratéxica 2007.....	3
3.2	Informe previo a aprobación inicial da SX de ordenación do territorio e urbanismo 2009 CMATI	4
3.3	Informe da Dirección Xeral de Infraestruturas. CMATI 2009.....	9
3.4	Informe de ADIF (Administrador de Infraestruturas Ferroviarias) 2009	10
3.5	Informe da DG de Aviacion Civil. Ministerio de Fomento 2009.....	10
4	TRAMITACIÓN POSTERIOR Á APROBACIÓN DA LMLUG	12
4.1	Anteproxecto de planeamento para avaliación ambiental 2010.....	12
4.2	2º Informe previo a aprobación inicial SX de ordenacion do territorio e Urbanismo 2012	12
4.3	Aprobación inicial do PXOM.....	17
4.4	Informe da Dirección de Patrimonio e Urbanismo de ADIF	17
4.5	Alegación da Consellería de Facenda	17
4.6	Alegación da Cámara Oficial Mineira de Galicia.....	17
4.7	Informe da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental	18
4.8	Informe da Dirección Xeral de Aviación Civil	19
4.9	Informe da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia (Ministerio de Fomento).....	19
4.10	Informe do Servizo de Montes de Pontevedra	21
4.11	Informe da Axencia Galega de Infraestruturas.....	22
4.12	Informe de Augas de Galicia.....	22
4.13	Informe da Subdirección Xeral de Protección do Patrimonio Cultural.....	23
4.14	Informe da Dirección Xeral de Conservación da Natureza	37
4.15	Informe do Servizo de Planificación da Paisaxe.....	37
4.16	Informe da Subdirección Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico.....	38
4.17	Informe de Estradas da Demarcación do Estado en Galicia (Ministerio de Fomento)	38
4.18	Informe da Axencia Galega de Infraestruturas.....	40
4.19	Memoria Ambiental Do Plan Xeral De Ordenación Municipal Do Concello De Silleda	40
4.20	Integridade documental 01 CMATI 28-04-2016	50
4.21	Informe Demarcación de Carreteras do estado en Galicia.23-05-2016	50
4.22	Integridade documental 02 CMATI.....	51
4.23	Informe da Dirección Xeral de Aviación Civil	51
4.24	Informe da Dirección Xeral de Telecomunicacións e Tecnoloxías da Información	52
4.25	Informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural	52
4.26	Orde sobre a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda	59
4.27	Informe da Dirección Xeral de Telecomunicacións e Tecnoloxías da Información	66
4.28	Informe da Subdirección Xeral de Planificación Ferroviaria	66
4.29	Informe da Dirección Xeral de Patrimonio Natural.....	67
4.30	Informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural	67
4.31	Orde de aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda	70

ANEXOS

I.- DOCUMENTO DE REFERENCIA.

II.- CERTIFICADO DE APROBACIÓN INICIAL.

III.- ANUNCIOS SOBRE A INFORMACIÓN PÚBLICA.

IV.- CERTIFICADO DE ALEGACIONES PRESENTADAS.

1 INTRODUCCIÓN

A entrada en vigor da Lei 21/2013, de 9 de decembro, sobre avaliación ambiental, incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2001/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de xuño de 2001, relativa á avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente, e supón a realización dun proceso de Avaliación Ambiental (AA) para os plans e programas que elaboren as diferentes Administracións Públicas, entendido como un instrumento de integración do medio ambiente nas políticas sectoriais, co obxectivo de garantir un desenvolvemento sustentable mais duradeiro, xusto e saudable que permita afrontar os grandes retos da sustentabilidade como o uso racional dos recursos naturais, a prevención e redución da contaminación, a innovación tecnolóxica e a cohesión social ao tempo que fomenta a transparencia e a participación cidadá.

A integración deste procedemento de AAE co procedemento de aprobación dos instrumentos de ordenación do territorio, está definida pola Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, na que se expoñen os requirimentos técnicos e administrativos necesarios para levala a cabo.

O concello de SILLEDADA elaborou o PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL co obxectivo de promover un desenvolvemento sustentable, conseguir un elevado nivel de protección do medio ambiente e contribuír á integración dos aspectos ambientais na preparación e aprobación do seu Plan sometendo a Avaliación Ambiental Estratéxica conforme ao establecido na Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre a avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente, a desenvolver seguindo o procedemento integrado de Avaliación ambiental estratéxica de instrumentos de planeamento urbanístico previsto no artigo 7 da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.

O presente documento constitúe o DOCUMENTO DE CONSULTAS no que se describe o procedemento de participación pública e consultas as que se viu sometido o PXOM de Silleda durante a súa avaliación ambiental estratéxica recompilando as observacións e alegacións formuladas como foron consideradas no planeamento.

2 ANTECEDENTES

Durante a redacción tramitación do presente PXOM, foi aprobada a Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), o que supuxo, ao non cumprirse os prazos establecidos na Disposición Transitoria Terceira da LOUG, a adaptación do documento ás determinacións contidas na nova Lei.

Durante a redacción e tramitación do presente PXOM, foi aprobada asemade a Lei 6/2007 de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, o que supuxo a adaptación do documento ás determinacións contidas na nova Lei.

Coa aprobación da Lei 2/2010, de 25 de marzo, de medidas urxentes e modificación da LOUG, e non tendo acadado o PXOM a súa aprobación inicial, supuxo a adaptación plena deste documento á mesma. En consecuencia, cómpre diferenciar entre o período anterior á aprobación desta e o período posterior.

3 TRAMITACIÓN ANTERIOR Á APROBACIÓN DA LMLUG

3.1 DOCUMENTO DE INICIO PARA AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA 2007

Con data 8 de agosto de 2007 e número de rexistro 1435, recíbese na Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible comunicación de inicio do procedemento de elaboración do PXOM, xunto cun

documento inicial no que se recollen de xeito resumido os principais obxectivos e características do concello e do futuro PXOM.

O Documento de Inicio someteuse a consultas a todos os compoñentes do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e ao mesmo tempo se inseriu na páxina web da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible para que o público en xeral fixera comentarios que puideran axudar na redacción do presente documento de referencia acerca das variables ambientais que poden ser afectadas e os criterios de sustentabilidade aplicables a este Plan.

Recibiuse resposta de Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e a maior parte das súas suxestións xa foron integradas nos criterios e condicións específicas que establece o Documento de Referencia.

3.2 INFORME PREVIO A APROBACIÓN INICIAL DA SX DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO 2009 CMATI

O Concello de Silleda remitiu o Plan Xeral de Ordenación Municipal solicitando Informe previo á Aprobación Inicial, conforme ó artigo 85.1 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (en adiante, LOUG).

Examinado o seu propio contido, e á vista da proposta elevada pola Xefatura de Servizo de Planificación Urbanística, emítense con data do 26 de xuño de 2009, o seguinte Informe:

a) Antecedentes

a-1) Planeamento municipal vixente.

O Concello de Silleda dispón dun Plan Xeral de Ordenación Urbana aprobado definitivamente o 04/06/1981, con seis Modificacións Puntuais. En desenvolvemento do PXOU aprobouse o Plan Parcial Parque Empresarial Área 33, A.D. 22/10/1991), con dúas Modificacións Puntuais.

a-2) Figuras de Ordenación do territorio con incidencia supramunicipal.

O termo municipal de Silleda está afectado polos seguintes Proxectos Sectoriais de incidencia supramunicipal aprobados definitivamente:

- Aproveitamento hidroeléctrico do río Deza (A.D. 28/07/2005).
- Parque eólico Masgalán – Campo do Coco (A.D. 22/11/2001).
- Parque eólico Couto de San Sebastián (A.D. 11/10/2007).

b) Avaliación Ambiental Estratéxica.

A Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible emitiu en data 03/01/2008 o documento de referencia para a Avaliación Ambiental Estratéxica do PXOM do Concello de Silleda.

c) Informe

Logo de analizar a documentación que integra o plan xeral de ordenación municipal do Concello de Silleda identificado con data de outubro de 2008, e vista a Proposta elevada polo Servizo de Planificación Urbanística, emítense o seguinte Informe:

c-1) Consideracións sobre o modelo territorial do Plan.

O obxectivo principal do PXOM, moi correctamente, baséase nun modelo que favoreza o desenvolvemento equilibrado e sostible do territorio, establecendo como criterios frear a dispersión edificatoria e fomentar a consolidación e mellora das áreas edificadas, fomentar os desenvolvementos lindeiros coas áreas consolidadas e completar as estruturas urbanas dos núcleos urbanos de Silleda e A Bandeira, entre outros; achegando xustificación da coherencia destes criterios coas Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia (aprobadas inicialmente por Orde do 15/09/2008).

O que non resulta congruente coa previsión de novos crecementos residenciais fóra dos núcleos urbanos, como o Sector S.U.D.R1 en Barravaite, sen que a existencia de naves industriais xustifique por si soa a clasificación de solo urbanizable, máxime cando o que se pretende é a substitución do uso industrial polo residencial, trasladando as naves industriais a un emprazamento completamente desvinculado das implantacións industriais existentes.

Elimínase o solo urbanizable.

Tampouco resulta congruente a clasificación do solo nas zonas intersticiais entre o núcleo urbano da Bandeira e os núcleos rurais situados ao norte do mesmo, fundindo as áreas de expansión co solo urbano, cando os réximes xurídicos aplicables son ben distintos, polo que debe procurarse unha correcta transición entre as dúas realidades.

A clasificación de solo pasa de solo urbano a núcleo rural comun pero ambas ordenanzas son de vivenda unifamiliar, polo tanto a tipoloxi é a mesma.

Cánto á previsión de dous sectores S.U.D.I1 e S.U.D.I3 de uso industrial, separados do ámbito principal sen que o Plan achegue xustificación que fundamente a elección do seu emprazamento, nin clarexe as condicións de conexión coas redes de infraestruturas e de transporte, observouse a existencia dun polígono industrial situado ao leste da capital municipal, que o Plan correctamente proxecta ampliar, e que pode acoller as industrias.

A existencia de instalacións illadas en solo rústico non xustifica, por si soa, a clasificación como urbanizable, máxime cando que a delimitación proposta deixa en situación de fóra de ordenación a meirande parte das naves existentes.

Elimínanse ditos sectores de solo urbanizable, concentrandoos proximos aos crecementos existentes.

c-2) Estrutura xeral e orgánica do territorio e dotacións urbanísticas.

O Núcleo Urbano de Silleda é deficitario en Zonas Verdes e Espazos Libres públicos. Non obstante, a maior parte das de nova creación para dar cumprimento ás reservas do artigo 47.1 da LOUG, están situadas en terreos de pouca centralidade respecto do centro urbano; polo que cómpre estudar alternativas máis axeitadas.

Os espazos libres no núcleo de silleda concéntranse nos urbanizables e na carballeira situada ao sur do núcleo urbano de maneira que se permita respetar e protexer a carballeira.

No que respecta ao Núcleo da Bandeira, o Sistema Xeral de nova creación 16-SN-P1 está situado nunha zona de forte pendente, o que impide na práctica a súa utilización, polo que non reúne as características do devandito artigo 47.3 da LOUG.

A zona verde do núcleo de Bandeira ubícase incluída no urbanizable residencial situado ao sur do núcleo nunha carballeira para así protexela e recuperala para o uso da poboación.

En consonancia co documento de referencia para AAE, o Plan debe dar solución ao saneamento das augas residuais do polígono industrial de Silleda, que actualmente non trata os seus efluentes; incluíndoa na estratexia de actuación do Plan e cuantificarse o seu custo no estudo económico.

Revisáronse os servizos urbanísticos de todo o municipio.

c-3) Clasificación do solo.

- Clasificación do Solo Urbano:

Á vista da documentación achegada, non reúnen as características esixidas no artigo 11 da LOUG para ser clasificados como Solo Urbano, os seguintes:

- O ámbito do Plan Parcial "Parque Empresarial Area 33" xa que non foron executadas totalmente as obras de urbanización e as zonas verdes previstas, polo que deberá clasificarse como urbanizable en tanto non se realicen as devanditas actuacións.

Procedeuse a executar as cesións e polo tanto mantense o solo como urbano

No núcleo urbano de Silleda:

- Terreos ás beiras da rúa da Estación que carecen de servizos urbanísticos e nos que non queda acreditado que a consolidación edificatoria sexa a suficiente (2/3 dos espazos aptos para seren edificadas).
- Terreos cualificados con ordenanza O-2 situados nas traseiras do quinteiro delimitado pola rúa da Estación e rúa II, lindeiros co vial que separa dito quinteiro e o SUD-R5.
- Ámbito ocupado pola área de reparto D1-AR-2.
- Novo vial de 8 m de largo situado nas traseiras dun quinteiro con ordenanza O-2 de 23 m de fondo que dá fronte á estrada N-525.
- Terreos cualificados con ordenanza O-2 ao oeste da área de reparto D1-AR-4, a ambas marxes do vial.
- Terreos cualificados con ordenanza O-4 ao sur do sector SUD-R3 non lindeiros coa avenida do Parque.
- Terreos cualificados con ordenanza O-3 que carecen de servizos e consolidación edificatoria situados ao norte da estrada N-525.

- Terreos sen servizos urbanísticos e sen consolidación edificatoria situados a ambas marxes da rúa Entre Mesóns e da prolongación da rúa Emilio Alonso Paz.
- Ámbito da área de reparto D1-AR-7 e zona cualificada con ordenanza O-5 ao norte da mesma.

Actualizáronse os planos de servizos urbanísticos, incluíronse as novas licencias e revisáronse as zonas mencionadas.

No Núcleo urbano da Bandeira:

- Terreos a carón da estrada N-525 no extremo leste do núcleo que carecen de servizos urbanísticos e consolidación edificatoria suficiente.
- Terreos cualificados con ordenanza O-3 lindeiros co calexón do Cego.

Actualizáronse os planos de servizos urbanísticos, incluíronse as novas licencias e revisáronse as zonas mencionadas.

- Clasificación do Solo de Núcleo Rural:

De acordo coa información achegada no Estudo do Medio Rural e análise do modelo de asentamento poboacional, nos núcleos de Medelo (Manduas), Santifoga (Piñeiro), Aldea Grande, A Cañoteira, Carracido, Caxeaba (Saídres) e Casas do Monte (Silleda) non existe ningunha vivenda tradicional, polo que non concorren as circunstancias do artigo 13 da LOUG.

A ficha do núcleo do Foxo (Silleda) nese documento non recolle unha ampla parte do núcleo, polo que non é posible comprobar a súa delimitación nos termos do artigo 13.

As áreas de expansión de diversos Núcleos non se axustan ao disposto no artigo 13 da LOUG, por afectar a terreos que, conforme ao establecido polo artigo 32.2 da citada lei, deben ser clasificados como solo rústico de especial protección:

- Como o plan non achega ningunha xustificación sobre a que fundamentar a exclusión á que fai referencia o segundo parágrafo do artigo 32.2 a) da LOUG, deben clasificarse como solo rústico de protección agropecuaria os terreos non edificados situados nas áreas de expansión dos núcleos rurais de Ansemil (Ansemil), Breixiña (Breixa), Alfonsiños (Cervaña), Rendo, Vilar (Cira), Barral, Camporrapado (Cortegada), Arcos (Graba), Gorís – A Goleta, O Souto, Vilariño (Lamela), San Fiz (Margaride), Parabela de Abaixo-A Moa (Martixe), Castro Castriño, O Campo – Santifoga, (Piñeiro) e Trasdovalo – Taboada Vella (Taboada) xa que, de conformidade co polo propio Plan, reúnen alta produtividade agrícola ou gandeira, atópanse actualmente en labor e contan con aptitudes para a súa produción agrícola, ou foron obxecto de concentración parcelaria.
- Parte das áreas de expansión dos núcleos rurais de Souto (Lamela) e O Campo (Negreiros) sitúanse sobre terreos que forman parte de masas arboradas de entidade que semellan merecedoras de protección conforme ao artigo 32.2 b) da LOUG, a falla de fundamentar a exclusión á que fai referencia o terceiro parágrafo.

- Deben clasificarse como solo rústico de protección de infraestructuras, en cumprimento do artigo 32.2.c) da LOUG, os terreos das áreas de expansión dos núcleos rurais incluídos dentro da liña límite da edificación da estrada PO-534 en A Calzada (Refoxos) e Freixeiro – O Pereiro (Laro), e da estrada PO-204 en San Tirso – A Moa (Manduas).

Ademais, e a fin de garantir a axeitada protección das beiras destas estradas, a área de expansión do núcleo de San Tirso – A Moa (Manduas) non poderá abranguer terreos que teñan como único acceso por vía pública a propia estrada.

Revisouse e redelimitáronse os núcleos rurais de acordo coa nova lei.

- Clasificación do Solo Urbanizable:

Para os efectos de comprobar o cumprimento dos artigos 4.e), 52.2 e 52.3 da LOUG, analizáronse as previsións de crecemento que realiza o PXOM e a súa relación coa capacidade residencial da ordenación prevista.

- O Plan fai unha estimación da necesidade de vivendas baseándose nos datos de licenzas dos últimos anos, un período curto de alta produción inmobiliaria, facendo extrapolación e reducida á metade; desbotando outras cuantificacións máis axeitadas que poñen en relación a necesidade de vivendas co crecemento poboacional previsto.
- Non semella razoable a hipótese de traballo de que a elevada porcentaxe de vivendas baleiras deste concello (22% do total) que, segundo a Memoria do Plan, aumentou notablemente nos últimos anos, continúe incrementándose.
- Por outra banda, o Plan realiza unhas previsións de crecemento poboacional para os anos 2018 e 2026 diferenciando os núcleos de Silleda, A Bandeira e o medio rural, baseándose na dinámica poboacional dos últimos anos, analizando o crecemento de tres períodos (1996-2001, 2001-2006 e 1996-2006) e realizando tres extrapolacións en función das taxas de crecemento obtidas. Agás no medio rural, cuxo crecemento é regresivo en todas as proxeccións, o Plan parte das previsións máis optimistas.
- En todo caso, e segundo os datos do INE do ano 2008, os núcleos de Silleda e A Bandeira tiñan unha poboación de 2.496 e 714 habitantes, respectivamente. As previsións do Plan para o ano 2026 suporían un incremento de 1.417 habitantes para Silleda e 816 para A Bandeira. Sen embargo, a ordenación proposta polo PXOM podería acoller 3.143 novas vivendas en Silleda e 1.897 na Bandeira, cuestión que cómpre xustificar cara á delimitación dos ámbitos de solo urbanizable residencial.

Analizouse o crecemento poboacional e habitacional segundo as Directrices de ordenación do territorio e reduxose o incremento de vivendas no ano horizonte.

Asemade, diversos ámbitos de solo urbanizable invaden zonas a clasificar como Solo Rústico de Especial Protección de conformidade co artigo 32.2 da LOUG:

- Parte dos terreos delimitados nos S.U.D.-R1 e S.U.D.-I1 teñen características de solo rústico de protección agropecuaria, conforme co establecido no artigo 32.2 a) da LOUG, agás que o Plan incorpore a xustificación á que fai referencia o segundo parágrafo do citado artigo.

Elimináronse os urbanizables mencionados.

- Parte dos terreos dos solos urbanizables S.U.D.-R4, S.U.D.-I1 e S.U.D.-T1 constitúen masas arboradas que semellan merecedoras de protección forestal por cumprir funcións ecolóxicas, paisaxísticas e de protección do solo, nos termos do artigo 32.2.b) da LOUG, agás que o plan incorpore a xustificación á que fai referencia o terceiro parágrafo do citado artigo.

Recortouse o sud r4, eliminouse o sud i1 e o sud t1

- Deben clasificarse como solo rústico de protección de infraestructuras, en cumprimento do artigo 32.2.c) da LOUG, os terreos incluídos dentro da liña límite de edificación do enlace entre a autoestrada AP-53 e a estrada N-525 no ámbito de solo urbanizable S.U.D.-R1 e da estrada PO-205 (treito variante de Silleda) no ámbito do S.U.D.-T1, así como os terreos afectados por unha liña de alta tensión que atravesa o sector de solo urbanizable S.U.D.-I3.

Correxiuse o mencionado no apartado anterior.

Carece de xustificación o emprazamento dos sectores S.U.D.-R1 e S.U.D.-I3 a ambos lados dunha estrada de titularidade supramunicipal.

Elimináronse os urbanizables.

No S.U.D.I2 inclúese un terreo de reducida dimensión separada do ámbito principal por un río, a súa zona de protección e mesmo outra franxa de solo rústico, de xeito que a única relación co ámbito principal se establece mediante unha estrada estatal, o cal carece de xustificación.

Redelimitase o urbanizable industrial.

A delimitación do S.U.D.-R2 semella obedecer unicamente ao trazado do novo vial SN-V1, o cal á súa vez superponse sobre o terreo dun xeito artificial sen ter en conta as dificultades topográficas e que poden inviabilizar a actuación.

Elimínase o vial e recortase o urbanizable

- Clasificación do Solo Rústico

En aplicación do artigo 32.3 da LOUG, os terreos incluídos na delimitación dalgún espazo natural que simultaneamente sexan xacementos arqueolóxicos ou estean situados dentro da liña límite de edificación dalgunha estrada de titularidade supramunicipal ou na zona de protección dalgunha liña de alta tensión ou dun parque eólico, as categorías de solo rústico deben superpoñerse.

Deben clasificarse como solo rústico de protección de espazos naturais a totalidade dos ámbitos LIC Brañas do Xestoso, LIC Sistema Fluvial Ulla-Deza e LIC Serra do Candán (declarados como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais polo Decreto 72/2004, do 2 de abril, DOG 12/04/2004).

En aplicación do artigo 32.1.c) da LOUG, deben clasificarse como solo rústico de protección de infraestructuras os terreos afectados pola liña de alta tensión de 400 kV Cartelle-Mesón do Vento; e as estradas de titularidade supramunicipal e as súas zonas de afección non susceptibles de transformación: terreos incluídos na liña límite de edificación do enlace previsto entre a autoestrada AP-53 e a estrada N-525, pertencente á rede xeral de interese do Estado, así como axustar a súa dimensión

na estrada PO-534 (pertencente á rede primaria básica autonómica, polo que a súa liña límite de edificación se sitúa a 12m) e na estrada PO-205 no treito da variante de Silleda, xa que esta distancia debe medirse desde a aresta exterior da explanación, como de feito sinala o informe da Dirección Xeral de Infraestruturas desta Consellería de data 10/06/2009; e incluír a glorieta executada na intersección coa EP-6507.

O Plan Xeral debe recoller as determinacións contidas no Proxecto Sectorial de Aproveitamento Hidroeléctrico do río Deza (A.D. 28/07/2005), clasificando os terreos como solo rústico de protección de infraestruturas prexuízo das maiores proteccións.

Sen prexuízo das limitacións da cartografía sobre a cal está realizada a delimitación de espazos protexidos das Normas Subsidiarias de Planeamento Provinciais de 1991, semella que o Plan non clasifica como solo rústico de espazos naturais a totalidade.

Recóllense as indicacións antes mencionadas.

Por mor da metodoloxía de debuxo empregada, nos planos de ordenación do termo municipal non queda clara a categoría de solo rústico que corresponde nas zonas verdes e espazos libres públicos fóra do solo urbano e dos núcleos rurais (en particular o espazo libre 27-DE-CF1) consonte ao artigo 53 da LOUG.

Os equipamentos e espazos libres situados en solo rustico estan clasificados como proteccion ordinaria.

Cómpre xustificar a clasifica como solo rústico de protección ordinaria terreos exteriores á zona dedicada a actividades extractivas na parroquia de Cira.

Son terreos pertencentes á actividades extractivas

De conformidade cos artigos 32.2.d) e 32.2.f) da LOUG, o Plan debe delimitar inequivocamente os terreos ocupados por todos os humedais incluídos no Inventario de Humedais de Galicia (relacionados no Documento de Referencia para a AAE) e xustificar axeitadamente a categoría de solo rústico proposta para cada un deles, cando menos será a de solo rústico de protección das augas. Os humedais identificados no PXOM están delimitados mediante un círculo que non se axusta ás características naturais e topográficas do terreo.

Recóllense todos os humedais inventariados

c-4) Determinacións no Solo Urbano

O Plan inclúe dentro da categoría de Solo Urbano Consolidado ámbitos que precisan completar as redes de servizos urbanísticos, nos que se pretenden obter Zonas Verdes, realizar viarios de nova apertura ou transformar en rúas camiños rurais existentes. Estas actuacións requiren un proceso completo de urbanización e de equidistribución polo que de conformidade co artigo 12.b) da LOUG, deberán incluírse na categoría de Solo Urbano Non Consolidado os seguintes ámbitos:

En Silleda:

- Quinteiro situado entre o recinto feiral e as áreas de reparto D1-AR-6 e D1-AR-7.
- Zona con urbanización manifestamente deficiente situada ao sur do SUD-R5.

- Parte traseira do quinteiro ao leste da área de reparto D1-AR-4, lindeira con esta.

Correxíronse os puntos mencionados

En Bandeira:

- Terreos situados nas beiras do calexón Agro do Valo e a súa prolongación prevista.
- Terreos situados nas beiras da rúa do Deporte, non incluídos na delimitación de solo urbano do vixente P.X.O.U.

Correxíronse os puntos mencionados

Doutra banda, existen varios ámbitos en solo urbano consolidado do Núcleo de Silleda nos que se prevé a apertura de novos vias pero polas súas características semella inviable un proceso de distribución equitativa de beneficios e cargas. O Plan deberá establecer o modo de obtención dos terreos de conformidade cos artigos 166.1 e 167.1 da LOUG, ou incluílos nos ámbitos de xestión correspondentes:

- Entronques do S.U.D.-R3 coa rúa María Colmeiro e mais coa rúa E.
- Prolongación, sen servizos, da rúa Pontevedra que dá acceso ao S.U.D.-R2.
- Entronques do D1-AR-1 coa avenida do Recinto Feiral e a rúa Outeiro.

Redelimitáronse algunhas das áreas de reparto e os entronques son existentes.

Os terreos cualificados con Ordenanza O-3 de Edificación Residencial en Bloque Exento de altura máxima B+3, situados ao zona sureste do núcleo da Bandeira, constitúen ámbitos nos que a maior parte das edificacións existentes son vivendas unifamiliares; cumprindo xustificar o axuste ao disposto nos artigos 46.1 e 104 da LOUG.

Asemade e tendo como obxectivo a configuración dunha transición entre as zonas densas de edificación pechada e as de vivenda unifamiliar, carece de xustificación que a altura máxima sexa de catro plantas, especialmente no núcleo da Bandeira, onde a maior parte dos ámbitos lindeiros de edificación pechada teñen tres plantas.

Inclúese en solo urbanizable e non consolidado

No plano de ordenación do núcleo de Silleda detéctanse varios quinteiros nos que se permite a prolongación das plantas baixas cando non existe patio de quinteiro, nalgún caso mesmo cara o solo rústico, o que non se axusta aos artigos 46.1 e 104 da LOUG e entra en contradición co artigo 162.1.f) da normativa do propio Plan.

Os urbanizables terán que pechar os quinteiros.

A ordenanza O-1 de Barrio Orixinario obriga a utilizar como material de cubrición a lousa cando a tipoloxía propia da zona é a cuberta de tella cerámica, cuestión que cómpre clarear axeitadamente.

Correxíuse o material de cubrición.

Debe completarse a ficha da área de reparto D1-AR-3, especificando a titularidade do aparcamento e as condicións de edificación aplicable, en función da edificabilidade que tamén se deberá determinar, xa que os planos de ordenación remiten a unha Ordenanza O-10 Aparcamientos non recollida no tomo de Normativa.

Elimínouse por consolidación dos bordes da manzana.

Conforme ao sinalado no informe de data 10/06/2009 da Dirección Xeral de Infraestruturas desta Consellería en materia de estradas autonómicas, deben respectarse canto menos as aliñacións fixadas polo vixente PXOU nos tramos urbanos das estradas autonómicas, concretamente no núcleo urbano da Bandeira.

Correxíronse as aliñacións según o informe de infraestruturas.

Obsérvase que existe un erro na fixación do aproveitamento tipo das áreas de reparto en Solo Urbano Non Consolidado, xa que non se excluíron do cálculo as dotacións públicas existentes que o Plan mantén (artigo 113 da LOUG).

Recalcúláronse de novo todas as áreas de reparto.

En relación co establecido nos artigos 46.1 e 104 da LOUG, e coa finalidade de evitar a aparición de medianeiras, estudárase polo miúdo o encontro entre a Ordenanza 2 (Edificación Residencial entre Medianeiras) e os ámbitos de xestión, tanto en solo urbano non consolidado como en solo urbanizable delimitado.

Na normativa indícase que ao permitir a ordenanza 2 para rematar os quinteiros.

c-5) Determinacións no Solo de Núcleo Rural

As delimitacións dalgúns núcleos exceden das distancias referidas no artigo 13 da LOUG:

- Superan a distancia da zona tradicional do núcleo (50 metros): Bazar (Abades), Breixiña (Breixa), A Cruz (Chapa), O Curro (Cira), O Portiño (Dornelas), Balántiga, Cumbraos, Senra (Escuadro), Barravaite (Lamela), Galán (Laro), Cabana (Moalde), Castramonde, Cuiña, O Campo (Piñeiro), Transfontao (Ponte), Xastres (Refoxo), Maragouzos (Saídres), Siador (Siador) e Reboredo (Taboada) .

- Superan a dimensión máxima da área de expansión (200 metros): Ansemil (Ansemil), O Curro, Vilar (Cira), Dornelas (Dornelas) e Forcas (Laro).

Calculáronse as consolidacións dos núcleos rurais en base a nova lei

c-6) Determinacións no Solo Urbanizable.

Sen prexuízo do indicado sobre a clasificación do sector SUD-R1, cómpre sinalar que a edificabilidade prevista supera o límite de sostibilidade aplicable de 0,30 m²/m² conforme ao artigo 46 da LOUG por tratarse dun sector non contiguo ao solo urbano.

Elimínouse os sud-r1

De acordo co documento de referencia para a AAE de data 03/01/2008, debe condicionarse o desenvolvemento dos sectores de solo urbanizable de uso industrial á resolución dos problemas de saneamento do actual Polígono.

Nas fichas dos sectores S.U.D.-R6 e S.U.D.-R7 os datos de edificabilidade correspondente ás diferentes tipoloxías non son coherentes cos datos de edificabilidade total, nin coincide cos que se dan na memoria no cálculo da capacidade residencial, e de superficie computable en relación á superficie total e as dotacións públicas existentes.

De conformidade co artigo 57.1 d) da LOUG, o Plan debe completar o estudo sobre o estado e a capacidade das redes de servizos existentes, prevendo as medidas de reforzamento ou ampliación que resulten necesarios para o desenvolvemento dos ámbitos de solo urbanizable, posto que apenas se contempla o SUD-I2 (ampliación do polígono industrial existente) cando xa na actualidade son relevantes os problemas no saneamento.

Sen prexuízo do indicado sobre a clasificación destes ámbitos, nas fichas dos sectores SUD-R4 e SUD-T1 deben incorporarse as condicións sinaladas no informe do 10/06/2009 da Dirección Xeral de Infraestruturas en materia de estradas autonómicas.

Correxíronse os datos relacionados cos urbanizables mencionados tendo en conta que algúns deles foron eliminados.

c-7) Normativa.

Tendo en conta as características da arquitectura tradicional das vilas como Silleda e A Bandeira, cómpre corrixir o artigo 157 da normativa de forma que os corpos voados pechados deberán ser sempre acristalados, cos criterios expresados nos artigos 46.1 e 104 da LOUG e ao Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.

Debe adecuarse o contido do artigo 340.4 da normativa ao artigo 42.1.c) da LOUG, non permitindo máis altura en solo rústico de protección paisaxística que 3,5m.

Debe adaptarse o contido dos artigos 58.3.a), 353 e 358 da Normativa á regulación da LOUG modificada pola lei 3/2008, de Ordenación da Minería de Galicia.

De conformidade co informe da Dirección Xeral de Infraestruturas de data 10/06/2009 na Normativa farase constar que os peches diáfanos a distancias inferiores á liña límite de edificación só serán autorizados por aproveitamento agrícola ou gandeiro.

Correxíronse as notas mencionadas.

c-8) Estratexia de actuación e estudo económico:

De conformidade co art. 60.3 da LOUG, o Plan debe conter unha avaliación do custo de execución de todas as actuacións previstas, incluíndo os equipamentos deportivos de sistema xeral previstos na Bandeira e en Silleda (16-SN-D1 e 30-SN-D1) e a ampliación do cemiterio municipal na parroquia de Dornelas (10-SN-CE1), que foron tidos en conta para o cómputo de reservas esixidas no artigo 47.1 da LOUG.

Igualmente, débense incluír na estratexia de actuación e no estudo económico a estación depuradora de augas residuais prevista no núcleo da Bandeira e a zona verde de sistema xeral prevista na Bandeira (16-SN-AJ1), con indicación do carácter público ou privado da iniciativa de financiamento.

A orde de prioridades establecida na estratexia de actuación para a realización de actuacións urbanísticas preferentes non garda relación coa programación prevista para os diversos solos urbanizables aos que se lles adscriben parte destas actuacións.

Actualizouse o económico financeiro e a estratexia de actuación.

c-9) Cuestións de índole documental:

Tódolos documentos integrantes do Plan presentarase en idioma galego, sen prexuízo da existencia ademais dunha tradución ao castelán (Art. 7 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia).

Non se achegan planos de información que recollan os terreos sometidos a concentración parcelaria, as superficies forestais afectadas por incendios nin os montes veciñais en man común, que xustifiquen o cumprimento do art. 32 da LOUG.

Deben identificarse nos planos de ordenación as estacións de captación e tratamento de auga potable e as estacións depuradoras de augas residuais existentes que se recollen nos planos de información, coa súa clasificación e cualificación.

No plano de ordenación a escala 1/2000 do núcleo do Barral (Cortegada) aparecen parcelas cualificadas como núcleo rural tradicional que nos planos de clasificación do solo a escala 1/5000 se cualifican como área de expansión.

Tiveronse en conta as cuestións mencionadas.

Obsérvanse deficiencias na análise do modelo de asentamento poboacional:

-As fichas dos núcleos rurais deben expresar o grao de consolidación dos mesmos, segundo o artigo 61.3 en relación co artigo 13.3 da LOUG.

Na memoria xustifícase o grao de consolidación dos núcleos nunha tabla.

-Nalgúns núcleos a foto e o plano da ficha non acolle a totalidade do núcleo delimitado: Bazar (Abades), Martixe de Arriba (Ansemil, Bascuas (Dornelas), A Pena (Breixa), A Codeseira (Lamela), Forcas (Laro), Lourás (Manduas), San Fiz (Margaride) e Xestoso (Xestoso). Algunhas fotografías son de baixa calidade, impedindo identificar o núcleo e as vivendas existentes (Reboreda ou Vilar).

Correxíronse estes erros

No artigo 239 da normativa (regulación do sistema de espazos libres e zonas verdes no solo urbano) consta unha porcentaxe máxima do 20% de superficie ocupada por edificacións e instalacións, o cal resulta excesivo.

Corrixíuse no artigo 115.1 c) da normativa permitíndose un 5%.

Erros: Os artigos 243, 244, 245 e 246 da normativa repiten os artigos 239, 240, 241 e 242. Deberá eliminarse a referencia ao solo urbanizable non delimitado da normativa, (SUND-R1, SUND-I1 e SUND-T1 dado que o PXOM non inclúe esta categoría de solo. Corrixírase a descrición dos sistemas xerais viarios previstos tanto na memoria como na estratexia de actuación, xa que dos planos de ordenación se deduce que o SN-V1 correspóndese co vial que establece as relacións da zona sur de Silleda co núcleo rural do Foxo pola zona oeste; o SN-V2 o vial que estrutura o crecemento da zona este da área urbana; e o SN-V3 o vial que conecta o centro urbano da Bandeira cos sistemas xerais existentes no sur.

Correxíronse os erros anteriores.

3.3 INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DE INFRAESTRUTURAS. CMATI 2009

Con data de 19 de xuño de 2009 remítese informe relativo ao Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda por parte da Dirección Xeral de Infraestruturas.

O informe emítese ao amparo do indicado nos artigos 85 e 86 da Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola lei 15/2004, así como no artigo 15 e concordantes da Lei 4/1994, de 14 de setembro, de estradas de Galicia, e demais lexislación relacionada.

a) Cualificación das estradas:

Diferenciaranse as diferentes categorías de estradas autonómicas nos planos de clasificación.

No apartado 2.3.1.1 clasificaranse as estradas autonómicas segundo o expresado no Informe da Dirección Xeral de Infraestruturas ao Proxecto de Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda.

Farase constar na normativa que os peches diáfanos a distancias inferiores á liña límite de edificación só serán autorizados por circunstancias de aproveitamento agrícola ou gandeiro, o que se reflicte no artigo 253.

Recolléronse os cambios anteriores no documento.

b) Clasificación do solo rústico

Fora do ámbito do solo urbano e dos núcleos rurais tradicionais, e independentemente da súa cualificación como sistema xeral, as estradas autonómicas deben clasificarse como solo rústico de protección de infraestruturas canto menos ata a liña límite de edificación definida na lexislación vixente de estradas (ata a resta exterior da explanación).

Esta clasificación non se cumpre na estrada PO-534, na cal ademais se clasifica como solo rústico de protección de infraestruturas a traza vella da estrada recentemente renovada. Terase en conta a aresta exterior da explanación.

Na estrada PO-205, a clasificación do solo rústico medírase desde a aresta exterior da explanación ou, como mínimo, do dominio público que incorporan os planos, No tramo desta estrada e o recinto feiral e a estrada N525, a plataforma ten un ancho mínimo de 20, non podendo polo tanto ter o solo rústico de protección de infraestruturas un ancho inferior a 40 m.

Na estrada PO-211 representárase a glorieta executada na intersección coa estrada EP-6507, así como clasificar como solo rústico de protección de infraestruturas o eido necesario.

Os cambios anteriores foron recollidos no documento.

c) Clasificación do solo urbano

Nos solos urbanos de Bandeira e Silleda deberanse respectar canto menos as aliñacións fixadas polas vixentes Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal nos tramos urbanos das estradas autonómicas.

Os cambios anteriores foron recollidos no documento.

d) Clasificación do solo urbanizable

Na ficha de desenvolvemento do sector SUD-T1 ha de impoñerse a imposibilidade de prever novos enlaces coa estrada PO-205, debendo realizarse estes a través do vial que circunda o recinto ferrial.

Elimínouse os sud-t1

Na ficha de desenvolvemento do SUD-R4 haberá de impoñerse a obrigatoriedade de realización dun único enlace coa estrada autonómica.

Recolléronse os cambios anteriores no documento.

Visto o que antecede, e analizada a magnitude das correccións, o documento presentado foi informado como favorable, aínda que previa á aprobación provisional deberá remitirse a documentación modificada á Dirección Xeral de Planeamento.

3.4 INFORME DE ADIF (ADMINISTRADOR DE INFRAESTRUTURAS FERROVIARIAS) 2009

Con data 6 de febreiro de 2009 emítese informe da Xefatura de patrimonio e urbanismo de Galicia, no que se informa o seguinte:

De acordo co artigo 5 da Lei do Sector Ferroviario corresponde ao Ministerio de Fomento a planificación das infraestruturas ferroviarias integrantes da Rede Ferroviaria de Interese Xeral, polo que é dito Ministerio o que ten que emitir o preceptivo informe sobre posibles variacións na liña ferroviaria existente.

No que se refire á aplicación da lexislación sectorial ferroviaria no planeamento urbanístico, ADIF, dentro das súas competencias como administrador da infraestrutura ferroviaria, informa o seguinte:

- O Plan Xeral no apartado 5.5.6.5 Ferrocarril, da Memoria Xustificativa, fai mención á LOTT e as zonas colindantes co ferrocarril, deberá modificarse facendo mención á Lei 39/2003 do Sector Ferroviario e o seu Regulamento tal e como se recolle no capítulo IV.- Sistema Xeral Ferroviario das Normas Urbanísticas Xerais do mencionado Plan Xeral.
- O Plan Xeral inclúe no Catálogo diversos elementos ferroviarios (os edificios de viaxeiros das estacións de A Ponte Taboada e Silleda e unha ponte). Estas instalacións ferroviarias, que teñen diferentes niveis de protección, son necesarias para a prestación do servizo público ferroviario, polo que, a súa inclusión no catálogo ten que ser compatible coa posibilidade de proporcionar dito servizo.
- O recinto da estación de Ponte Taboada debería de estar coa trama de Zona ferroviaria como recolle o Plan nos recintos ferroviarios de Bandeira e Silleda.
- O vial de acceso á estación de Silleda dende a AP-53 é de titularidade de ADIF. Así mesmo, o vial que accede á estación de Bandeira dende a N-525 pertence a ADIF.

- Os proxectos construtivos das edificacións contidas no ámbito do Plan, susceptibles de seren afectadas pola súa proximidade ao ferrocarril, incluírán unha separata que estude o impacto por ruído e vibracións inducidos polo ferrocarril e as medidas adoptadas no seu caso, para que os niveis de ruído e vibracións estean dentro dos niveis admisibles pola normativa sectorial vixente.

Recolléronse as cuestións anteriormente mencionadas.

Polo anteriormente exposto, emitiuse informe favorable aos efectos de que o expediente poida seguir a súa tramitación.

3.5 INFORME DA DG DE AVIACION CIVIL. MINISTERIO DE FOMENTO 2009

Con data 12 de maio de 2009 ten entrada no Departamento da Dirección Xeral de Aviación Civil a resposta por parte do Concello de Silleda á solicitude de planeamento vixente do municipio formulada por esta Dirección para comprobar a correcta inclusión en dito planeamento das Servidumes Aeronáuticas do Aeroporto de Santiago de Compostela.

Con data 4 de xuño de 2009 a Dirección Xeral de Aviación Civil recibe a solicitude do Concello de Silleda para se emita informe preceptivo sobre o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda.

No que a afeccións portuarias se refire, a Dirección Xeral informa do seguinte:

a) Remisión dos proxectos urbanísticos e carácter do informe:

Conforme ao que establece a Disposición Adicional Segunda do Real Decreto 2591/1998, a remisión ao Ministerio de Fomento dos instrumentos que afecten á Zona de Servizo dos Aeroportos de Interese Xeral o aos seus Espazos circundantes suxeitos ás Servidumes Aeronáuticas establecidas ou a establecer, debe realizarse antes da Aprobación Inicial.

O carácter do Informe non se trata de alegacións emitidas durante a fase de información pública, senon que posúe carácter perceptivo e vinculante, non puidéndose aprobar definitivamente os plans que non acepten as observacións formuladas polo Ministerio de Fomento, no que afecte ás competencias exclusivas do Estado.

A obriga de que sexan informados os plans territoriais e urbanísticos que afecten á Zona de Servizo Aeroportuaria oi aos seus espazos circundantes suxeitos a Servidumes Aeronáuticas establecidas ou a establecer para preservar as competencias estatais en materia aeroportuaria así como o seu carácter vinculante están amparados plenamente na sentenza do Tribunal OCnstitucional 46/2007, de 1 de marzo de 2007.

b) Normativa sectorial

O Plan de Ordenación Municipal do Concello de Silleda deberá incluír mención á normativa sectorial aplicable. En particular:

Lei 48/60, de 21 de xullo (B.O.E. nº 176, de 23 de xullo) sobre Navegación Aérea, modificada pola Lei 55/99 sobre Medidas Fiscais, Administrativas e de Orde Social, de 29 de decembro (B.O.E., nº 312, de 30 de decembro).

Lei 20/2003, de 7 de xullo, de Seguridade Aérea (B.O.E. nº 12, de 8 de xullo).

Disposicións Adicional Terceira e Transitoria Terceira da Lei 37/2003 de Ruído, de 17 de novembro (B.O.E. nº 276, de 18 de novembro).

Artigo 166 da Lei 13/1996, de 30 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e de Orde Social (B.O.E. nº 315, de 31 de decembro).

Decreto 584/72, de 24 de febreiro (B.O.E. nº 69, de 21 de marzo) de Servidumes Aeronáuticas, modificado polo Decreto 2490/7, de 9 de agosto (B.O.E. nº 218, de 11 de setembro) e por Real Decreto 1541/2003, de 5 de decembro (B.O.E. nº 303, de 19 de decembro).

Real Decreto 2591/1998, de 4 de decembro, de Ordenación dos Aeroportos de Interese Xeral e a súa Zona de Servizo (B.O.E. nº 292, de 7 de decembro).

Real Decreto 799/1991, de 31 de Xullo, polo que se modifican as servidumes aeronáuticas do Aeroporto de Santiago de Compostela (B.O.E. nº 122, de 22 de maio).

Orde FOM/926/2005, de 21 de marzo (B.O.E. nº 88, de 13 de abril), opla que se regula a revisión das pegadas de ruído dos aeroportos de interese xeral.

Orde do Ministerio de Fomento de 19 de novembro de 1999 (B.O.E. nº 300, de 16 de decembro) é aprobado o Plan Director do Aeroporto de Santiago.

c) Servidumes Aeronáuticas

c-1) Normativa Aplicable e Criterios de Referencia

Servidumes Aeronáuticas establecidas conforme á Lei 48/60, de 21 de xullo (B.O.E. nº 176, de 23 de xullo) sobre Navegación Aérea, e Decreto 584/72, de 24 de febreiro (B.O.E. nº 69, de 21 de marzo) de Servidumes Aeronáuticas, modificado por Decreto 2490/74, de 9 de agosto (B.O.E. nº 218, de 11 de setembro) e por Real Decreto 1541/2003, de 5 de decembro (B.O.E. nº 303, de 19 de decembro).

Real Decreto 799/1991, de 31 de xullo, polo que se modifican as servidumes Aeronáuticas do Aeroporto de Santiago de Compostela (B.O.E. nº 122, de 22 de maio).

Proposta de Servidumes Aeronáuticas contidas no Plan Director do Aeroporto de Santiago aprobado por Orde do Ministerio de Fomento de 5 de setembro de 2001 (B.O.E. nº 220, de 13 de setembro), definidas en base ao Decreto de Servidumes Aeronáuticas e os criterios vixentes da Organización de Aviación Civil Internacional (O.A.C.I.).

c-2) Afeccións sobre o territorio

Parte do termo municipal de Silleda etópase incluído nas Zonas de Servidumes Aeronáuticas Legais correspondentes ao Aeroporte de Santiago. No plano adxunto ao informe representábanse as liñas de nivel das superficies limitadoras das Servidumes Aeronáuticas do Aeroporto de Santiago que non afectan a dito eido, as cales determinan as alturas (respecto ao nivel do mar) que non debe sobrepasar ningunha construción (incluídos tódolos seus elementos como antenas, pararraios, chemineas, equipos de aire acondicionado, caixas de ascensores, carteis, remates decorativos, etc.), modificacións do terreo ou obxecto fixo (postes, antenas, carteis, etc.), así como o gálibo dos vehículos.

O Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda deberá incorporar entre os seus Planos normativos, os Planos das Servidumes Aeronáuticas do Aeroporto de Santiago de Compostela, debendo deixar constancia expresa do parágrafo anterior na normativa da súa documentación.

En particular, o eido de estudo atópase situado nunha zona especialmente sensible para a operación do aeroporto como é a prolongación do eixo da pista, véndose principalmente afectado pola Superficie de Aproximación, Superficie de Subida en Despegue, Superficie de Aproximación Intermedia da manobra VOR 35, Superficie de Aproximación Final da manobra VOR 35, Superficie de Aproximación Final da manobra ILS 35 e Superficie correspondente aos sistemas visuais indicadores de pendente de aproximación VASIS da cabeceira 35.

Con carácter xeral, informouse desfavorablemente a estes efectos e conforme á documentación recibida, a reclasificación ou, no seu caso, a recalificación que aumente as alturas daquelas zonas en que o terreo vulnere ou se atope próximo ás cotas das Superficies de Operación das Aeronaves, ou ben a altura de construcións, postes, antenas, carteis, etc., vulnere ditas superficies.

Tendo en conta as cotas do terreo sobre o nivel do mar, segundo a cartografía disponible, a altura das construcións propostas no Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda e a cota das servidumes aeronáuticas, estímase que se pode producir a vulneración das servidumes aeronáuticas polas construcións propostas, entre outros eidos, en:

- Solo Rústico de Protección Agropecuaria no entorno de "TIXOA"
- Solo Rústico de Protección de Infraestruturas e Solo Rústico de Protección de Espazos Naturais no entorno de "BRAÑAS DO XESTOSO".

Segundo o artigo 10 do Decreto 584/72, de Servidumes Aeronáuticas, o planeamento deberá indicar que as instalacións previstas neste Plan Xeral non emiten fume, polvo, néboa ou calquera outro fenómeno en niveis que constitúan un risco para as aeronaves que operan no Aeroporto de Santiago de Compostela incluídas as instalacións que poidan supor un refuxio de aves en réxime de liberdade. Por outro lado, débense ter en conta as posibles reflexións da luz solar nos tellados e cubertas, así como fontes de luz artificial que puidieran molestar ás tripulacións das aeronaves e poñer en perigo a seguridade das operacións aeronáuticas.

As infraestruturas viarias deberán ter en conta as servidumes aeronáuticas, evitando que a sinalización, postes, carteis, etc., ou o gálibo dos vehículos invadan ditas superficies, que poderían provocar perturbacións nos sinais radioeléctricos para a navegación aérea.

En consecuencia de todo o anteriormente exposto, a Dirección Xeral de Aviación Civil informa desfavorablemente o Plan de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, no que a servidumes aeronáuticas se refire.

Independentemente das consideracións anteriores, ao atoparse o eido incluído nas Zonas de Servidumes Aeronáuticas Legais, a execución de calquer construción ou estrutura (postes, antenas, aeroxeradores -incluídas as palas-, etc.) e a instalación dos medios necesarios para a súa construción (incluídas as grúas de construción e similares), requerirá resolución favorable conforme aos artigos 29 e 30 do Decreto sobre Servidumes Aeronáuticas, circunstancia que deberá recollerse nos documentos de planeamento.

Recolleranse na normativa e nos planos de información as servidumes aeronáuticas.

4 **TRAMITACIÓN POSTERIOR Á APROBACIÓN DA LMOUG**

4.1 ANTEPROXECTO DE PLANEAMENTO PARA AVALIACIÓN AMBIENTAL 2010

Con data de 4 de outubro de 2010, recíbese na Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental o anteproxecto de planeamento de conformidade co artigo 84.4. da LOUG, para a avaliación ambiental estratéxica do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Silleda.

O anteproxecto do planeamento someteuse a consultas a todos os compoñentes do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e ao mesmo tempo se inseriu na páxina web da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas para que o público en xeral fixera comentarios que puideran axudar na redacción do documento de referencia acerca das variables ambientais que poden ser afectadas e os criterios de sustentabilidade a este Plan. O período de consultas mantívose aberto desde o 08 de outubro de 2010 ata o 07 de novembro de 2010.

Recibiuse resposta de Augas de Galicia, da Subdirección xeral de calidade ambiental (en materia de residuos), da Cámara Oficial Mineira de Galicia, do Grupo socialista municipal e de Minas de Bandeira, S.A.

a) AUGAS DE GALICIA

Identifica a rede fluvial, os leitos máis singulares e os espazos naturais que se poden ver afectados. Amais, solicita que se xustifique a orixe da auga e o volume de incremento previsto, e fai referencia ao mantemento dos obxectivos de calidade da auga e á incidencia da actuación nos réximes de correntes, tendo en conta as determinacións do Plan Hidrolóxico de Galicia Costa.

b) SUBDIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL

informa sobre a normativa de aplicación na xestión dos residuos, os tipos de residuos, as competencias das entidades locais e o réxime económico na xestión dos mesmos, a recollida dos residuos comerciais e a fase de abandono.

c) CÁMARA OFICIAL MINEIRA DE GALICIA

Solicita do planificador que teña en consideración o volume de materias primas necesarias para a execución do PXOM de Silleda, así como o potencial aproveitamento dos recursos xeolóxico-mineiros existentes no Concello, previndo unha ordenación urbanística que permita a apertura de explotacións mineiras destinadas a aquel abastecemento e ao aproveitamento dos devanditos recursos. Tamén se solicita a inclusión e consideración da Lei 3/2008, do 23 de maio, de Ordenación da Minería de Galicia no apartado 4.1.4. do anteproxecto de planeamento.

No referente ao apartado 4.3. do mesmo se indica que debe examinarse a posible afección ao perímetro de protección do Balneario de Baños da Brea, sito no concello limítrofe de Vila de Cruces. Tamén solicita que se consulte o rexistro e se teñan en conta na redacción do PXOM os dereitos mineiros vixentes dentro do termo municipal; xa que, conforme ao disposto no artigo 14.1 da Lei 3/2008, de 23 de maio, de Ordenación da Minería de Galicia, resulta preceptiva a consulta do Rexistro Mineiro da Delegación correspondente.

d) GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Recibíronse dúas alegacións. Na primeira enuméranse unha serie de aspectos que se considera deberían ser tido integrados no anteproxecto de planeamento, como é a depuradora de Bandeira, as traídas de auga

veciñal construídas nos últimos anos, o bosque de Cascaxide, as actuacións realizadas en Copa do Castro e Castro de Toiriz, o roteiro da auga de Parada ou o Muíño de Covián. Tamén se bota en falta a alusión aos conflitos históricos polos lindes territorias cos concellos de Forcarei e A Estrada.

Na segunda, considérase que a supresión das reservas de solo urbanizable de uso industrial en Lamela e nas proximidades da intersección da AP-53 coa N-525 (reservas contempladas na alternativa inicial) vai en contra dos intereses económicos do Concello, ao contar xa estes emprazamentos con naves industriais. Polo que se solicita unha revisión destas zonas.

e) EMPRESA MIBASA (MINAS DE BANDEIRA, S.A.)

Solicita que na elaboración do PXOM se teñan en conta as explotacións mineiras das que a empresa é titular, para o que achega a seguinte documentación:

- Título da C.E. "Monte Fabeira" nº 2.360.

- Título da C.E. "Ampliación a Monte Fabeira" nº 2.368.

- Resolución da D.X. de Industria, Enerxía e Minas do 13 de decembro de 2002, de outorgamento das demasías de explotación "Ampliación a Monte Fabeira" nº 2.368.

- Resolución da D.X. de Industria, Enerxía e Minas do 20 de maio de 2005, de outorgamento das demasías de explotación "Ampliación a Monte Fabeira" nº 2.360.

Deste documento recóllese copia no Anexo I

4.2 2º INFORME PREVIO A APROBACION INICIAL SX DE ORDENACION DO TERRITORIO E URBANISMO 2012

O Concello de Silleda remite o Plan xeral de ordenación municipal solicitando novo informe previo ó aprobación inicial, conforme ao disposto no artigo 8.51 do Lei 9/2002. de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

1. MODELO TERRITORIAL E A ESTRUCTURA XERAL E ORGÁNICA.

En relación ao cumprimento dos artigos 4.e) e 52 da LOUG e da determinación 3.1 das Directrices de ordenación do territorio, e segundo o INE. o Concello de Silleda, contaba con 9175 habitantes no ano 2001 e 9.199 no 2011, cunha clara dinámica de concentración da poboación nos núcleos urbanos de Silleda e A Bodeira e un progresivo despoboamento dos asentamentos rurais.

Ás 6.035 vivendas existentes, engádense 5.728 propostas para o horizonte temporal do ano 2026. A proxección de poboación cifra en 10.018 os habitantes nesa data, resultando un ratio de 1.17 vivendas/habitante que supera a estimación que se pode considerar razoable, non xustificándose a cantidade de reserva de solo urbanizable delimitado de tódolos sectores.

Tal como establece a determinación 3.1.4 das DOT, no parque actual de vivendas deberase analizar estado de conservación. incluíndo as vivendas baleiras e sen uso, e valorar as medidas que haxa que adoptar de substitución, mellora e rehabilitación das edificacións existentes.

Redúcense os solos urbanizables aos necesarios para xustificar a demanda xerada.

Segundo o establecido no artigo 11 do Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, o PXOM recollerá os proxectos sectoriais aprobados, incluíndo no seu caso, a clasificación como solo rústico de protección de infraestruturas e cualificación como sistema xeral de infraestruturas dos terreos sinalados nos mesmos así como as determinacións correspondentes no normativa urbanística.

Incorpóranse os proxectos sectoriais mencionados.

Deberá achegarse xustificación, sobre a suficiencia das infraestruturas de abastecemento, saneamento, e xestión da auga para os novos desenvolvementos urbanísticos de consonte aos criterios recollidos na determinación 4.8 das DOT e nas consultas do Documento de Referencia.

Ao abeiro do art. 12 e o anexo I, do Decreto 402/1996, do 31 de decembro, polo que se regula o aproveitamento de augas mineromedicinais, termais e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia, debe examinarse a posible afección do perímetro de protección do Balneario de Baños de Brea no concello de Vila de Cruces e incluír a súa delimitación, establecendo as determinacións que correspondan na normativa urbanística.

Incorpórase a delimitación do balneario e as determinacións na normativa no artigo 397.

Non se xustifica o cumprimento do previsto no art. 27 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, de Comercio interior de Galicia.

Incorpórase no PXOM a xustificación de dito artigo.

A elección dos emprazamentos para reservas de novas zonas verdes no núcleo urbano debe axustarse aos criterios de localización establecidos no art. 47.3 da LOUG, de xeito que non se localicen en zonas residuais ou marxinais: o sistema xeral de nova creación 16SN.-P1, está situado nunha zona de forte pendente, o que impide na práctica a súa utilización.

Compútanse unicamente aqueles sistemas xerais con unhas condicións topográficas adecuadas.

O equipamento 30-SN-D2 e o sistema xeral 30-SN-P2 figuran incluídos na área de reparto AR-3 e no SUD-R3, e a expropiar polo concello no cadro da estratexia de actuación o que resulta contradictorio. Na ficha deste último sector figura como incluído o sistema 30-SN-P4 que está fóra do ámbito, cuestión a corrixir tamén no cadro da estratexia. Non se localiza no plano o sistema xeral 30-SE-P2.

Corríxese o documento de Estratexia de Actuación e o Estudo Económico, atendendo o contido desta observación.

2. CLASIFICACIÓN E DETERMINACIÓNS DO SOLO.

2.1. CLASIFICACIÓN E DETERMINACIÓNS DO SOLO ÚRANO.

1. Atendendo aos planos de información non se acredita que en Silleda os terreos de ordenanza 0-4 ao sur da rúa Alfonso Paz e leste da rúa Entre Mesóns, fóra da delimitación vixente de solo urbano, con servizos incompletos e sen consolidación, reúnan os requisitos para o súa clasificación como solo urbano, de acordo co disposto no art.11 da LOUG.

Modifícase o documento atendendo o contido desta observación.

2. De conformidade cos art. 128.2 da LOUG e art. 12.2.b e 14.2 do RDL 2/2008, da documentación do PXOM non pode deducirse que esta rematada a urbanización do ámbito do plan parcial Parque Empresarial Área 33. De feito, a delimitación proposta exclúe parte de viario e equipamento pendente de executar, na marxe sur, ao tempo que semella estar incompleta a urbanización das zonas verdes, polo que deberá delimitarse este ámbito como solo urbanizable e estarse ao disposto no apartado d) da disposición transitoria primeira da LOUG. Algunhas das reservas dotacionais que figuran no Plan parcial, non se recollen como tal na proposta do PXOM o que deberá aclararse.

Inclúese como Area de Planeamento Incorporado, asumindo o PXOM, tanto a súa delimitación como as súas determinacións.

3. Segundo os planos de información, existen zonas no solo urbano que non contan con tódolos servizos urbanísticos. sendo necesario completar os actuacións de urbanización, polo que deben preverse as actuacións illadas necesarias para completar os servizos ou de acordo co artigo 12.b) da LOUG, deben ser clasificados como solo urbano non consolidado os terreos:

- Ao oeste do núcleo de Silleda terreos na beira sur da estrada N-525, de ordenanza 0-4 e 0-5 vacantes de edificación e fóra da trama.

Revísanse os planos de información incorporando as redes existentes e clasificando como solo urbano consolidado os terreos que compren os requisitos esixidos polo artigo 12.a) da LOUG.

- Terreos de ordenanza 0-4 ao sur do sector SUD-R3 non lindeiros coa avenida do Parque.

Revísanse os planos de información incorporando as redes existentes e clasificando como solo urbano consolidado os terreos que compren os requisitos esixidos polo artigo 12.a) da LOUG.

- No núcleo de Silleda, terreos lindeiros polo sur co SUR-R-1 de ordenanza 0-2.

Revísanse os planos de información incorporando as redes existentes e clasificando como solo urbano consolidado os terreos que compren os requisitos esixidos polo artigo 12.a) da LOUG.

- En A Bandeira, terreos nas beiras da rúa do Deporte, e ao norte da devandita rúa solos destinados a aparcadoiros.

Revísanse os planos de información incorporando as redes existentes e clasificando como solo urbano consolidado os terreos que compren os requisitos esixidos polo artigo 12.a) da LOUG.

- En A Bandeira, terreos con fronte á colexa do Cego.

Revísanse os planos de información incorporando as redes existentes e clasificando como solo urbano consolidado os terreos que compren os requisitos esixidos polo artigo 12.a) da LOUG.

4. Existen áreas nas que se prevé a apertura de novos viarios ou transformar en rúas os camiños existentes, ou se delimitan terreos que non teñen a condición de soar, nin a poden acadar con obras de escasa entidade realizables simultaneamente coa edificación polo que de acordo co artigo 12.b) da LOUG, deben ser clasificados como solo urbano non consolidado:

- En Silleda, parcelas lindeiras ao leste co ámbito D1-AR-4 con acceso dende este.

Revisanse o documento clasificando como solo urbano consolidado os terreos que compren os requisitos esixidos polo artigo 12.a) da LOUG.

- Entronque do D1AR-1 coa rúa Outeiro e a avd Recinto Ferial.

Modifícase o documento atendendo o contido desta observación.

- En Silleda terreos de ordenanza 0-4 e 0-3 no beira sur da rúa Estación.

Modifícase o documento atendendo o contido desta observación.

- Terreos situados nos beiras da calexa Agro do Valo no núcleo de A Bandeira.

Modifícase o documento atendendo o contido desta observación.

5. De conformidade co art. 12.b) da LOUG, deben clasificarse como solo urbano non consolidado as áreas de recente urbanización xurdida ao marxe do planeamento, como os terreos de ordenanzas 0-2 e 0-4 ao norte da rúa Alfonso Paz, arredor da rúa Entre Mesóns, de novo apertura fóra da delimitación do solo urbano vixente.

Modifícase o documento atendendo o contido desta observación.

6. Existen áreas de solo urbano consolidado nos que se prevé a apertura de novas viarios de acceso a sectores de solos urbanizables, que deberán incluírse na súa delimitación:

- Viarios e parcelas arredor da prolongación da rúa Pontevedra, que do acceso ao SUR-R-2.

- Viarios e parcelas no entronque do SUD_R-3 coa rúa María Colmeiro no núcleo de Silleda.

Modifícase o documento atendendo o contido desta observación.

7. No recinto feiral de Silleda, API-1, achegaranse as referencias detalladas do planeamento

Modifícase o documento atendendo o contido desta observación.

8. Os terreos de Ordenanza 0-3 de edificación residencial en bloque exento de altura máxima B+3, situados na zona sueste de A Bandeira, abranguen parcelas onde a maior parte das edificacións existentes son vivendas unifamiliares, resultando unha ordenación substancialmente diferente da existente en canto a tipoloxía e alturas permitidas, o que deberá xustificarse en relación cos art. 104 e 46.1 da LOUG, 00 tempo que estes ámbitos deben clasificarse como solo urbano non consolidado ao abeiro do art.12 .b) da LOUG.

Modifícase o documento atendendo o contido desta observación.

9. Debe revisarse o coeficiente de ponderación aplicado a tipoloxía de vivenda unifamiliar no cálculo do aproveitamento tipo do D1-AR.-4, erróneo segundo o cadro do apartado 5.6.3 do memoria xustificativa, e incluír esta tipoloxía na ficha da normativa, aclarando a edificabilidade asignada para vivencia libre e no seu caso protexida.

Modifícase o documento atendendo o contido desta observación.

10. Na ordenanza O-1, deben grafarse nos planos de ordenación as alturas máximas tal como establece o art. 282 da normativa; e deberán aclararse as condicións de posición no interior da parcela en cuanto a aliñación interior e recuamentos laterais.

Modifícase a normativa urbanística, atendendo o contido desta observación

11. Deben reflectirse nos planos de ordenación os diferentes grados da normativa para as parcelas de ordenanza 2, especialmente no contacto desta ordenanza cos ámbitos de xestión. en cumprimento dos art. 46.1 e 104 da LOUG, evitando a aparición de medianeiras, identificando os planos interiores de fachada, e resolvendo as conexións da parcelas lindeiras cos ámbitos de solo urbanizable delimitado.

12. O polígono industrial área 33 se clasifica como solo urbano, máis non se achegan planos de ordenación nin de servizos a escala 1/2.000.' A normativa urbanística incorpora unha ordenanza. (0-6) que non aparece grafada. Debe identificarse claramente a ordenanza de aplicación a cada unha das parcelas, e establecer a súa regulación na normativa do PXOM, ou ben remitir a ordenación do ámbito á regulación do Plan parcial que o desenvolve.

Inclúese como Area de Planeamento Incorporado, asumindo o PXOM, tanto a súa delimitación como as súas determinacións.

13. Nos planos de ordenación do solo urbano non figuran debuxadas as liñas de edificación tal como establece o art. 290_3 da normativa urbanística

Modifícase a normativa urbanística, atendendo o contido desta observación

14. A ordenanza 0-5 de uso terciario establece tres grados con distinta regulación que non veñen grafadas nos planos de ordenación.

Modifícase a normativa urbanística, atendendo o contido desta observación

2.2. CLASIFICACIÓN E DETERMINACIÓN DO SOLO URBANIZABLE.

1. De conformidade coa capacidade residencial e os artigos 14, 15 e 32 do LOUG, non poden ser clasificados como solo urbanizable terreos que deban ser clasificados como solo rústico:

Parte so sector SUD-R2 e SUD-I1. abranguen terreos ocupados polo zona de policía de augas polo que de acordo co art. 32.2.d) da LOUG, deben clasificarse como solo rústico de protección de augas, agás que se xustifique a redución da franxa de policía segundo establece a determinación 4.8.15 das DOT, ou que pola escasa entidade da corrente de auga poidan integrarse no sistema de espazos libres públicos.

Inclúese dentro dos 100 metros de policía ou en zonas verdes adscritas ou incluídas nos sectores.

2. Para o ámbito SUD-12. non se acredita o cumprimento dos requisitos do apartado 1º da Disposición transitoria 13º da LOUG, co fin de regularizar o asentamento industrial preexistente. Debe tamén acreditarse a vinculación directa do actividade coa localización na franxa de solo afectada polo solo rústico de protección de augas, sendo necesario neste caso o informe previo favorable da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia.

Encóntranse tramitando oo documento de regularización deste solo

3. Cómpre revisar o cálculo do aproveitamento tipo do SUD-RI, excluindo da superficie da área de reparto unicamente o superficie destinada a viario que o plan manteña (art. 114 LOUG).

Elimínanse os solos urbanizables excepto o situado ao sureste do solo urbanos de Silleda

4. O plan debe incluír á totalidade das determinacións establecidas no art. 57.1.c) e d) da LOUG na ficha de cada sector, coas condicións de urbanización dos sistemas xerais.

Elimínanse os solos urbanizables excepto o situado ao sureste do solo urbanos de Silleda

5. Debe incorporarse nos fichas do sector SUD-R4, as condicións sinaladas do informe do 10/06/09 da Dirección Xeral de Infraestruturas en materia de estradas autonómicas, respecto aos accesos a este sector dende o estrada autonómica P0 -210.

6. Cómpre aclarar o actuación do novo viario proposto SN-V4, con cargo ao sector SUD-R5, pero só parcialmente incluído no súa delimitación.

Elimínanse os solos urbanizables excepto o situado ao sureste do solo urbanos de Silleda

2.3 CLASIFICACIÓN E DETERMINACIÓN DO SOLO DE NÚCLEO RURAL.

1. En aplicación do art. 13.2, son incorrectas as delimitacións da parte común dalgúns núcleos rurais, por canto parte do asentamento semella presentar condicións para ser clasificadas no tipo básico de núcleo rural histórico tradicional: Abades, (Abades); O Castro de Beixiño (Breixo); A Cova (Cerviño); Vilar (Ciro); Dornelas (Pomelos); Balántiga (Escuadro); Arcos, Elrexe, (Graba); A Codeseira, Gorís, O Souto, Vilariño (Lamela); Forcas (Laro); Lourás-A Moa, (Manduas); Martixe de Abaixo, Parabela de Abaixo (Martixe); Sachacos (Negreiros); Vilanova (Oleiros); Santifoga-O Campo (Piñeiro); Aldea de Abaixo-Sino (Ponte); A Lama (Rellas).

2. En aplicación do art. 13.3.b da LOUG, a delimitación do núcleos rurais comúns deberá facerse en función das previsións de crecemento que o plan xeral estableza para cada ámbito. Na memoria xustificativa exponse o progresivo despoboamento dos asentamentos rurais, non acreditándose a necesidade de áreas vacantes nas periferias dos núcleos de: Renda, Fucarelos (Ciro); O Barral (Cortegada); Sestela (Escuadro); Arcos (Graba); Quintela (Manduas).

3. Ao abeiro do art.13 da LOUG e da determinación 3.1.10 das DOT, deben evitarse crecementos lineais e unións entre asentamentos polinucleares, debendo excluír no seu caso, as bolsas de terreos e edificación illadas desligadas dos asentamentos orixinais: Bazar (Abades); Breixiña (Breixa); Vilar (Cira); Arcos (Graba); Lourás-A Moa (Manduas); Ribeirao (Negreiros); Castro-Castriño, Santifoga-O Campo (Piñeiro); O Foxo. Toxa (Silleda); Carral-Trasdovalo-Taboada Vella (Taboada); O Redondo-Cabodevil (Vilar).

4. Deberá revisarse a delimitación dos núcleos que deixan fóra porte das edificacións que semellan estar ligadas a estrutura do asentamento: O Castro de Breixiña (Breixa); Corboeiro de Francia (Carboeiro); A Cruz-Chapa (Chapa); O Curro, Sobrado, Vilar (Cira); O Portiño (Dornelas); Cascaxide, Escuadro, Senra (Escuadro); Aragonza-Merín-Sari Antonio Barcia (Fiestra); Penalta, Vilar, (Graba); O Souto. A Brea (Lomela), A Meda (Moalde); O Cauto, Riocalvo, San Martiño (Negreira); Pazos, Vilanova-Oleiros (Oleiros); Souto Nogueira (Parada); Carderreí. Trasfontao (Ponte); Carral (Taboada).

5. Deberán verificarse as delimitacións dos núcleos co fin de dar cumprimento ó porcentaxe mínima de consolidación establecida no art. 13 da LOUG: Breixiña (Breixa); Os Curros-Rendo, Fucarelos (Ciro); Sestelo (Escuadro); Lourás (Manduas); Trasdosisto (Ponte).

6. A delimitación da parte histórica tradicional dos seguintes núcleos, excede da distancia máxima de 50 metros que determina o art. 13.3.a) da LOUG: Bazar (Abades); Breixiña (Breixa); O Curro (Cira); Hamiñan (Cortegada); O Portiño (Dornelas); Balántiga, Cumbraos, Senra (Escuadro); Barrabaite (Lamela); Cabana (Moalde); Castromonde, Cuiña. O Campo (Piñeiro); Xastres (Refoxos).

7. Á vista das fotografías aéreas, semellan existir edificacións tradicionais non identificadas no análise do modelo de asentamento, existindo contradicións entre a información das fichas e os planos de ordenación: O Outeiro (Breixa); Lázara-O Outeiriño (O Castro); A Revolta (Cortegada); Medelo (Manduas); Gamil (Margaride); Santifoga (Piñeiro); Tixoa (Refoxos); Aldea Grande, A Cañotería. Caxeaba (Saídres); Cóscaros (Siador); Casas de Monte (Silleda).

8. O cumprimento da consolidación mínima establecida no art. 13.2.b) da LOUG, cando o asentamento inclúa mais dun tipo básico deberá verificarse para cada ámbito delimitado. Para xustificar este parámetro, non poden considerarse como consolidadas parcelas nas que só existan alpendres ou construcións adxectivas.

9. De conformidade cos art 61.3 e 72.4 da LOUG, o PXOM debe incorporar nas fichas do análise do modelo de asentamento poboacional as determinacións que correspondan, respecto aos núcleos rurais situados dentro do contorno dunha zona de concentración parcelaria: e incorporar na normativa os indicadores para a redacción dun plan especial.

No artigo 338 da normativa describense os indicadores para a realización de PEONR.

10. Algúns asentamentos do listado da memoria xustificativa non se identifican no modelo de asentamento: A Lameira (Cira); A Pena (Cortegada); Serra (Grabo); A Gouxá. O Outeiro, O Redondo, (Siador); e Trasdosista (Ponte).

Os asentamentos mencionados estan integrados noutros núcleos.

11. Non se achega cálculo da consolidación do núcleo de Outeiro (Breixa).

12. No análise do modelo de asentamento poboacional as fichas individualizadas dos núcleos deben abranguer a totalidade do asentamento: Bazar (Abades); Ansemil (Ansemil); Castro de Breixiña (Breixa); Alfonsiños (Cervaña); Chapa (Chapa); Vilar (Cira); Camporrapado (Cortegada); Bascuas, Dornelas (Dornelas); Forcas, Freixeiro-O Pereiro (Laro); Lourás-A Moa-San Tirso (Manduas); San Fiz (Margaride); Ribeirao (Negreiros); O Marco (Siador); O Foxo (Silleda); Taboada Vella (Taboada); O Redondo-Cabodevila (Vilar).

13. Debe recollese a cartografía actualizada do núcleo de Besteiros (Piñeiro).

Revisanse todos os núcleos rurais e corríxense o mencionado no informe.

2.4. CLASIFICACIÓN E DETERMINACIÓN DO SOLO RÚSTICO.

1. De conformidade co art. 32.2.d) do LOUG e coa determinación 4.8.15 das DOT, deben clasificarse como solo rústico de protección de augas, os terreos con risco de inundación e os cursos de auga ata a zona de policía

definida pola lexislación de augas, habendo de xustificarse o redución desa franxa por debaixo dos 100 metros, empregando os estudos e análises de asolagamento determinados polo organismo de bacía correspondente.

De conformidade co art. 32.2.f) da LOUG. deben clasificarse como solo rústico de protección de espazos naturais a totalidade das ámbitos correspondentes aos lugares de interese comunitario LIC Brañas do Xestoso, LIC Sistema Fluvial Ulla-Deza e LIC Serra do Candán.

Clasifícanse como solo rústico de protección de augas os 100 metros de zona de policía.

2. Ao abeiro do art. 32.2.b) da LOU. deben clasificarse como solo rústico de protección forestal a superficie afectada por incendios forestais dende os cinco anos previos á entrada en vigor.

Corríxese este punto

3. De conformidade co informe do 10/06/09 do Dirección Xeral de Infraestruturas, deberá representarse a glorieta executada na intersección da estrada PO-211 coa estrada EP -6507. así como clasificar como solo rústico o ámbito necesario.

Corríxese este punto

3. ESTRATEXIA DE ACTUACIÓN, ESTUDO ECONÓMICO E MEMORIA DE SUSTENTABILIDADE ECONÓMICA.

1. En aplicación do art. 22.b) da LOUG. excede do deber dos propietarios do solo urbanizable costear a execución dos sistemas xerais adscritos: 30-sn-p3 adscrito ao SUD-li, e 30-SN-AJ1 adscrito ao SUD-R3, rotonda entre o SE-V11 e SE-V9 incluído no sector SUD-R6 e atribuído o custo de execución ao SUD-R5.

Os sectores de solo urbanizable mencionados elimináronse logo da revisión realizada co presente informe, desaparecendo polo tanto os sistemas xerais vinculados aos mesmos.

2. Ao abeiro dos art. 20.1 e 22 da LOUG excede dos deberes dos propietarios do solo urbano non consolidado e solo urbanizable delimitado asumir unha porcentaxe do custo xenérico das infraestruturas de saneamento e abastecemento previstas polo PXOM. Ao abeiro do artigos 53.1.e) e 60.3 da LOUG. no estudo económico, deberá detallarse cada unha das actuacións previstas, o custo de execución e obtención do solo, así como a iniciativa de financiamento xustificando as previsións cumpran realizar con recursos propios do Concello.

Para os propietarios de solo urbano non consolidado e solo urbanizable recóllese no estudo económico a financiación da conexión das infraestruturas do sector correspondente co sistema xeral existente, ou o reforzo se fose o caso, como consecuencia do novo desenvolvemento. Os propietarios privandos non participan na financiación do custo xenérico das infraestruturas de servizos.

3. A orde de prioridades establecida na estratexia de actuación para as actuacións urbanísticas será coherente coa programación das fichas dos ámbitos de desenvolvemento.

Revisouse este punto e coordináronse ámbolos dous documentos.

4. O informe ou memoria de sustentabilidade económica debe ter o contido mínimo que establece o art. 3 do Real decreto 1492/2011. do 24 de outubro, polo que se aproba o regulamento de valoracións da Lei do solo.

O Informe Económico recolle o contido mínimo establecido no Decreto, é dicir, ponderouse o impacto sobre o Concello de Silleda da implantación, mantemento e posta en marcha, das infraestruturas necesarias para o

desenvolvemento do PXOM, así como a suficiencia e adecuación do solo destinado a usos produtivos. Estímase tamén a variación previsible dos ingresos derivada do crecemento urbano previsto no PXOM.

4. NORMATIVA URANÍSTICA.

1. Deberá revisarse a redacción dos apartados da normativa cuxa transcripción non resulta correcta ou non se axusta á redacción da LOUG logo das modificacións introducidas polas Leis 2/2010 e 15/2010: art. 310_1 (art. 25 LOUG); 365_4 e 369_4 (37.2 LOUG); art.228 (Disposición transitoria décimo segunda da LOUG).

2. De conformidade co art. 25.1 da LOUG, o PXOM definirá os usos e condicións de edificación admisibles nos ámbitos delimitados como solo de núcleo rural, con supeditación ás determinacións contidas na LOUG o que deberá concretarse no art. 329 da normativa.

3. A regulación de usos no solo rústico non permite en ningunha das categorías a implantación de equipamentos mediante Plans especiais de dotacións, art. 33.2.g da LOUG, cuestión que debería revisarse.

4. Erros: O art. 62_3 debe referirse ás fichas do solo urbanizable; O art. 100_3 debe referirse o actividades sanitarias; Corrixir as referencias ao art. 121 de reservas de prazas de aparcadoiro para uso residencial nos restantes usos característicos regulados na normativa para os que non é de aplicación; Corrixir errata na ocupación máxima no grado 4.2 do art. 294_7: Corrixir as referencias e redacción do art 172 do LOUG no art. 40.2 e 330-1 da normativa; Nos art. 250-1 e 254-1 falta incluír as estradas estatais; no art. 255-1 incluír lexislación estatal: Corrixir o art. 298_3 en correspondencia co art 66 do normativa; Eliminar o apartado 369_2h actividades extractivas en solo rústico, por canto está simultaneamente como uso autorizable e permitido por licenza directa; A redacción do art. 352_2 esta incompleta; Eliminar os interrogantes do capítulo regulador de dotacións de comunicacións ferroviarias.

Revisase o contido deste punto

5. CUESTIÓN DE ÍNDOLE DOCUMENTAL

1. O plan debe conter a información necesaria para comprobar o cumprimento do artigo 32 da LOUG respecto ás categorías de solo rústico, planos de zonas incendiadas dende os cinco anos anteriores á entrada en vigor da LOUG e terreos obxecto de concentración parcelaria o partir do entrada en vigor da LOUG. co terreos concentrados con resolución firme producida nos dez anos anteriores a dita dato.

Revisouse a información

2. O planeamento deberá incluír a delimitación correspondente á zonificación acústica. e servidumbres acústicas, se é o caso, de acordo co art. 13 do Real decreto 1367/2007, de 19 de outubro. polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído.

Inclúense un plano de servidumes

3. Nos planos de ordenación dos núcleos rurais grafíarase a liña límite entre os diferentes tipos básicos e identificarase na lenda o grafismo das edificacións tradicionais.

4. No análise do modelo de asentamento poboacional, as fichas dos núcleos rurais deben expresar o grado de consolidación das mesmos, dato obrigado polo art. 61.3 da LOUG.

Inclúese unha tabla na memoria.

5. Nas fichas do catálogo, eliminaranse as referencias á área de expansión.

Revisouse o catálogo.

6. TRAMITACION DE EXPEDIENTE.

Non consta informe dos datos reflectidos no Rexistro Mineiro de Galicia, de acordo co previsto no art 14.1 da Lei 3/2008. do 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia

Deberá adaptarse a documentación do PXOM, á nova Lei 18/2012 do 29 de xuño, nos termos que establecen a súa disposición derradeira segunda disposición transitoria sexta, para a reserva de solo de vivenda protexida nos PXOM en tramitación, así como incorporal as determinacións que no seu caso correspondan trala nova redacción da LOUG, modificada pola disposición derogatoria segunda e polas disposicións adicionais novena a décima sétima da devandita Lei de vivenda.

Este informe é emitido de conformidade co establecido no artigo 85.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

4.3 APROBACIÓN INICIAL DO PXOM

O Pleno municipal do concello de Silleda acorda, en sesión extraordinaria celebrada o día 18 de decembro de 2012, a aprobación inicial do Plan Xeral de Ordenación Municipal, cuxa certificación figura contida no Anexo II do presente documento.

4.4 INFORME DA DIRECCIÓN DE PATRIMONIO E URBANISMO DE ADIF

Con data 5 de marzo de 2013 emítese informe desde o que se solicita a incorporación ao PXOM das seguintes consideracións:

- Polo municipio de Silleda discorren as liñas férreas de Zamora-A Coruña e a L.A.V. Ourense-Santiago. En dito trazado ferroviario será de aplicación las limitacións á propiedade recollidas máis adiante.
- A partir do 1 de xaneiro de 2005, a lexislación aplicable ao ferrocarril é fundamentalmente a Lei 39/2003 do Sector Ferroviario e o seu Regulamento, tal e como se recolle no Cap III. Dotacións de Comunicacións Ferroviarias das Normas Particulares do PXOM. O tratamento da rede ferroviaria recollido neste capítulo é o adecuado en liñas xerais, a estes efectos, podería engarirse que o Solo de Núcleo Rural se asimila ao Solo Urbano.

Na Memoria Xustificativa o apartado 5.6.6.5. Ferrocarril fai mención á LOTT e ao seu Regulamento, así como á definición das zonas colindantes, deberá correxirse no sentido sinalado polo Capítulo III das Normas particulares del PXOM.

- O Plan Xeral prevé unha serie de Ámbitos Urbanísticos que son colindantes co ferrocarril, sendo de aplicación para o desenvolvemento de todos eles a normativa sectorial referenciada anteriormente.
- Na Memoria de Información Urbanística, en Infraestruturas de Comunicacións Rede Viaria 2.3.1.1. ao identificar a titularidade e características da rede existente en b-3) Estradas

Autonómicas, distingue a PO-210 e a PO-211 que comunican os núcleos de A Bandeira e Silleda coas súas respectivas estacións de ferrocarril.

No Inventario de Bens Inmóbeis de ADIF están incluídos os terreos de ditas estradas, que foron expropiados, no ano 1945, como camiños de acceso ás estacións de Silleda e Bandeira pola Cuarta Xefatura de Estudos e Construcción de ferrocarrís do Ministerio de Obras Públicas.

Adxúntanse planos de Inventario co trazado de ditas estradas.

- El PXOM inclúe no seu Catálogo de Bens a Protexer ou Recuperar, a Estación de ferrocarril de Silleda OSACC03, a Estación de ferrocarril de A Ponte Taboada 31ACC05 e a Ponte de Ponte Taboada 31ACP06 todos eles cun nivel de protección Estructural. O nivel de protección ten que ser compatible coa prestación do servizo público ferroviario.
- Para executar, nas zonas de dominio público e de protección da infraestrutura ferroviaria, calquera tipo de obras ou instalacións fixas ou provisionais, cambiar o destino das mesmas ou o tipo de actividade que se pode realizar nelas e plantar ou talar árbores requirirase a previa autorización do Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF).
- Con obxecto de atenuar a incidencia do ruído e as vibracións, os proxectos construtivos de todas as edificacións contidas na zona de influencia do ferrocarril, incluírán unha separata que estude o impacto por ruído e vibracións, inducidos polo ferrocarril e as medidas adoptadas no seu caso, para que os niveis de ruído e vibracións estean dentro dos niveis admisibles pola normativa sectorial vixente.
- De acordo co Art. 5 da Lei do Sector Ferroviario, corresponde ao Ministerio de Fomento a planificación das infraestruturas ferroviarias integrantes da Rede Ferroviaria de Interese Xeral, polo que é dito Ministerio o que ten que emitir o preceptivo informe sobre posibles variacións da liña ferroviaria existente.

Incorpóranse estas consideracións á memoria e á normativa do PXOM.

4.5 ALEGACIÓN DA CONSELLERÍA DE FACENDA

O 4 de marzo de 2013 recíbese un escrito da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio referente á extinta cámara agraria da Rúa Pontevedra, para a que se solicita a eliminación do sistema xeral de uso docente ou administrativo, ao estar o inmovible vinculado a fins agrarios que non requiren a súa clasificación como sistema xeral.

Revísase o indicado, eliminando a referencia á cámara agraria e actualizando a situación deste inmovible no que se constata a localización na actualidade da Escola Municipal de Música, polo que se inclúe como equipamento de carácter educativo da parcela.

4.6 ALEGACIÓN DA CÁMARA OFICIAL MINEIRA DE GALICIA

Con data do 15 de marzo de 2013 emítese un escrito da Cámara Mineira de Galicia no que se solicita:

- Que o equipo redactor do PXOM de Silleda actualice a información sobre dereitos mineiros presentes no termo municipal e os teña en conta na redacción do PXOM, conforme ao disposto no artigo 14.1 da Lei 3/2008 de 23 de maio, de Ordenación da Minería de Galicia.

- Que se cumpra o establecido no artigo 14.2 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia e no artigo 122 da Lei 22/1973, de 21 de julio, de Minas.
- Que se analicen e teñan en consideración as potencialidades xeolóxico-mineiras do concello, cara á apertura de novas explotacións que favorezan o desenvolvemento económico e social do Concello de Silleda, así como a futura demanda dos produtos mineiros necesarios para o cumprimento dos obxectivos do Plan Xeral de Ordenación Municipal, optimizando a utilización e o rendemento destes bens de dominio público.
- Que tendo por presentadas as alegacións ao Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda sinaladas, sexan admitidas; e que se lle dea cumprida información da súa estimación ou desistencia futura tanto á Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia, como á Cámara Oficial Mineira de Galicia.

Nos planos de información recóllense os dereitos de explotacións mineiras cuxo estado se atopa vixente ou solicitado na actualidade. Ademais, a normativa do PXOM fai referencia á lexislación indicada para a tramitación das actividades extractivas.

4.7 INFORME DA SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL

O día 26 de marzo de 2013 emítase informe sobre a calidade do ISA (informe de sustentabilidade ambiental) no que se indica que o ISA do PXOM do Concello de Silleda non se axusta plenamente ao establecido no Documento de Referencia emitido, polo que deberá adecuarse e completarse coas observacións realizadas no informe, as cales se xustificarán e integrarán dentro do ISA ou mediante un anexo a este.

Realiza ademais as seguintes consideracións:

- Contido

O ISA debe constituír un documento individualizado do Plan. Se ben parte da súa información pode atoparse en mais detalle noutros documentos do plan, o ISA deberá conter polo menos unha síntese da mesma e en cada un dos puntos do ISA deberá indicarse –segundo corresponda– o documento e o apartado concreto do Plan onde se atopa a información detallada.

Deberá conter a información especificada no anexo 1 da Lei 9/2006, do 28 de abril, reflectida no DR, así como aquela información complementaria con estudos específicos que permitan coñecer mellor as características ambientais do medio, os posibles efectos do Plan e a eficacia das medidas propostas. Corrixirase o cadro nº 28 así como o formato dos primeiros parágrafos do apartado 9.

Algúns dos planos incluídos no Estudo do Medio Rural deben formar parte do anexo cartográfico do ISA. Revisarase a normativa, pois parte da mesma está actualmente derogada.

Modifícase o ISA engadindo a información requirida, adaptase o contido ao establecido no anexo I da citada Lei, incorpóranse planos do EMR e revisase a normativa citada no documento.

- Ámbito de influencia

Revisarase o epígrafe 2 relativo ao “Ámbito de influencia”, no que deben establecerse e xustificarse os límites do ámbito analizado, deixando para o apartado de “Análise obxectiva da contorna” as descrições ambientais, económicas e sociais.

Corrixese o documento e defínese no apartado 3 o ámbito de influencia do planeamento.

- Análise obxectiva do ámbito do Plan e da súa contorna

No apartado 3 do ISA; respecto dos espazos naturais deberase ter en conta na proposta de ordenación a Proposta de Ampliación da Rede Natura 2000 de Galicia (2011). Revisarase os hábitats que componen as teselas delimitadas, posto que non coinciden co “Atlas de los hábitats naturales y seminaturales de España”.

Respecto á vexetación (apartado 3.1.7), bótase en falta a indicación do grao de protección co que contan as especies citadas. No seguinte apartado (3.1.8) detectouse a carencia de varias especies protexidas, polo que debería terse en conta o Decreto 167/2011, do 4 de agosto, que modifica e actualiza o Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007, do 19 de abril).

Bótase en falta unha cartografía que reflecta a distribución dos sete usos do solo descritos no apartado 3.1.13., así como a localización dos montes veciñais en man común, as concentracións parcelarias, os solos con capacidade agrolóxica e a potencialidade forestal.

Deberá completarse a información das zonas afectadas por incendios (apartado 3.1.16.7) entre o 2005 e o 2010 coa dos cinco anos anteriores á aprobación da LOUG e tódolos posteriores ata a actualidade, e clasificar estas zonas como solo rústico de especial protección forestal.

En relación co estudo socioeconómico (apartado 3.1.12) deberán terse en conta os datos do Instituto Galego de Estatística para os anos 2011 e 2012.

No estudo da paisaxe realizado deberá indicarse a metodoloxía empregada e realizarse a valoración para tódalas unidades que se definan e deberá completarse a información de incidencia visual.

Respecto aos riscos naturais e antrópicos, deberá completarse tamén cos riscos de carácter tecnolóxico, incorporando a superficie e poboación afectada por tódolos riscos ambientais identificados.

O ISA deberá incluír a identificación das principais fontes de ruído, a delimitación da superficie de actuación en áreas acústicas e unha diagnose sobre a situación acústica das áreas urbanizadas existentes incluíndo unha valoración do impacto sonoro dos novos desenvolvementos sobre estas áreas. Incluírá planos de zonificación acústica e mapas de ruído das principais fontes sonoras.

Actualizarase a información do planeamento dos concellos limítrofes e completarse a análise de compatibilidade, continuidades e conexión do PXOM de Silleda con estes concellos. Bótase en falta a consideración do Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais de Galicia e do Plan Sectorial de implantación e desenvolvemento das infraestruturas da Xunta de Galicia xestionadas por Retegal.

Introdúcense no documento X e nos seus planos todas estas consideracións

- Análise de alternativas

No apartado 5 analízanse as alternativas, acompañadas de cartografía, máis esta carece de lenda. No sistema de valoración de alternativas, deberanse comparar tódalas alternativas (incluída a “0”), deberanse xustificar os valores asignados a cada unha delas e deberá completarse a valoración cunha análise do grao en que as alternativas cumpren os obxectivos do Plan.

Complétase o apartado 6 do ISA con estas consideracións

- Identificación e caracterización dos efectos sobre o medio

Non se considera axeitado realizar unha valoración global de todos os efectos que poderá producirse sobre una variable, xa que determinadas actuacións do Plan poderán producir diferentes efectos sobre un ha mesma variable.

Por outro lado, O ISA asegura que todos os efectos negativos que se deriven do desenvolvemento do Plan serán compensados pola adopción de medidas preventivas e correctoras, motivo polo cal todos os efectos serán caracterizados como positivos. Non é coherente facer esta afirmación cando nin tan sequera se procedeu á identificación dos efectos nin á definición das medidas necesarias para previlos, corríxilos ou compensalos.

Nos apartados 6.1 a 6.15 o ISA analiza cada unha das variables de sustentabilidade, mais os efectos identificados son pouco concretos e carecen da correspondente caracterización e valoración.

Concrétase no apartado 7 do ISA a análise dos efectos tendo en conta estas consideracións

- .Deseño de medidas

Todas as medidas propostas son de carácter xenérico e non se relacionan cos efectos. Tampouco se propoñen medidas encamiñadas a potenciar os efectos positivos. Cada efecto identificado deberá levar asociada cando menos unha medida, e estas deberán incorporarse á normativa do Plan.

Modifícase o apartado 8 do ISA e establécense medidas concretas para cada efecto considerado

- Informe sobre a viabilidade económica

Non coincide a cifra destinada a zonas verdes polo concello no Estudo Económico co recollido no ISA, pero ademais, deberá avaliarse a viabilidade económica de tódalas alternativas, así como analizar o custo das medidas propostas no ISA e o seguimento.

Corríxese o apartado 10 correspondente do ISA.

- Análise da coherencia.

Deberá avaliarse de forma desagregada a coherencia interna de todos os obxectivos do PXOM (xerais, específicas e ambientais) coas propostas do Plan e coa diagnose de partida.

O apartado 11 do ISA incorpora a análise da coherencia tanto interna como externa das determinacións establecidas polo PXOM.

- Resumo non técnico

Deberá completarse co resumo do apartado da análise de alternativas do ISA.

Complétase dito apartado no ISA.

4.8 INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DE AVIACIÓN CIVIL

Con data 26 de abril de 2013 emítese informe favorable da Dirección Xeral de Aviación Civil, dependente do Ministerio de Fomento, no que se aportan diversas observacións:

- Incorporar entre os planos con contido normativo os planos das servidumes aeronáuticas do Aeroporto de Santiago que se adxuntan como Anexo 1 neste informe.
- Incorporar no Capítulo IV, artigo 265 das Normas Urbanísticas, as disposicións indicadas.
- Inclúese neste informe información sobre a proposta de servidumes aeronáuticas en tramitación.

No documento normativo recóllense tódalas indicacións realizadas pola Dirección Xeral de Aviación Civil, e inclúense as servidumes aeronáuticas en tramitación como parte da información do PXOM de Silleda.

4.9 INFORME DA DEMARCACIÓN DE ESTRADAS DO ESTADO EN GALICIA (MINISTERIO DE FOMENTO).

O 31 de maio de 2013 remítese informe da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, no que se inclúen as cosideracións seguintes:

Examinada a documentación (soporte dixital) do PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA, ao obxecto da emisión do informe que establece o artigo 10.2 da Lei 25/1988, de 29 de xullo, de Estradas, dos informes da Unidade de Pontevedra e da Inspección da Autoestrada, resáltanse as seguintes observacións:

1.- ESTRADAS DE TITULARIDADE ESTATAL

Polo termo municipal de Silleda discorren as estradas de titularidade estatal de xestión directa N-525 e N-640, así como a Autoestrada AP-53, esta última de xestión indirecta, polo que será de aplicación, con carácter xeral, o disposto na Lei 25/1988, de 29 de Xullo, de Estradas, e o Regulamento Xeral, aprobado por Real Decreto 1812/1994, de 2 de Setembro (B.Ou.E.23-09-94).

2.-ESTRADAS DE XESTIÓN DIRECTA N-525 e N-640

Uso e defensa da estrada Segundo as Normas Urbanísticas, os terreos do termo municipal afectados polo viario clasifícanse como solo rústico de protección de infraestruturas viarias, a excepción do viario que atravesa o solo urbano, que será solo urbano de uso viario e o que atravesa o solo de núcleo rural, onde se clasifica como solo de núcleo rural de uso viario.

En canto ao Solo Rústico de Protección de Infraestruturas (SRPI), ao analizar os Planos de Ordenación, apréciase que dita categoría de solo aparece superpuesta con outras proteccións, por paréceo conveniente recoller no texto da normativa que a limitación de actividades propia doutras clasificacións ha de ser compatible coa realización de obras públicas de interese xeral. Entre as devanditas obras inclúense as de construción, reparación ou conservación de estradas estatais, que tal como establece o artº. 12 da Lei de Estradas, non estean sometidas aos actos de control preventivo municipal.

Superponse o SRPI infraestruturas a o SRPEspacio Natural, SRPAugas, SRPPaisaxística, que se regulan pola lei do solo de Galicia. Elimínase a superposición a o SRPAgropecuaria e a o SRPForestal.

Nos núcleos urbanos de Silleda e A Bandeira, atravesados pola N-525, non se aprecia un incremento do tramo clasificado como solo urbano respecto ao plan anteriormente vixente.

Respecto da limitación de usos nas zonas de protección das estradas estatais, aínda que a normativa recolle adecuadamente a súa definición non se atopou referencia ás limitacións impostas respecto diso pola Lei 25/88,

de 29 de Xullo, de Estradas, así como o Regulamento Xeral. Por iso, estímase necesaria a inclusión no texto das Normas Urbanísticas das limitacións contidas no Capítulo III da citada Lei de Estradas e os correspondentes artigos do seu Regulamento Xeral de desenvolvemento.

Inluense as determinación da lexislación vixente (art 244 en adiante)

Liña límite de edificación: Non se representou a liña límite de edificación ao longo da N-525 e a N-640, A que será de vinte e cinco (25) metros medidos horizontalmente desde a aresta exterior da calzada (independentemente da clasificación do solo), coa excepción dos tramos que a continuación se relacionan, segundo consta no Escrito da Xefatura Provincial de Estradas de Pontevedra de 23 de abril de 1997:

- Zona urbana de Silleda:

- o Tramo desde o P.K. 624+500 ao 624+585 (actual tramo comprendido entre os PPKK. 302+335 e 302+420): Edificios e peches a 12,50 m. do eixo da calzada.
- o Tramo desde o P.K. 624+585 ao 624+915 (actual tramo comprendido entre o PP.KK. 302+420 e 302+750): Edificios e peches. Aliñacións existentes.
- o Tramo desde o P.K. 624+915 ao 625+180 (actual tramo comprendido entre o PP.KK. 302+750 e 303+015): Edificios e peches a 12,50 m. do eixo da calzada pola marxe esquerda e a 12,50 m. do eixo da calzada antiga pola marxe dereita.

- Zona urbana da Bandeira:

- o Tramo desde o P.K. 631+375 ao 631+500 (actual tramo comprendido entre o PP.KK. 309+210 e 309+335): Edificios e peches a 12,50 m. do eixo da calzada.
- o Tramo desde o P.K. 631+500 ao 631+850 (actual tramo comprendido entre o PP.KK. 309+335 e 309+685): Edificios e peches. Aliñacións existentes.
- o Tramo desde o P.K. 631+850 ao 632+065 (actual tramo comprendido entre os PP.KK. 309+685 e 309+900): Edificios e peches a 12,50 m. do eixo da calzada.

A estes efectos, deberá efectuarse as oportunas correccións tanto nos Planos de Ordenación como nas Normas Urbanísticas.

Representanse as liñas de edificación de acordo a lexislación vixente en materia de estradas.

Accesos á Rede de Estradas do Estado: O P.G.Ou.M. deberá recoller o cumprimento tanto do preceptuado no Título III, Uso e Defensa das Estradas, Capítulo Segundo, Accesos do Regulamento Xeral de Estradas (art.º 101 e seguintes), como na "O.M. de 16 de decembro de 1997 pola que se regulan os accesos ás estradas do Estado, as vías de servizo e a construción de instalacións de servizos" e nas Recomendacións sobre glorietas do Ministerio de Fomento.

Os accesos representanse de acordo a lexislación vixente en materia de estradas.

Apréciase que o establecido na páx. 158 do apartado 4.1.2. I, Sistema xeral de comunicacións e as súas zonas de protección, onde se menciona que non existen viarias de novo trazado no núcleo de Silleda, non coincide co grafiado nos Planos de Ordenación do núcleo urbano, onde aparecen os viarios SN-Vin (novo acceso e

glorietta no P.K. 303+550) e SN-V2 (ampliación de acceso existente). Ademais se grafiou unha nova glorietta na N-525 no límite do núcleo urbano da Bandeira na contorna do P.K. 309+900.

Elimínanse os novos viais nos planos.

Todas as conexións con vías de titularidade estatal, tanto as anteriormente mencionadas como as previsibles aos sectores de solo urbanizable (SUD-I1 e SUD-I2), así como calquera outra que poida ser exposta, deberán ser obxecto de informe e/ou autorización independente, de forma que a súa grafiación na documentación agora presentada non suporá a necesaria autorización por parte deste Ministerio para a súa execución.

Elimínanse as conexións viarias previsibles.

Así mesmo, sempre que sexa posible os accesos rodados (incluso os vaos) ás parcelas lindeiras sedarán polo viario secundario, dado que prevalece a consideración de Estrada da R.C.E. (a súa finalidade é servir ao tráfico de longo percorrido), fronte á consideración de Sistema xeral do municipio (¿ruas? sobre as que se apoiaría un desenvolvemento urbanístico).

Inclúese na normativa no capítulo de dotacións de comunicacións viarias.

Convén, igualmente, incluír con carácter xeral, as condicións recollidas no Art. 94 do Regulamento Xeral de Estradas, para o otorgamento de autorizacións nas zonas de protección das estradas estatais.

Inclúese na normativa no capítulo de dotacións de comunicacións viarias.

Conforme ao anterior, polo que ás estradas N-525 e N-640 refírese, será precisa a subsanación das deficiencias observadas para poder proseguir coa tramitación do expediente; por esta razón propónse a devolución do documento, a fin de que poida corrixiarse os aspectos reflectidos, lembrando ademais a procedencia de remitir, posteriormente, a documentación en forma da correspondente separata.

3.-ESTRADAS DE XESTIÓN INDIRECTA AUTOESTRADA AP-53

A liña límite de edificación, definida na Lei de Estradas e o seu Regulamento Xeral, sitúase a 50 m da Autoestrada, medidos horizontalmente desde a aresta exterior da calzada, sen que ningún elemento construtivo, mesmo subterráneo, pase dita liña (sotos, beirados, voladizos, escaleiras, muros, etc.).

Terase en conta as previsións do artigo 86 do Regulamento Xeral, sobre coincidencia de zonas, ben pola proxección dos noiros, ben pola superposición da liña límite de edificación coa Liña de servidume, debendo prevalecer a máis afastada da estrada.

Inclúese as liñas enviadas pola demarcación.

Clasificación do solo e delimitación das zonas de protección da Autoestrada: Analizada a documentación do Plan obsérvase que se incluíu en todos os planos as liñas que delimitan as zonas de protección das estradas estatais e a súa liña límite de edificación, algo que deberá ser executado, integrándose dentro dos documentos do mesmo. Si se fai referencia, con todo, na Memoria, pero a nivel xeral para todas as estradas, con independencia da titularidade. No entanto, a definición destas non é o todo correcta, ao existir discrepancias con respecto á normativa autonómica estatal. No caso desta última (art. 21.I da lei 25/88, de 29 de xullo, de Estradas e 74 do Regulamento Xeral), ¿son de dominio público os terreos ocupados polas estradas estatais e os seus elementos funcionais, e unha franxa de terreo de oito metros de anchura en autoestradas, autovías e vías

rápidas, e de tres metros no resto de estradas, a cada lado da vía, medidos en horizontal e perpendicularmente á mesma, desde a aresta exterior da explanación?

Axustanse as definicións a lexislación vixente.

De acordo coa lexislación en materia de urbanismo, será clasificado como solo rústico de protección de infraestruturas a autoestrada e as súas zonas de afección n aqueles tramos que non discorran por solo urbanizado, a fin de preservar o seu adecuado uso, explotación e conservación.

Liña límite de edificación: Delimítase incorrectamente nos planos a liña límite de edificación, ao considerar unicamente a medición da distancia desde a aresta exterior da calzada e non ter en conta o establecido no art. 86 do Regulamento Xeral de Estrada. Lémbrese que a liña de edificación mídese desde o bordo exterior da calzada (liña branca do arcón) e a de servidume desde o bordo exterior da explanación (bordo de noiro).

Axustanse as definicións a lexislación vixente.

No documento urbanístico debe facerse referencia ao establecido no art. 94 do vixente Regulamento Xeral de Estradas, Real Decreto 1812/1994, de 2 de setembro, sobre as necesarias autorizacións para a execución da obra no solo asociado ás estradas estatais e en xeral para aquelas obras proxectadas nas zonas de protección das estradas para calquera tipo de solo, con excepción do solo urbano, que corresponde nestes casos ao Concello.

Remítase ao art 94 do regulamento na normativa.

Ademais do anterior, non se incluíu o Ramal da Bandeira as liñas de afección da mesma. Lembrar que en ramais de autoestrada as limitacións son de 3 m para a zona de dominio, 8 m a de servidume e 50 m a liña de afección.

Inclúese o ramal de bandeira coas liñas facilitadas porla demarcación.

Por todo o anterior, en tanto non se complete o documento coas correccións apuntadas: delimitación nos planos das zonas de protección da autoestrada e a súa liña límite de edificación, comprobación e, no seu caso, corrección da clasificación como solo rústico de protección de infraestruturas, ademais da subsanación oportuna en canto á liña límite de afección no ramal de saída de Bandeira, o que á AP-53 refírese, non podería emitirse informe favorable ao considerarse incompleto o documento.

Recollese todo o mencionado no documento tanto en planos como na normativa (NORMAS VII, TITULO I, CAPITULO II.- DOTACIONES DE COMUNICACIONES VIARIAS (art 244 en adelante).

4.- CONTAMINACIÓN ACÚSTICA. N-525, N-640 E AP-53

Debe incluírse na normativa para as novas construcións próximas a estradas do Estado, existentes ou previstas, a necesidade de que, con carácter previo ao otorgamento de licenzas de edificación, leven a cabo os estudos correspondentes de determinación dos niveis sonoros esperables, así como a obrigatoriedade de establecer limitacións á edificabilidade, ou de dispor os medios de protección acústica imprescindibles en caso de superarse os limiares recomendados, de acordo co establecido na normativa vixente (Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, BOE 18-11-2003, RD 1367/2007, de 19 de outubro, de desenvolvemento da Lei do Ruído) e, no seu caso, na normativa autonómica.

Inclúese na normativa do pxom no art 248.6 k) nas NORMAS VII, TITULO I, CAPITULO II.- DOTACIONES DE COMUNICACIONES VIARIAS

Devanditos medios de protección serán executados a cargo dos respectivos promotores que leven a cabo as actuacións de desenvolvemento e execución do Plan, non podendo ocupar o dominio público e previa autorización deste Ministerio.

Á vista de todo o exposto, a fin de que poida proseguirse coa tramitación do expediente e completarse a documentación do PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA (Pontevedra), conforme á proposta da Unidade de Pontevedra e a Inspección da Autoestrada, adxunto devólvese a documentación remitida ao obxecto da súa oportuna subsanación, resaltando que deberá observarse, no documento ou separa a que se remita novamente, as observacións recollidas neste informe.

4.10 INFORME DO SERVIZO DE MONTES DE PONTEVEDRA

Con data do 14 de xuño de 2013 emíttese informe sobre a afección forestal do PXOM de Silleda, no que se indican unha serie de obxeccións:

- Sobre o contido normativo do PXOM

No documento I. Memoria, deben corrixirse dous parágrafos referidos á clasificación das superficies queimadas co do concello do apartado 4.1.5.4.

No documento II. Estudo do Medio Rural deben corrixirse o parágrafo indicado no apartado 6.1, incluíndo do P. pinaster como a unha especie autóctona, coincidindo ademais coa conífera máis abundante do concello. Indícase ademais, que neste documento, se debe completar a análise dos incendios rexistrados aos anos posteriores ao 2008 cos perímetros dos lumes dispoñibles no Distrito Forestal para o período 2003-2012, así como completar as parroquias de maior perigo de incendio coas de Parada, Saidres, Carboeiro, Graba e Oleiros.

No documento de Normas Urbanísticas, debe corrixirse do artigo referido ás distancias das novas plantacións, no tocante á mención á distancia de 10 metros que se establece no punto 2.a). Para estes casos, a lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia determina unha distancia mínima de 15 metros en zonas que estén a menos de 400 metros do monte para especies do Anexo I de dita lei.

Corríxense os documentos con estas consideracións.

- Sobre o contido dos planos

- MVMC de Outeiro: Ten características para ser clasificado como solo rústico de protección forestal; nembargantes a distribución dos usos do PXOM é a de solo rústico de protección agropecuaria e de solo de núcleo rural histórico-tradicional.

- MVMC de Currospedriños: A superficie clasificada como solo rústico de protección agropecuaria conta con características que encaixan co exposto na memoria para os solos rústicos de protección forestal.

- MVMC de Chamor: A superficie clasificada como solo rústico de protección agropecuaria conta con características que encaixan co exposto na memoria para os solos rústicos de protección forestal.

- Área recreativa "As Pedrosas": Trátase dunha carballeira de pés centenarios, que cumpre cos criterios expostos no punto 4.1.5.4.a-2 da memoria, mais aparece unha parte clasificada como solo rústico de protección agropecuaria.

- Estudo do Medio Rural. Plano de superficies queimadas: Debe completarse a información referida ás zonas queimadas entre os anos 2007 e 2010, ademais de incluír a información adxunta ao informe respecto das zonas queimadas entre o 2003 e o 2012.

- Estudo do Medio Rural. Plano de riscos naturais e tecnolóxicos: Neste plano deberían aparecer zonas con superposición de riscos (de inundación, de incendio ou de erosión).

Corríxense os planos correspondentes con estas consideracións.

4.11 INFORME DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

O día 8 de xullo de 2013 emítense informe desfavorable da Axencia Galega, no que se solicita a subsanación das deficiencias detectadas, principalmente no tocante ás seguintes cuestións:

- Documentación.

Diferenciaranse as categorías das estradas autonómicas nos planos de información.

Deberán clasificarse as estradas autonómicas segundo o cadro adxunto.

Farase constar na normativa que os peches diáfanos a distancias inferiores á liña límite de edificación só serán autorizados por circunstancias de aproveitamento agrícola ou gandeiro.

PO-534: Revisarase os accesos nos que se realizaron renovacións do trazado, como no encontro da EP-6503 coa PO-534, actualizando a cartografía.

O encontro da PO-534 coa PO-201 resólvese cunha rotonda que non aparece na cartografía. En dirección sur aparece na cartografía referencia á PO-200, cando este ramal segue pertencendo á PO-534. Este erro reproducíase no encontro da PO-201 e a EP-7201, onde a cartografía pon PO-211. Actualizarase a cartografía tomando como punto de partida o inventario da Rede Autonómica de Estradas de Galicia (RAEGA).

Tanto nos planos de información como nos de clasificación, pasada a AP-53, a traza da PO-211 non segue a recollida no citado catálogo. Este erro tamén se comete na zona urbana de Silleda.

Realízanse as correccións indicadas, tanto nos planos de información (IV.7), como nos artigos 252 e 247 da normativa do PXOM. Revísase ademais a cartografía para corrixir os citados erros.

- Clasificación do solo rústico

Fóra do solo urbano e dos núcleos rurais tradicionais, deben clasificarse como solo rústico de protección de infraestruturas cando menos ata a liña límite da edificación definida na lexislación vixente de estradas (ata a aresta exterior da explanación). Revisarase isto na traza vella da estrada PO-534, na estrada PO-205 desde o recinto feiral ata o límite municipal, na estrada PO-201, e en particular á altura da glorieta de intersección coa EP-7201.

Realízanse as correccións indicadas.

- Solo de núcleo rural

Revisarase a liña que delimita o límite de edificación no núcleo de Portodabalde (22.04). Ao oeste do núcleo de O Burgo revisarase o solo rústico de protección de infraestruturas eliminando o tramo de núcleo que invada dita liña. No núcleo de Pazos (21.04)

Realízanse estas correccións nos planos de ordenación.

- Solo urbano.

Fixarase as aliñacións en atención ás definidas nas Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal.

Corríxese este aspecto nos planos de ordenación.

4.12 INFORME DE AUGAS DE GALICIA

Con data do 15 de outubro de 2013, emítense desde a Subdirección Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico informe condicionado a que se recollan no documento as consideracións realizadas. Estas consideracións refírense principalmente aos seguintes aspectos:

- Rede fluvial: Debe considerarse como rede fluvial mínima a incluída como Anexo I ao informe, correspondente cos ríos e masas de auga codificados por Augas de Galicia.

Corríxese isto en tódolos planos tanto de información como de ordenación.

- Zonas protexidas: Non aparecen recollidas tódalas zonas protexidas recollidas no Rexistro do Polan Hidrolóxico Galicia-Costa, aprobado por RD1332/2012, tales como as zonas protexidas para abastecemento humano, a Reserva Natural Fluvial Río Candán (ES014RNFL000000006) e o tramo de especial interese de especies ameazadas no río Candán (ESO 14TIEX000000022). Destacar que as Reservas Naturais Fluviais contan con protección especial polo que queda prohibido o outorgamento de novas concesións ou autorizacións de uso do dominio público hidráulico, agás as concesións referidas para abastecemento.

Complétanse as zonas protexidas coas indicadas no citado rexistro, tanto no Informe de Sustentabilidade Ambiental como no documento de normativa.

- Zonas inundables: deberme recoller de xeito concreto o risco de inundación e facer o desenvolvemento adoitando as limitacións necesarias para minimizar os efectos negativos das inundacións sobre as persoas, os bens e o medio ambiente, e limitando os usos en zona de fluxo preferente seguindo o artigo 42 da Normativa do Plan Hidrolóxico Galicia – Costa.

Inclúese na normativa un apartado no que se recolle este aspecto, indicando a clasificación do solo como solo rústico de protección de augas para as zonas inundables indicadas.

- Solo rústico de protección de augas: franxa de protección esténdese como mínimo a zona de policía de 100 m definida no artigo 6 do TRLA e do RDPH. No caso de querer reducir a extensión do solo rústico de protección de augas, deberá aparecer claramente a xustificación na documentación. Obsérvase no SUD-12 de uso industrial, que edificacións existentes se atopan en solo rústico de protección de augas e posto que o uso industrial non está recollido no artigo 38 da LOUG (Lei 9 /2002) este aspecto debe ser valorado e corrixido.

Corríxese o erro detectado nos planos. No tocante á redución da franxa de protección, adxúntase á memoria, o Estudo Simplificado da superficie de inundación nas canles do concello de Silleda, e incorpórase no presente documento, o informe emitido favorable por Augas de Galicia ao citado estudo.

- Liña de edificación en solo urbano, urbanizable e de núcleo rural: Non se considera suficiente a definición gráfica da liña de edificación no caso de solo urbano consolidado e solo de núcleo rural, debendo aportar na memoria as liñas definidas en cada caso. As edificacións que se atopan en zona de servidume ou en zona inundable, no caso que se propoña unha modificación que afecte á estrutura, superficie ou volume edificado, ou calquera outra variación substancial das obras deberá adaptarse á normativa vixente en materia de augas, con especial atención ó respecto do establecido para a zona de servidume do leito e para zona inundables.

Inclúese o indicado nos artigos 402 (Solo urbano e urbanizable) e no 403 (Solo de núcleo rural) da normativa do PXOM e complétase o artigo 393.

- Abastecemento: Deberá recollerse na normativa do PXOM que non se poderán outorgar novas licencias de construción que baseen o seu abastecemento mediante redes veciñais existentes ou novas captacións sen concesión administrativa ou sen recoñecemento do uso privativo por disposición legal posto que non se pode garantir o abastecemento.

Inclúese isto no artigo 209 da normativa.

- Saneamento: Recórdase que as fosas sépticas deben ser estancas. No caso de non selo e producir afeccións á rede fluvial deberán solicitar autorización de vertido a Augas de Galicia. Recollerase na normativa do PXOM, de cara a conseguir unha adecuada preservación do medio hídrico, que non se poderán outorgar novas licencias de construción que baseen o seu saneamento mediante redes que verten a cauces sen autorización de Augas de Galicia.

Inclúese isto no artigo 210 da normativa.

- Outras consideracións: No artigo 394 referido ao Réxime de protección na zona de policía (100 metros), reflíctese no apartado 9.b unha consideración errónea posto que seguindo o artigo 9 do RDPH calquera obra ou traballo en zona de policía cauces precisará autorización administrativa previa do organismo de conca. Esta autorización será independente de calquera outra que teña que ser outorgada polos distintos órganos das administracións públicas. Polo exposto este artigo da normativa deberá ser corrixido. Deberase actualizar a lexislación de augas, engadindo a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia, e o Plan Hidrolóxico Galicia Costa aprobado por Real Decreto 1132/2012 de 14 de setembro. Destacar que calquera instrumento de planeamento derivado deste Plan Xeral de Ordenación deberá ser tamén informado por este organismo de conca y calquera actuación en Dominio Público Hidráulico, zona de servidume e policía requirirá autorización seguindo a lexislación sectorial de augas.

Corríxese o indicado na normativa do PXOM e actualízase a lexislación vixente en materia de augas.

4.13 INFORME DA SUBDIRECCIÓN XERAL DE PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL

O día 8 de novembro de 2013 a Subdirección Xeral de Protección do Patrimonio Cultural emite informe desfavorable respecto ao PXOM do concello de Silleda. No informe indícase o seguinte:

O presente informe emítese en virtude do establecido polo artigo 85.3 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural que establece a obriga para a administración municipal de solicitar ás administracións públicas competentes os informes sectoriais que resulten necesarios, e polo artigo 32 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia, que establece que a Consellería de Cultura deberá ser informada dos plans, programas e proxectos que pola súa incidencia sobre o territorio poidan implicar risco de destrución ou deterioración do patrimonio cultural de Galicia, así como a obriga para a Consellería de Cultura de establecer aquelas medidas protectoras e correctoras que considere necesarias para a protección do patrimonio cultural de Galicia. Asemade emítese vistos os informes de arqueoloxía do 2 de marzo de 2013, do 5 de xuño de 2013 e do 21 de xuño de 2013 e o informe de arquitectura do 26 de abril de 2013, todos elaborados polo Departamento Territorial da Consellería de Cultura en Pontevedra, en relación co documento de referencia, constando no expediente.

1. BENS A PROTEXER

1.1. Bens de Interese Cultural

Os bens de interese cultural (BIC) que se atopan no termo municipal de Silleda son os seguintes:

- Mosteiro de San Lorenzo de Carboeiro, en virtude do Decreto do 03 de xuño de 1931, coa categoría de monumento.

- Castelo Torre de Gira, en virtude do Decreto do 22 de abril de 1949, coa categoría de monumento.

- Castelo Fortaleza de Chapa, en virtude do decreto do 22 de abril de 1949, coa categoría de monumento.

Non consta a inclusión deste BIC dentro do catálogo xa que a ficha que o recolle non parece responder á súa descrición e non conta con fotografías. Deberá revisarse e corrixirse esta cuestión.

- Aquel outros que, segundo o establecido nos Decretos 449/1973, 571/1963 e no Decreto do 22 de abril de 1949, gocen de tal consideración en virtude das disposicións adicionais das Leis 16/1985 e 8/1995.

Neste senso, bótase en falta a identificación dos hórreos aos que se refire o Decreto 449/1973, cunha antigüidade de máis de 100 anos. Normalmente os situados nas parcelas das edificacións que se incorporan no catálogo están mencionados nas fichas, aínda que moitos non se identifican nos planos de ordenación nin en fichas independentes, polo que en principio semella que carecen de calquera tipo de protección. Deberá establecerse unha ficha para os todos os hórreos que contén coa condición de BIC, sinalando a súa antigüidade que será maior de 100 anos, alén de mencionarse a súa presenza nas fichas do catálogo das edificacións ás que pertence como construción auxiliar. As anteditas fichas poderán ser individualizadas para cada elemento ou ben fichas conxuntas por núcleos, documentándoos cunha fotografía e un plano de situación, protexéndoos axeitadamente mediante a definición dun contorno de protección.

Cabe mencionar que se atenderá aos mesmos criterios que os anteditos para os hórreos para as cruces e cruceiros incluídos no catálogo cunha ficha individualizada, que presentan carencias no relativo á súa consideración BIC atendendo á súa antigüidade.

Por outra banda, hai un elemento recollido no catálogo como BIC que unicamente conta cun procedemento de incoación para a súa declaración: a igrexa parroquial de Santa María de Abades, en virtude da Resolución da Dirección Xeral de Belas Artes, Arquivos e Bibliotecas, publicada no BOE do 11 de maio 1981).

Non procede incluír coa consideración BIC este elemento xa que segundo o sinalado no artigo 12 da Lei 8/1 995, para os bens que contén con incoación de declaración de BIC, pero non con acordo de declaración expresa no prazo máximo de 20 meses desde a súa incoación, entenderase por caducado o seu expediente de declaración.

1.2. Catálogo

1.2.1. Elementos incluídos

Elementos de arquitectura e etnografía

En primeiro termo, bótase en falta a identificación dos restantes hórreos presentes no termo municipal que, sen ter a antigüidade suficiente para ser considerados BIC (100 anos), si que posúan valores etnográficos, tipolóxicos, construtivos, etc... merecedores de conservación.

Como no caso anterior, os situados nas parcelas das edificacións que se incorporan no catálogo aparecen mencionados nas fichas, aínda que moitos non se identifican nos planos de ordenación nin en fichas independentes, polo que en principio semella que carecen de calquera tipo de protección.

Deberá establecerse unha ficha para os todos os hórreos con valores etnográficos, tipolóxicos, construtivos, etc., presentes no concello, sinalando a súa antigüidade, alén de mencionarse a súa presenza nas fichas do catálogo das edificacións ás que pertence como construción auxiliar. As anteditas fichas poderán ser individualizadas para cada elemento ou ben fichas conxuntas por núcleos, documentándoos cunha fotografía e un plano de situación, protexéndoo axeitadamente mediante a definición dun contorno de protección.

Por outra banda, salienta que non constan no catálogo, ou non se denominan como tal, as edificacións relacionadas a seguir. Esta listaxe elabórase en función dos estudos realizados desde a propia Consellería de Cultura para o termo municipal de Silleda:

- Casa con cruz, no lugar de Cascaxide, Escuadro
- Casa con cruz, no lugar de Outeiro, Escuadro
- Casa reitoral, no lugar de Sueiro, Escuadro
- Unha das casas con cruz, no lugar de Sestelo, Escuadro
- Capela de Vilar, na parroquia de Graba, San Miguel
- Cruceiro, no lugar da Igrexa, Graba
- Fonte - Lavadoiro, no lugar da Igrexa, Graba
- Igrexa parroquial de San Miguel, no lugar da Igrexa, Graba
- Casa con arco nº 7, no lugar de Maril, parroquia de Fiestras

- Peto de ánimas, no lugar de Cordigonde, Cortegada
- Capela do Couto, na parroquia de Oira, lugar de Couto
- Casa de Toscaña, na parroquia de Lamela
- Cheminea do lugar de Freixero, na parroquia de Laro
- Igrexa de San Bieito de Pereiro, na parroquia de Laro
- Centro Cultural de Vista Alegre, no lugar de Bandeira
- Casas tradicionais nº 52-54 e 56 na rúa Xeral, lugar de Bandeira
- Cruceiro de Igrexa, na parroquia de Manduas
- Casa nº 6 da rúa Santa Eulalia, lugar de Silleda

A continuación, sen ser unha relación de carácter exhaustivo, sinalanse unha serie de cuestións derivadas da comprobación dalgúns das fichas de elementos incluídos no catálogo, debendo entenderse como exemplos de cuestións a corrixir e non como unha listaxe pechada de aspectos a modificar:

- Pazo de Fares (ficha 02.02): Descríbese a súa situación no interior dunha grande explotación agrícola que debería terse en conta de cara á definición do elemento protexido. Esta ficha conta con bastante insuficiencia descritiva (por exemplo a aclaración do estado do escudo, en canto á súa aparente alteración) e ten carencias en canto á definición das actuacións singulares que deben acometerse de cara á preservación do ben (por exemplo a eliminación do cadro eléctrico no muro). Porén, no apartado 1.2.2 deste informe desenvólvense as carencias do contido tipo das fichas do catálogo.
- Pombal en Breixiña (ficha 03.10): No caso deste elemento de arquitectura etnográfica non vinculado a unha edificación singular, debería reducirse o contorno de protección recollendo unicamente a parcela na que se sitúa, toda vez que o propio predio xa ten unhas dimensións máis que considerables, máis aínda cando se prolonga a bolsas de solo rústico nas que a edificabilidade é bastante reducida e xa existen condicións de adaptación ao contorno que resultan axeitadas para a preservación deste tipo de bens.
- Mosteiro de San Lourenzo de Carboeiro (ficha 04.02): Trátase dun BIC e polo tanto a ficha debería aportar algún dato máis, alén das condicións necesarias para a súa conservación e preservación. Na ficha non se protexe o antigo acceso empedrado ao mosteiro. Tampouco é admisible que o contorno de protección do elemento sexa máis reducido que a súa propia delimitación.
- Palleira do mosteiro de San Lourenzo (ficha 04.09): Trátase dunha edificación adxectiva de recente construción ou totalmente restaurada, sen que existan datos que permitan entender a súa inclusión no catálogo, mais estando xa cautelada ao estar dentro do contorno de protección do mosteiro.
- Imaxes talladas na fachada da casa reitoral de Cervaña (ficha 06.11): Dada a inclusión no catálogo da edificación principal, na ficha 06.03, non parece necesario incluír unha ficha independentemente para a talla da fachada, podendo reducirse á súa mención como elemento propio dentro da casa reitoral.
- Ponte de Santa Mariña (ficha 13.07): Segundo as fotos achegadas na ficha, o taboleiro da ponte parece de formigón e non está ben rematado. Estas cuestións deberanse recoller nun apartado das fichas onde se inclúan

determinacións particulares de cada elemento protexido. No seguinte apartado deste informe (1.2.2) establécense as demandas para completar o contido tipo da totalidade das fichas do catálogo.

- Pazo da Casela (ficha 14.04): Coas fotografías achegadas non parece clara a súa condición de pazo nin a protección outorgada. Polo menos deberían achegarse datos históricos que acrediten tal extremo.

- Capela de San Antonio (ficha 16.02): O grao de protección que se lle outorga semella desproporcionado, sen máis datos que acompañen á ficha, incluso semella moi dubidosa propia inclusión no catálogo desta edificación.

- Pazo da Viña (ficha 16.04): Non está xustificado o grao de protección outorgado xa que dado o estado do inmovible e a súa importancia debería establecerse o grao de protección integral.

- O muíño da Pallota (ficha 26.05) en Corrospeclriños (Silleda) está mal situado. Asemade a súa denominación correcta é muíño de Vidal.

- Igrexa parroquial de Santa Baia (ficha 30.01): Deberá mellorarse a súa descrición, incluíndo unha mención específica ás pezas románicas existentes nos muros de cachotería entre outras cuestións. Tamén se terán en conta as consideracións relativas a este elemento que se describen no apartado do informe correspondente á ordenación do solo urbano (3.2).

- Casa do concello (fiche 30.06): Na ficha do catálogo non se fai especial referencia aos seus elementos singulares como son o reloxo da fachada principal e a solución no encontro coa cuberta. Non existe datación do edificio fin referencias ao seu interior.

Tamén deberán terse en conta as consideracións relativas a este elemento que se describen no apartado do informe correspondente á ordenación do solo urbano (3.2).

- Casa da cultura (ficha 30.07): Non aparece ningunha referencia ea uso orixinal da edificación, como cuartel da Garde Civil, nin constan as distintas actuacións realizadas nas plantas baixa e primeira. Insistir na carencia nos datos da descrición e na falta de regulación das obras permitidas e prohibidas. Tamén se terán en conta as consideracións relativas a este elemento que se describen no apartado do informe correspondente á ordenación do solo urbano (3.2).

- Biblioteca municipal (ficha 30.10): Non aparece ningunha referencia ao uso orixinal da edificación, unha antiga escola construída pola emigración americana. Na descrición hai unha referencia á "vivenda" cando non parece responder a ese uso e no campo "titularidade" indicase "privada" o que resulta estraño para unha biblioteca municipal. Tamén se terán en conta as consideracións relativas a este elemento que se describen no apartado do informe correspondente á ordenación do solo urbano (3.2).

- Vivenda tradicional 10 (ficha 30.21): Non se recolle ningunha consideración das obras que se están realizando e que rompen coa simetría da edificación.

- Non se recolle nunha ficha individualizada o hórreo que se pode apreciar na ficha 30.30 vivenda tradicional en Toiriz, feito que pon de manifesto o criterio para o resto dos elementos protexidos, polo que exemplifícase o mencionado para os hórreos nos anteriores parágrafos do informe.

- O grao de protección estrutural outorgado ás fontes e aos lavadoiros resulta excesivo nalgúns casos, por exemplo nas fichas 30.37, 09.11, etc... Debe contemplarse a posibilidade de eliminar os elementos engadidos destes bens, non só como obra permisible, senón como unha actuación necesaria.

Por outra banda, non semella necesaria ou xustificada a inclusión no catálogo dos seguintes elementos, polo que se deberán suprimir do catálogo:

- Fonte en Reguenga (ficha 06.04)

- Cruces do Burgo e Cortagadela (fichas 09.23 e 09.24)

- Palco da música no Portiño (ficha 10.09) e no Cauto (ficha 10.10)

- Casa de Maril, no 8 (ficha 12.05): A casa está sendo restaurada e segundo as fotos achegadas parece que a edificación non conta con suficiente interese para a súa inclusión no catálogo.

- Casa rural "Casa de Caheiro" (ficha 14.05)

- Casa reitoral de San Salvador de Laro (ficha 15.04)

- Cruceiro en Pazos (ficha 21.07)

- Fonte en Trasdosisto (ficha 25.05)

- Fonte en Cabodevila (ficha 32.04)

Elementos de arqueoloxía

No relativo aos elementos arqueolóxicos é necesaria a inclusión no catálogo dos seguintes elementos que forman parte dos arquivos da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, e que non figuran no actual catálogo:

- GA360521 14: Mámoa da Agra dos Castros 1

- GA36052115: Mámoa da Agra dos Castras 3

- GA36052116: Mámoa do camiño dos Barreiros 3

- GA36052117: Mámoa de Toiriz

- GA360521 18: Mámoa de Farelos 4

- GA360521 19: Mámoa das Zancas 3

- GA36052 120: Petróglifo de Carboeiro de Francia

- GA36052121: Montecelo

- GA36052 122: Petróglifo de Laxe 3

- GA36052 123: Castro de Casanova

- GA36052124: Petróglifos de Tras da Costeira 1
- GA36052 125: Petróglifos de Tras da Costeira 2
- GA36052 126: Petróglifos de Tras da Costeira 3
- GA36052127: Petróglifos de Coto Grande 1
- GA36052128: Petróglifos de Coto Grande 2
- GA36052 129: Mámoa de Penido 5
- GA36052130: Xacemento de Ameixeira.
- GA36052131: Mámoa de Eira dos Mouros 1
- GA36052132: Petróglifos de Eira dos Mouros
- GA36052133: Mámoa de Eira dos Mouros 2
- GA36052 134: Petróglifos do Monte do Santo
- GA36052135: Petróglifos do Monte de Carballeda
- GA36052136: Petróglifos do Coto do Santo
- GA36052 137: Mámoa de Mourelas/Monte da Mámoa
- GA36052138: Mámoa do Monte das Latas
- GA36052139: Mámoa de Lagoas
- GA36052 140: Petróglifos de Pena Longa 2
- GA36052141: Petróglifos de Gorgullós
- GA36052A36: Sartego de Bravil

Tamén deberán incluírse os seguintes xacementos situados en concellos limítrofes, que afectan aos terreos do termo municipal de Silleda:

- GA360 17055: Mámoa do Monte dos Escuros 3 (A Estrada)
- GA36017138: Mámoa do Monte dos Escuros 5 (A Estrada)
- GA36017186: Mámoa do Monte dos Escuros 1 (A Estrada)
- GA36017020: Mámoa de Coto Vello (A Estrada)
- GA36017052: Mámoa do Penedo Vello (A Estrada)

- GA36017053: Mámoa do Alto de San Sebastián (A Estrada)
- GA36018052: Mámoa de Fonte de Abrotea 1 (Forcarei)
- GA36018018: Ermida de San Bieito (Forcarei)
- GA36059024: Castro de San Paio (Vila de Cruces)
- GA36059023: O Castelo (Vila de Cruces)

Por outra banda, a "Mámoa de Ferreiriña 1" (recollida na ficha 1.17) deberá retirarse do catálogo xa que o xacemento e o seu contorno inmediato foron destruídos completamente por unha explotación mineira.

Para os efectos de integrar os anteriores elementos no plan, as fichas dos bens e os planos coa súa localización están localizados nas dependencias desta Consellería de Cultura para a súa consulta por parte do equipo redactor.

1.2.2. Contido das fichas

- Datos de localización:

Nas fichas non constan as coordenadas UTM que permiten xeoreferenciar o ben. Indicarase o sistema de referencia ao que se refiren as coordenadas UTM, que poderá ser o ETRS89 ou o ED50 (neste caso coa referencia ao sistema ETRS89), en ambos os dous casos co fuso 29.

O plano de situación é de moi escasa dimensión, cunha escala demasiado reducida (1:10000) polo que resulta moi complicado determinar a situación exacta do elemento protexido en relación cos elementos do seu contorno inmediato, así como determinar a extensión e a delimitación exacta do contorno de protección.

Esta carencia deriva en que non sexa posible valorar con claridade este punto, quedando posposto ata que se modifique o sinalado. En todo caso, avanzar que aparentemente non se respectan como límites dos contornos de protección elementos como poden ser o viario existente, o parcelario ou os elementos naturais. Un exemplo do comentado recóllese nas fichas 01.03, 01.10, 05.01, etc... Asemade, o plano de emprazamento deberá incluír unha lenda que identifique con claridade as cuestións sinaladas con distinta grafía.

O plano de situación deberá contar cunha escala axeitada, debuxado sobre a cartografía base dos planos de ordenación cun grafismo que permita a identificación clara do ben e dos seus ámbitos e contornos de protección, tanto para os elementos arquitectónicos, etnográficos como para os arqueolóxicos.

Por outra banda, salienta que non existe concordancia entre os planos incluídos nas fichas do catálogo e os planos de ordenación, como exemplo, na ordenación dos núcleos rurais (escala 1:2000) en relación coa ficha 01.10, obsérvase que o núcleo común ten unha dimensión moito maior que o núcleo común recollido no mesmo ámbito dos planos de ordenación.

- Delimitación do ben e do seu contorno de protección:

A delimitación dos bens catalogados deberá ter en conta que estes están constituídos tanto polo propio ben como por aqueles elementos sen os que quedaría descontextualizado (finca, muradas anexas ás construcións, eiras, camiños ou espazos nos que se emprazan os hórreos, canles e depósitos nos muíños, etc...). Por isto con

carácter xeral, na ficha correspondente deberase recollerse e protexerse tamén a parcela que os contén e os elementos que lle sexan propios.

Os planos que recollen os núcleos rurais (escala 1:2000) tampouco aportan ningún tipo de dato máis, ou un nivel de definición maior que permita determinar dun xeito coherente a inclusión da totalidade da parcela como elemento protexido, feito que apoiado na insuficiencia da descrición da situación real do elemento impide unha correcta valoración dos eles elementos recollidos no catálogo.

En todo caso, cómpre reiterar que dada a escala da documentación gráfica que recolle os elementos protexidos e os seus contornos de protección, resulta imposible comprobar en cada caso a correcta delimitación do ben protexido.

No relativo aos contornos de protección, a modo de exemplo indicar que se aprecia unha incorrecta delimitación do contorno de protección do pombal de Abades (ficha 01.10), que non se apoia na distinta clasificación do solo e, aparentemente, sen ningún tipo de motivación máis que a existencia ou non de edificacións na parcela. Estas cuestións deben ser revisadas con carácter xeral, por canto a afección sobre os elementos protexidos tamén se debe estender ás parcelas limítrofes que poden acoller novas edificacións.

Nos planos de emprazamento dos cruceiros e dalgúns fontes tamén se aprecia que non existe a delimitación do contorno de protección, polo que deberá corrixirse.

- Descrición gráfica:

En moitos casos as fotografías achegadas nas fichas non recollen a totalidade dos alzados das edificacións, cuestión que resulta necesaria e factible na maioría dos casos. En calquera caso a fotografía que se inclúa nas fichas deberá ser representativa tanto do ben como da súa relación co contorno inmediato. Se o ben precisa mais pola súa importancia, tamaño ou pola presenza nel de elementos que merezan a súa descrición individual, deberán incorporarse as fotografías que sexan necesarias.

- Descrición das súas características construtivas: breve descrición da tipoloxía:

En xeral, o texto descritivo das fichas resulta insuficiente, sen apoio histórico- artístico que aporte ás edificacións, sobre todo no caso das igrexas de gran presenza no concello. Como exemplo, na igrexa de Santa María de Abades non se sinala a súa data de construción, o seu estilo artístico (románico) ou datos relevantes do seu interior como a existencia de pinturas murais do século XVI.

- Determinacións para a súa consetvación, rehabilitación, mellora ou recuperación:

Nas fichas non se inclúe un apartado onde se describan as actuacións preferentes a realizar nos bens protexidos. Este campo denominarase "determinacións para a súa conservación, rehabilitación, mellora ou recuperación". Completarase coa descrición dos elementos discordantes e a previsión das posibles actuacións para eliminarlos e recuperar o carácter tradicional dos bens.

Neste senso, con carácter xeral, nas fichas das edificacións tradicionais debería indicarse a necesidade de conservar a súa imaxe, volumetría e forma orixinal, sinalándose con carácter expreso as obras permitidas sobre todo no que respecta á posibilidade de aumento de volume se considera admisible.

1.2.3. Erros detectados

A continuación sinálanse unha serie de erros presentes nas fichas dos elementos arqueolóxicos:

- Indicar que no documento do catálogo faltan as fichas 7.18 e 7.19 correspondentes aos elementos sinalados no plano de ordenación 12.

- A ficha da torre da Chapa (7.11) é contraditoria coa ficha 7.07, xa que se trata do mesmo ben.

- Sería axeitado incorporar á ficha 31.14 (necrópole de Taboada) o sartego medieval situado ao pé do cruceiro (ficha 31.12)

- A ficha 1.17 deberá excluírse do catálogo polas razóns anteditas con respecto ao elemento en cuestión.

Por outra banda, deberán revisarse os textos e corrixirse os seguintes erros de redacción detectados nas seguintes fichas:

- Ficha 1.18: Deberase actualizar ao estado actual.

- Ficha 4.12: Deberase facer alusión ás escavacións feitas no mosteiro.

- Ficha 4.13: A fotografía non se corresponde co lugar do achado.

- Ficha 14.21: Parroquia> Piñeiro

- Ficha 19.27: Nome> Eirexa VeNa

- Ficha 21.15 : Nome> Chao de Petos

- Ficha 21.16 : Nome> Chao de Petos

- Ficha 21.18: Nome > Petróglifo da Laxe 3; Clave de identificación > GA360521 22

- Ficha 28.11: Deberá suprimir a palabra túmulo.

- Ficha 29.22: Clave de identificación> GA3605295

- Ficha 29.23: Clave de identificación > GA3605294

- Ficha 30.55 : Nome> Castro de Toiriz

- Ficha 30.57: Plano de localización e fotografía > cambiar polo 30.58

- Ficha 30.58 : Plano de localización e fotografía> cambiar polo 30.57

1.2.4. O Camiño de Santiago, Ruta da Prata

O artigo 1.4 da Lei 3/1 996 inclúe na denominación xenérica de "Camiño de Santiago" a Ruta da Prata, e establece que a súa delimitación e deslinde realizárase de acordo co disposto na dita lei. En tanto non se conclúa o procedemento de delimitación recollerase o trazado do Camiño de Santiago, Ruta da Prata, sometido a información pública por Acordo da Secretaría Xeral da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo do 13 de xaneiro do 1998 (DOG no 15 do 23 de xaneiro de 1998).

Tendo en conta que actualmente a Consellería de Cultura está a realizar a delimitación da Ruta da Prata, e que polo tanto a traza sometida a información pública en 1998 ten un carácter transitorio, a traza do camiño reflectirase unicamente no catálogo mediante fichas semellantes ás do resto dos elementos protexidos, onde se describirán por treitos as características da vía en cada zona, o estado de conservación e as determinacións para a súa conservación, todo isto complementado con documentación gráfica e fotográfica pormenorizada, utilizando a cartografía de ordenación. A ficha recollerá o trazado municipal completo a unha escala axeitada e deberá contar con tantas follas como sexan necesarias para definir todos os elementos anteditos. Poderase aproveitar a ficha do Camiño de Santiago para recoller os treitos do camiño real que se inclúen na ficha actual, xa que poden ser trazados alternativos á propia senda da Ruta da Prata e teñen a mesma natureza como ben protexido. Tamén constará unha referencia na ficha ao carácter provisional do trazado ata que se delimite oficialmente desde a Consellería de Cultura.

A actual ficha do Camiño de Santiago, Ruta da Prata (OO.CSO1) é incompleta xa que, en primeiro termo, non recolle o trazado do camiño que discorre polo termo municipal a unha escala axeitada.

Tampouco incorpora unha descrición completa (unicamente cita algúns bens) dos elementos patrimoniais relacionados coa ruta, fotografías e descrición dos treitos, estado de conservación, etc...

Indicar que o trazado incorporado actualmente no PXOM é correspondente co do ano 1998, salvo nun tramo da entrada suroeste do camiño no concello, ata o solo urbano de Silleda.

Achégase o plano do ano 1998 por onde discorre a traza do camiño no tramo en cuestión (sinalado en vermello) que deberá ser corrixido e incorporado na ficha de catálogo demandada:

Na ficha do catálogo débese recoller tamén a singularidade dos núcleos rurais polos que atravesa, así como outros elementos de interese, como fontes, muros de pedra e vexetación á marxe.

Como criterio, eliminarase a traza dos planos de ordenación co obxectivo de que a incorporación da nova traza que se delimite implique a mínima modificación do documento do PXOM ao ter que modificarse unicamente as fichas de catálogo correspondentes.

En resume, no relativo á ruta histórica recoñecida como Camiño de Santiago, Ruta da Prata, cómpre considerar:

a. Nos planos de información ou de análise dos asentamentos recollerase unha análise do camiño onde se reflecta a traza, os seus elementos anexos (muros, valos, vexetación autóctona...), edificacións singulares que garden relación co feito da peregrinación (capelas, casas de arrieiros...), elementos ligados ao camiño e á auga, reflectindo claramente as construcións de factura tradicional que hai ao seu carón.

b. A ordenación que se formule será coherente coa conservación dos valores tradicionais do territorio histórico do camiño, polo que a clasificación e cualificación do solo debe atender ás características e usos tradicionais deses solos no contorno deste elemento patrimonial. O camiño esixe manter o carácter peonil, e a ordenación que se faga ao seu carón non poderá por en perigo os seus valores. Neste senso, o Camiño de Santiago, Ruta da Prata non servirá de apoio e soporte a novos desenvolvementos urbanos.

Tamén deberá delimitarse o contorno de protección da traza do camiño, como calquera outro elemento protexido incluído no catálogo. A delimitación deste contorno de protección elaborárase en base aos seguintes criterios:

- En solo urbano consolidado terá como mínimo 30 metros de largura a cada lado e afectará a parcelas completas.

No documento actual, nos ámbitos que discorren polo solo urbano o contorno de protección desaparece á escala 1:5000. Se ben nos planos de detalle de solo urbano a escala 1:1000 o contorno de protección existe, normalmente ten unha largura superior a 30 metros, non recollendo parcelas completas.

- En solo urbano non consolidado ou urbanizable o contorno de protección abarcará á totalidade destes ámbitos cando non se estableza a ordenación detallada. De establecerse a antedita ordenación terá como mínimo 30 metros de largura e afectará a parcelas completas.

No documento actual, nos ámbitos de solo urbano non consolidado o contorno de protección toma o mesmo criterio que para o solo urbano consolidado, polo que non recolle a totalidade do ámbito.

- En solo de núcleo rural o contorno englobará a totalidade dos núcleos tradicionais vinculados ao camiño e terá unha largura mínima de 30 metros afectando a parcelas completas.

No documento actual, nos ámbitos que discorren por solo de núcleo rural en ningún caso se inclúen no contorno de protección os núcleos na súa totalidade, establecéndose unha largura mínima duns 30 metros.

- En solo rústico o contorno de protección terá unha largura mínima de 100 metros e afectará a parcelas completas.

No documento actual, nos ámbitos que discorren por solo rústico a largura mínima en ningún caso chega aos 100 metros, estando na maioría dos casos comprendida entre 30 e 40 metros.

Salientar que non se pode comprobar se o contorno de protección inclúe parcelas completas xa que a definición gráfica do parcelario non se recolle nos planos de ordenación.

Este contorno de protección delimitárase sen prexuízo do réxime establecido pola Lei 3/1996 para as zonas de protección lateral e do contorno que se definen.

En canto á normativa, no título IV das "Normas IX: Normas de protección do patrimonio cultural", recóllense ás consideracións relativas ao Camiño de Santiago.

En varios artigos menciónase o "eido de protección do camiño", debendo substituírse por "contorno de protección do camiño" para acadar unha uniformidade na denominación con outros planeamentos.

No artigo 429.4.a) recóllese unha frase onde se indica o carácter BIC do camiño. Deberá corrixirse xa que unicamente a ruta principal coñecida como Camiño Francés, ten a antedita consideración.

No artigo 429.4.b) indícase que "En tanto non se conclúa o procedemento de delimitación do Camiño do Sueste - Vía da Prata o PXOM recolle nos planos de ordenación o trazado exposto ao público, por acordo da Secretaría Xeral da Consellería de Cultura e Comunicación Social de 12 de novembro de 1997". Deberá substituírse por "Acordo da Secretaría Xeral da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo do 13 de xaneiro do 1998 (DOG nº 15 do 23 de xaneiro de 1998)".

O título do artigo 431 deberá mudar a denominación "área" por "contorno" así como no resto do artigo.

2. NORMATIVA DE PROTECCIÓN

2.1. Patrimonio arquitectónico e etnográfico

A continuación achégase unha relación dos distintos artigos da normativa que deberán ser revisados ou corrixidos:

Artigo 56. Licenzas en elementos catalogados e nos seus entornos de protección

En primeiro termo cómpre mudar a palabra "entornas" por "contornos" no título para acadar unha uniformidade na denominación. Atendendo ao apartado 1, a respecto das obras de canalizacións, infraestruturas, urbanizacións, etc... é posible que se entenda que non é preciso obter a previa a autorización da Consellería de Cultura. Neste senso, debería revisarse a referencia ao tipo de obras, sendo recomendable a utilización dos termos incluídos no artigo 195 da Lei 9/2002, incluíndo claramente a diferenciación entre obras maiores e obras menores e a necesidade de achegar proxecto técnico no caso das primeiras.

Artigo 57. Documentación para solicitudes de licenza en elementos catalogados

Dentro da documentación a aportar xunto coa solicitude de licenza de obras, no apartado do informe técnico municipal, deberá facerse constar que alén de avallar a viabilidade urbanística da actuación deberá constar expresamente a referencia ao elemento recollido no catálogo que motiva a remisión do expediente á Consellería de Cultura.

Artigo 182. Edificios destinados a vivenda (en solo urbano)

No solo urbano, dentro das condicións estéticas, deberá incluírse para o caso das medianeiras vistas que existan nos contornos de protección de elementos recollidos no catálogo, que deberán contar cun remate acorde aos seus materiais de fachada, evitando en todo caso a colocación de pranchas de fibrocemento, aínda que esta consideración poida interpretarse da lectura conxunta dos artigos 183 e 421 da normativa.

Dada a incidencia das medianeiras no ámbito urbano, sería axeitada a creación dunha ordenanza específica que regulara pormenorizadamente as súas condicións, analizando diversos casos, sinalando prazos para adaptalas á nova normativa, tipos de obras a realizar nas edificacións como impermeabilizacións, renovacións de baixantes, fachadas, etc...

Artigo 200. Edificacións e instalacións fóra de ordenación.

No apartado 3.b (incompatibilidade total) deberán excluírse desta situación aquelas edificacións tradicionais de singular valor arquitectónico e etnográfico, aínda que non estean recollidas no catálogo ou non contén con protección expresa.

Artigo 304. Condicións particulares (da ordenanza 9 ou 0-9, patrimonio arquitectónico e etnográfico, no ámbito do solo urbano)

Esta ordenanza non aporta ningunha aclaración, modificación ou cuestión que teña que terse en conta polo que resulta prescindible.

Artigo 316. Condicións de posición (en solo de núcleo rural)

O apartado 2. Recuados das edificacións, deberá recoller a prioridade da conservación da implantación actual das edificacións, rúas e muros tradicionais, sobre a necesidade de recuados nas vías de comunicación. Asemade, deberá preverse a posibilidade de modificar o carácter xeral deste apartado en función da

existencia dunha aliñación consolidada, establecendo se é posible as condicións mínimas que determinan tal extremo.

Artigo 357. Edificacións existentes de carácter tradicional ou de singular valor arquitectónico

Debería incluírse que neste tipo de edificacións teranse en conta as condicións establecidas nas normas de protección do patrimonio cultural, contidas no título IX da normativa, a modo de recomendación no relativo ás condicións estéticas e construtivas.

Artigo 414. Nivel I. Protección integral

No apartado 1. Eido de aplicación, non aparecen incluídos con carácter xeral os BIC, polo que sen dúbida deberán engadirse.

No apartado 2. Obras permitidas e prohibidas, deberá incluírse a posibilidade do derribo parcial daqueles elementos claramente descontextualizados presentes nos bens protexidos, permitindo as obras de consolidación das edificacións existentes. Nas fichas do catálogo deberá establecerse a necesidade da súa eliminación, estudando caso por caso e reflectíndoo no apartado "Determinacións para a súa conservación, rehabilitación, mellora ou recuperación" que se demanda no apartado 1.2.2 deste informe.

Artigo 415. Nivel II. Protección estrutural

No apartado 2. Obras permitidas e prohibidas, deberá incluírse a posibilidade do derribo parcial para aqueles elementos claramente descontextualizados presentes nos bens protexidos. Nas fichas do catálogo deberá establecerse a necesidade da súa eliminación, estudando caso por caso e reflectíndoo no apartado "Determinacións para a súa conservación, rehabilitación, mellora ou recuperación" que se demanda no apartado 1.2.2 deste informe.

Por outra banda, as obras permitidas parecen máis estritas que as sinaladas para o nivel de protección integral, cuestión que debería revisarse. Asemade deberían permitirse as obras de reestruturación, de xeito excepcional e xustificadas, limitadas aos elementos estritamente necesarios polo seu mal estado de conservación ou perda de funcionalidade, non podendo supoñer risco de perda ou dano dos valores que motivan a protección estrutural do edificio ou elemento.

Artigo 416. Nivel III. Protección ambiental

No apartado 2. Obras permitidas, non se contempla a ampliación en planta ou en volume independente, cuestión que nalgún caso podería ser a única opción posible, sempre e cando non se produza menoscabo dos valores a protexer. A adición de plantas só se permitirá no caso de que o permita a ordenanza de aplicación e na ficha do catálogo se establezan de xeito pormenorizado as condicións da ampliación.

Asemade, deberá incluírse a posibilidade de realizar obras de demolición parcial dos elementos alleos e claramente descontextualizados presentes nos bens protexidos, aínda que formen parte da imaxe exterior da edificación. Nas fichas do catálogo deberá establecerse a necesidade da súa eliminación, estudando caso por caso e reflectíndoo no apartado "Determinacións para a súa conservación, rehabilitación, mellora ou recuperación" que se demanda no apartado 1.2.2 deste informe.

Artigo 417. Condicións de uso

Debería incluírse como uso permitido todo o que sexa compatible coa conservación do ben protexido, xa que os usos actualmente previstos resultan claramente restritivos.

Artigo 419. Declaración de ruína e demolición dos edificios catalogados

Deberá modificarse o apartado 2, no que unicamente se esixe o informe (que se substituirá por autorización) da Consellería de Cultura para aquelas edificacións declaradas BIC, facéndoa extensiva a todas as edificacións recollidas no catálogo.

Artigo 421. Intervención e condicións das actuacións nas áreas de protección

Deberá "informe vinculante e preceptivo" por "autorización" así como substituír todas as referencias incluíndo o título de "área de protección" por "contorno de protección". Asemade, debería concretarse e limitarse o conxunto de obras que deben contar coa antedita autorización no ámbito dos contornos de protección de elementos recollidos no catálogo, que se recollerán segundo estes criterios:

- Nos bens protexidos precisarán autorización todas as obras ou intervencións que os afecten (artigo 54 da Lei 8/1 995).
- No contorno de protección dos bens protexidos haberá que solicitar autorización para:
 - Todas as obras de nova edificación, construción ou instalación incluíndo as de carácter provisional, así como as de demolición.
 - Todas as obras (de conservación, restauración, consolidación, rehabilitación, reestruturación ou ampliación) ou calquera outra intervención en edificios existentes que se manifeste ao exterior (espazo público ou privado)
 - As intervencións sobre a estrutura parcelaria existente (agregacións ou segregacións), os elementos construtivos configuradores da paisaxe ou do espazo urbano (peches, noiros,...) ou a topografía existente (movementos de terras).
 - Os proxectos de urbanización.
 - Os instrumentos de planeamento.
 - Aquelas actividades ou usos suxeitos a licenza municipal con incidencia sobre os bens protexidos.
 - As repoboacións forestais e as ta'as que pola superficie afectada teñan incidencia territorial.

2.2. Patrimonio arqueolóxico

Artigo 29. Actos suxeitos a licenza municipal

Sería conveniente que se concretasen os traballos, obras ou instalacións que requiren de licenza municipal, non remitindo á reacción da Lei 9/2002. En todo caso, entre os actos sometidos a licenza municipal deberán incluírse as cortas e plantacións de árbores e os movementos de terra agrícolas en profundidade, que afecten aos xacementos arqueolóxicos ou aos seus contornos protexidos.

Artigo 56. Licenzas en elementos catalogados e nos seus entornos de protección

No apartado 6, no caso de manter esa redacción, cómpre exceptuar os controis arqueolóxicos, xa que por definición téñense que facer durante a obra, que debe ter licenza municipal. Porén, sería recomendable eliminar o apartado ou modificar a redacción, xa que nalgúns casos non se realizarían as intervencións arqueolóxicas (incluídas sondaxes, ou escavacións en área) se non hai a certeza de que se val conceder a licenza municipal.

Artigos 386 e seguintes (solo rústico de especial protección do patrimonio cultural)

Cómpre modificar o artigo 387, non sendo aceptable que se permitan as obras, usos e instalacións contidas xa que significaría a destrución do xacemento arqueolóxico ou a súa degradación. Deberanse prohibir todo tipo de obras e instalacións que non estean relacionados coa conservación, protección e posta en valor do ben cultural, agás os usos agrarios tradicionais.

A este respecto, nos planos de ordenación non se debe grafar como solo rústico de especial protección do patrimonio cultural o ámbito dos contornos de protección dos bens culturais. A área de protección que se delimite como contorno, deberá contar coa clasificación do solo que se estableza pola súa natureza. Pola contra, a delimitación do propio ben cultural, entendida como protección integral, si que deberá clasificarse como solo rústico de especial protección do patrimonio cultural, agás as referencias, achados arqueolóxicos e algún xacemento, xa citados noutros apartados deste informe.

Artigos 423 e seguintes (graos de protección dos xacementos arqueolóxicos)

A división en tres categorías de protección dos xacementos non resulta axeitada. Realmente só deben existir dúas categorías: os xacementos para os que se determine que deben ter protección integral e o resto.

Non é coherente que dentro do grao II de protección exista unha protección integral (grao 11.1) e, ao mesmo tempo, unha protección non integral (grao 11.2). Por outra banda, a redacción que se lle dá ao artigo 424.1.a) deberá modificarse debido a que, sendo conveniente que non se permita a plantación de árbores, non deberá quedar taxativamente prohibida a súa corta.

Asemade, coa redacción que se lle da ao artigo 424.3.b), estaría prohibida practicamente calquera obra no contorno dos xacementos que se grafase como solo rústico de especial protección do patrimonio cultural. A redacción deste apartado contradíse co que se ditamina a través do artigo 387 (relativo aos usos no solo rústico de especial protección do patrimonio cultural).

Por último, os graos de protección 11.2 e III, permiten as mesmas actuacións polo que non ten sentido a súa diferenciación.

2.3. Condicións especiais do réxime de obras

Cómpre incorporar un artigo onde se recollan as definicións das obras permitidas nos bens protexidos no catálogo. Serán as seguintes:

- Conservación: son aquelas obras encamiñadas a cumprir coas obrigas da propiedade no que se refire ás condicións de ornato e hixiene da edificación. Non poden afectar á distribución interior, ás características formais fin estrutura do edificio, non podendo ocasionar alteracións ou substitucións de calquera dos elementos estruturais ou de deseño do mesmo.

- Restauración: son aquelas obras que teñen por obxecto a restitución dun edificio ou de parte do mesmo ao seu estado orixinal. A situación de estado orixinal debe atoparse suficientemente documentada. Poderá comprender así mesmo as obras complementarias que coaboren ao antedito fin. Inclúense dentro deste tipo de obras, entre outras análogas, as de eliminación de elementos estraños engadidos ás fachadas e cubertas dos edificios, a recuperación de cornixas e aleiros suprimidos en intervencións anteriores, a reposición de molduras e ornamentos eliminados nas fachadas, a recuperación das disposicións e ritmos orixinais dos ocos e dos rebocos ou a eliminación de falsos teitos e de outros engadidos.

- Consolidación: son aquelas obras que teñen por finalidade o afianzamento, reforzo ou substitución de elementos danados para asegurar a estabilidade do edificio, con posibles alteracións menores da súa estrutura. Respetarán a organización espacial, a tipoloxía estrutural e a composición exterior da envolvente do edificio.

- Rehabilitación: son aquelas obras que pretenden mellorar as condicións de habitabilidade ou accesibilidade, dun edificio ou de parte do mesmo, mediante a introdución de novas instalacións, a modernización das existentes ou a introdución de pequenas modificacións na distribución do seu espazo interior, sen intervir sobre as características morfolóxicas ou a estrutura portante, nin alterar a envolvente do edificio. Poderá autorizarse excepcionalmente e de xeito xustificable a apertura de novos ocos e a modificación dos existentes.

- Reestruturación: son aquelas actuacións de renovación ou transformación en edificios inadecuados para un uso específico, poio seu grado de deterioro ou especlais deficiencias arquitectónicas ou funcionais, que supoñan a modificación da configuración arquitectónica e a substitución de elementos da súa estrutura, mantendo en calquera caso os elementos de cerramento que definan o volume e forma do edificio. As ditas obras, poderán comportar a substitución de elementos estruturais, así como a modificación de elementos determinantes de organización tipolóxica, como escaleiras ou patios, ou a redistribución dos espazos interiores.

- Ampliación: son aqueles actuacións encamiñadas á ampliación dun edificio existente, sen modificar as súas aliñacións exteriores e plan os de fachada, mantendo ou non a tipoloxía estrutural. No caso da adición de plantas, esta efectuarase con criterios de integración compositiva e coherencia formal coas fachadas actuais.

2.4. Outras determinacións normativas

Dentro do título III. Desenvolvemento, xestión e execución do PXOM, farase constar a obriga de someter todas as figuras de planeamento ao informe da Consellería de Cultura, atendendo ao establecido no artigo 32 da Lei 8/1 995.

3. ORDENACIÓN

3.1. Consideracións xerais

Con carácter xeral, a ordenación proposta para o solo urbano non se axusta ás condicións necesarias de protección dos inmobles recollidos no catálogo.

Existen ámbitos dentro dos dous solos urbanos delimitados cunha estrutura urbana merecedora de protección (rúa do Trasdeza en Silleda, rúa Xeral en Bandeira, etc...) na que de feito existen bens individuais protexidos polo catálogo ou o propio trazado do Camiño de Santiago, Ruta da Prata. Por isto, verificarase o cumprimento do establecido no artigo 46,1 da Lei 9/2002, en canto á ordenación formulada:

"O planeamento urbanístico terá como obxectivo no solo urbano consolidado favorecer a conservación e recuperación do patrimonio construído, dos espazos urbanos relevantes, dos elementos e tipos arquitectónicos

singulares, das formas tradicionais de ocupación do solo e dos trazos diferenciais ou distintivos que conforman a identidade local.

En tal sentido, procurarase mante-la trama urbana existente, e as construcións de nova planta, así como a reforma, rehabilitación ou ampliación das existentes, serán coherentes coa tipoloxía arquitectónica característica do contorno, en particular en canto á altura, ó volume e ó fondo edificables".

No seguinte apartado do informe (3.2) menciónanse casos concretos de ámbitos cuxa ordenación non atende aos criterios expostos no antedito artigo.

Pola contra, no solo de núcleo rural a protección outorgada val máis alá con moito da propia delimitación do solo como ámbito edificable.

3.2. Solo urbano consolidado

Solo urbano de Silleda

- Con respecto á igrexa parroquial de Santa Baja (ficha 30.01):

A igrexa atópase nunha das escasas zonas verdes do solo urbano, unha praza pública coñecida como a Praza da igrexa, sen que esta vinculación se manifeste de maneira expresa na ficha do catálogo.

Aínda que a súa protección xa ven outorgada polo contorno de protección do Camiño de Santiago, Ruta da Prata e o da propia igrexa, debería facerse constar na ficha a vinculación expresa da Praza coa igrexa, así como recollese as obras, instalacións e demais cuestións desta índole que sexan permisibles.

Por outra banda, a ordenación limítrofe do solo urbano regulariza e legaliza unha situación de facto, dada polas edificacións existentes e que xa foron informadas desfavorablemente na Comisión Territorial de Patrimonio Histórico de Pontevedra.

Tamén engadir que o contorno de protección inmediato neste ámbito prolongase por detrás do fondo máximo edificable, de maneira que nun ámbito sen aparente posibilidade de edificación, e sen que teña incidencia visual para o elemento protexido condiciónase a obter autorización da Consellería de Cultura, cuestión que semella desproporcionada.

- Con respecto á casa do Concello (ficha 30.06):

A ordenación proposta no seu contorno resulta confusa. Por un lado trátase dunha edificación exenta, de singularidade recoñecida, e a ordenación non recolle esta circunstancia xa que non inclúe ningún tipo de espazo libre como pertencente ao edificio. Por outra banda, fórmase polo vento este a súa unión en medianeira coa ordenación proposta, cuestión que resulta incompatible coa protección do elemento e coas ventás existentes nesa fachada. No vento noroeste a ordenación formulada chega en forma de bloque de edificios en fachada, deixando unha posible medianeira, que en todo caso deberá limitarse e entenderse como un espazo aberto, como unha fachada con ocos, como se dunha praza aberta se tratara. Deberase volver a estudar para reformular a ordenación de todo este ámbito.

- Con respecto á casa da cultura (ficha 30.07):

A aliñación interior prevista pola ordenación non se axusta á inclusión no catálogo da edificación, co nivel de protección estrutural, coa obriga da conservación das fachadas, cuestión incompatible a priori coa aliñación

proposta como fondo máximo. En todo caso, deberán eliminarse as condicións xerais de ordenación nos elementos protexidos.

- Con respecto á biblioteca municipal (ficha 30.10):

Sínálase o mencionado para a casa da cultura respecto á protección estrutural e ao establecemento dun fondo edificable superior. Esta cuestión amplíase ata as edificacións lindadeiras, aínda que neste caso só contan con protección ambiental.

- Con respecto ás vivendas tradicionais 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 12 e 13 (fichas 30.14, 30.15, 30.16, 30.17, 30.18, 30.19, 30.20, 30.21, 30.22, 30.23 e 30.24 do catálogo):

A ordenación proposta non fomente a conservación do seu carácter ambiental, proposto polas fichas de catálogo, nin ten en conta os criterios recollidos no artigo 46.1 da Lei 9/2002, mencionados no apartado 3.1 deste informe.

- Con respecto á vivenda tradicional (fiche 30.25):

A protección deste elemento non se recolle nos planos de ordenación. A ordenación proposta non fomenta a conservación do seu carácter ambiental, proposto polas fichas de catálogo, nin ten en conta os criterios recollidos no artigo 46.1 da Lei 9/2002, mencionados no apartado 3.1 deste informe.

- Con respecto á vivenda tradicional (ficha 30.26):

Non se recolle ningún dato sobre a parcela da edificación que, segundo as fotos, parece que forma parte da edificación tradicional, rodeada na súa totalidade por muros perimetrais. Maníéstase a necesidade de ampliar o elemento protexido á totalidade da parcela, evitando a posibilidade de construír sobre a mesma.

Este suposto vese reforzado pola inclusión no catálogo de elementos anexos con protección integral: hórreo e pombal. A ordenación proposta resulta incompatible coa protección dos elementos recollidos no catálogo. Asemade, debe recollese na ficha a existencia dos anteditos elementos protexidos, dun modo descritivo, cuestión que non é incompatible coa existencia dunha ficha individualizada para cada un deles.

Solo urbano de Bandeira

- Con respecto á casa da Cultura de Bandeira (fiche 16.08):

A ordenación non recolle a conservación do carácter estrutural proposto na ficha de catálogo. A súa configuración como edificio exento vese transformada por unha ordenación que permite o acaroadado á edificación catalogada.

- Con respecto ao conxunto de vivendas tradicionais (fichas 16.09 e 16.10):

A ordenación proposta non fomenta a conservación do seu carácter ambiental, proposto polas fichas de catálogo, nin ten en conta os criterios recollidos no artigo 46.1 da Lei 9/2002, mencionados no apartado 3.1 deste informe.

- Con respecto á vivenda tradicional en Bandeira (fiche 16.11):

Edificación en esquina, entre medianeiras, na que pola futura ordenación respectase a aliñación tan só para esta vivenda, debendo recuarse o resto da rúa, con aliñación máis que consolidada. Isto provocará unha medianeira vista da propia edificación que non é compatible coa protección deste elemento. Deberá manterse a aliñación existente.

Ordenación no contorno do Camiño de Santiago, Ruta da Prata, nos solos urbanos de Silleda e Bande/ra

As aliñacións propostas no ámbito lindante co Camiño de Santiago, Ruta da Prata, non respectan as edificacións existentes, de xeito que en moitos dos casos fórmase a súa inclusión na situación de fóra de ordenación. Deberá reformularse esta ordenación, tendo en conta o artigo 46.1 da Lei 9/2002, e relacionando a presenza do

camiño co resto de edificacións protexidas no catálogo, fomentando a súa conservación e a do tecido urbano circundante.

Tamén lémbrese o mencionado a respecto da ordenación no contorno do Camiño de Santiago, Ruta da Prata, no apartado 1.2.4 deste informe:

"A ordenación que se formule será coherente coa conservación dos valores tradicionais do territorio histórico do camiño, polo que a clasificación e cualificación do solo debe atender ás características e usos tradicionais deses solos no contorno deste elemento patrimonial. O camiño esixe manter o carácter peonil, e a ordenación que se faga ao seu carón non poderá por en perigo os seus valores. Neste senso, o Camiño de Santiago, Ruta da Prata non servirá de apoio e soporte a novos desenvolvementos urbanos".

3.3. Solo de núcleo rural

O termo municipal de Silleda conta con 33 parroquias divididas en 231 entidades de poboación que se clasifican como solo de núcleo rural. A potenciación desta clase de solo é fundamental neste concello e a súa regulación terá unha grande importancia.

A 'análise do modelo de asentamento poboacional' non aporta excesivos datos que permitan visualizar e entender se existe, dentro dos núcleos histórico — tradicionais, algunha entidade que mereza un maior grado de protección polas súas características, tipoloxía, estado de conservación, etc... Quizais este é o motivo de que non exista ningún núcleo singular recollido no catálogo. En todo caso, este aspecto parece non corresponderse coa realidade.

En xeral, a delimitación dos núcleos rurais non se corresponde coa delimitación dos contornos de protección dos elementos recollidos no catálogo, sendo na maioría dos casos moito máis extensa esta última, cuestión que semella innecesaria posto que o seu ámbito inmediato está clasificado como solo rústico, onde as limitacións xa son bastante evidentes. Asemade, esta consideración vese reforzada polo feito de que entre este tipo de solo rústico e o elemento protexido existe unha pantalla visual en moitos casos dentro do propio solo de núcleo rural.

Tampouco se considera axeitada a modificación das características dos rueiros nos núcleos histórico — tradicionais que se efectúa como criterio xeral nos planos de ordenación, establecendo novas aliñacións que supón en moitos casos a desaparición dos muros tradicionais dos rueiros ou corredoiras, determinación contraria ao sinalado no artigo 4.d da Lei 9/2002 que require preservar o medio físico, os valores tradicionais, os sinais de identidade e a memoria histórica de Galicia.

Cómpre lembrar que os núcleos tradicionais e os elementos que os configuran, integran o patrimonio etnográfico de Galicia, definido no artigo 64 da Lei 8/1 995, xa que constitúen formas relevantes ou expresión da cultura e modos de vida tradicionais e propios do pobo galego.

A continuación recóllese unha serie de exemplos recollidos ao azar de cuestións que deberán corríxirse na ordenación dos núcleos rurais, e que se repiten sistematicamente en case todos eles. Por isto, requírese unha revisión xeral da totalidade dos núcleos e non unicamente dos que se mencionan a continuación:

Parroquia de Abades

- Abades

Este núcleo, que conta con edificacións relixiosas de singular valor arquitectónico, non ten unha protección xeneralizada como conxunto, exemplificando o comentado no segundo parágrafo deste apartado 3.3 do informe. Dado o seu escaso tamaño e a relevancia que poden adquirir os seus elementos protexidos, debería servir como exemplo para efectuar unha revisión dos núcleos e formular a inclusión no catálogo das entidades ou partes máis tradicionais dos mesmos, que contén con valores merecedores de conservación.

Por outra banda, sinalar que as zonas verdes recollidas no estudo do medio rural non se inclúen dentro do núcleo, entre outras o campo da feira, espazo que normalmente está ligado ás construcións relixiosas como lugar de encontro e celebración.

Tamén se formula a ampliación do vial que atravesa o núcleo e que separa na actualidade os dous elementos protexidos.

Na zona sur do núcleo os camiños ampliáanse, respectando a situación das edificacións tradicionais, se ben, dada a escala e a ausencia de fotografías, parece complicado determinar a priori se non existen muros ou peches tradicionais merecedores de conservación. Esta consideración, coma xa se mencionou no inicio deste apartado 3.3 do informe, prodúcese de xeito sistemático na ordenación dos núcleos rurais.

- A Bouza.

Recóllese o contorno de protección dun elemento protexido no catálogo, sen que no plano se indique a que elemento se refire.

Parroquia de Ansemil

- Ansemil

Neste núcleo sitúase a igrexa parroquial de San Pedro de Ansemil, cuxo contorno de protección deixa parcelas divididas en dúas partes, sen seguir as pegadas físicas do territorio.

Asemade, cómpre sinalar un novo caso no que segundo os planos de ordenación, as aliñacións formuladas non respectan os rúes tradicionais, propoñendo a eliminación de muros de peche pertencentes ao propio elemento protexido.

- Manduas

O contorno de protección do pazo de Fares semella desproporcionado na súa zona suroeste, por canto existen zonas edificadas intermedias entre o pazo e o contorno de protección proposto, entendendo que a dita

protección podería limitarse á propia delimitación do núcleo. De igual xeito pode entenderse esta consideración polo vento norte (no centro) do pazo.

Parroquia de Breixa

- Breixa

O contorno de protección non se recolle na súa integridade dentro do plano de núcleo rural, polo que non se pode valorar na súa totalidade. Este feito proporciona unha idea da aparente sobredimensión dos contornos de protección, que en todo caso deberán recollese na súa integridade no plano que delimita cada un dos núcleos rurais.

Por outra banda, déixase fóra da aliñación un hórreo para formular a ampliación dun vial, e sen embargo, débuxase como se a dita posición se mantivera, cuestión aparentemente contradictoria. Nestes casos, debería engadirse unha ficha ou descrición do hórreo que permita valorar tal extremo, por canto non se acredita a súa condición de BIC, non se inclúe no catálogo, e sen embargo, parece que non se permite o seu traslado, dotándoo se cabe de máis presenza ao abrigar a conservalo na súa posición orixinal. Esta cuestión non semella axeitada por canto o hórreo ten valor como elemento que forma parte dun conxunto, non sendo recomendable deixalo fóra da súa parcela e descontextualizalo. En todo caso, reitérase que cómpre revisar as aliñacións formuladas para este tipo de núcleos tradicionais.

- O Castro de Breixa

Dentro da ficha do núcleo inclúense varios contornos de protección sen que conste a que elemento recollido no catálogo se refiren, polo que obriga a consultar os planos de ordenación 1:5000, xerando problemas similares aos xa comentados en casos anteriores. Os contornos de protección definidos nos núcleos rurais deberán volver a estudarse con carácter xeral.

Parroquia de Santo Tomé de Parada

- O Cruceiro, Eirexe, Mediodaldea, O Outeiro, Souto de Nogueira

Os contornos de protección non se axustan ao parcelario, á clasificación do solo, ou aos viais. Asemade, o ámbito delimitado para o núcleo de Souto de Nogueira parece excesivo e arbitrario. Os rúes da parte central do núcleo ampliáanse respectando as edificacións pero modificando a realidade orixinal do núcleo que debe conservarse.

Parroquia de Pazos

- Quintás.

A delimitación do núcleo non se apoia no parcelario orixinal, e polo tanto a delimitación dos contornos de protección segue outra dirección. Os contornos de protección das pombais e dos hórreos poderían limitarse á parcela orixinal, considerando o actualmente formulado coma excesivo. Ampliáanse os camiños tradicionais de forma excesiva.

Parroquia de San Tirso de Manduas

- Ferrosos

Neste núcleo aparecen varias elementos protexidos: un hórreo, un pombal e varios cruceiros, aínda que semella estraño que non se recolla no catálogo a edificación ou edificacións principais, xa que parece que os anteditos elementos forman parte dun conxunto.

Con respecto á ampliación dos viais propostos non parece axeitada xa que posiblemente vaian máis aló dos muros de peche da finca que recolle os anteditos elementos.

Por outra banda, no que respecta aos artigos 308 e seguintes da normativa, onde se desenvolven as ordenanzas de solo de núcleo rural, salienta que a Lei 9/2002 recolle unha ordenación xenérica para os núcleos rurais cara á conservación dos valores tradicionais que presentan.

O artigo 1.3 da Lei 8/1 995 establece que "integran o patrimonio cultural de Galicia os bens mobles, inmobles e inmateriais de interese artístico, histórico, arquitectónico, paleontolóxico, arqueolóxico, etnográfico, científico e técnico. Tamén ... os lugares etnográficos...". En base a este artigo, como xa se mencionou ao principio deste apartado 3.3 do informe, aqueles núcleos rurais ou partes dos mesmos de interese etnográfico deberán considerarse como parte integrante do patrimonio cultural de Galicia e incluírse no catálogo de protección mediante fichas a escala de conxunto, denominándoos como núcleos singulares.

A ordenación que se formule para estes núcleos singulares, deberá formalizarse nunha ordenanza que engada aos xa recollidos os seguintes criterios, cara a conservación do seu tecido e das características dos seus espazos públicos. Estas determinacións deberán ser incorporadas, así mesmo, para o ámbito dos contornos de protección dos elementos recollidos no catálogo:

- Respetaranse as aliñacións e rasantes consolidadas polas edificacións, muros e peches tradicionais. No caso de existir discrepancias entre as aliñacións e rasantes grafadas e as existentes atenderase á realidade existente (artigo 28.1.d da Lei 9/2002).
- Protexeranse os peches e muros tradicionais existentes e establecerase na normativa que os novos peches deberán gardar harmonía cos tradicionais (artigo 28.1.d da Lei 9/2002).
- Nas intervencións sobre os espazos públicos, os materiais utilizados harmonizarán co contorno e co ambiente rural, o mobiliario será discreto, mínimo e o estritamente necesario.

Por outra banda, cara a unha axeitada integración das novas edificacións así como das intervencións sobre as existentes na normativa e na ordenación que se formulen para o ámbito dos núcleos rurais histórico-tradicionais teranse en conta as seguintes consideracións, na uña do establecido polos artigos 28 e 29 da Lei 9/2002. Estas determinacións deberán ser incorporadas, así mesmo, para o ámbito dos contornos de protección dos elementos recollidos no catálogo:

- Nos artigos 317.2 e 317.4, deberá indicarse que a ocupación e edificabilidade establecidas mediante coeficientes (neste caso 35% e 0,70 m²/m² respectivamente) poden dar lugar a edificacións con volumes moito maiores aos das edificacións tradicionais existentes no núcleo, en función do tamaño das parcelas. Por isto deberá engadirse, aos anteditos coeficientes, a ocupación e a edificabilidade máximas mediante parámetros dimensionais (metros cadrados) obtidos do estudo pormenorizado do núcleo rural, baseándose na superficie media ocupada e construída das edificacións tradicionais existentes no ámbito.
- No artigo 317.3, para definir a altura máxima permitida utilizarase como referencia a altura media das edificacións tradicionais existentes e non a xenérica de 7 metros establecida pola Lei 9/2002. Por outra banda o número de plantas será de baixo mais unha planta alta, ou unicamente planta baixa, dependendo da tipoloxía

predominante no núcleo. En todo caso, a altura das edificacións non excederá de planta baixa e piso, nin dun máximo de 7 metros

medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente da cuberta.

- No artigo 317.6, reformularase o relativo aos sotos e semisotos, tendo en conta que as edificacións tradicionais non dispoñen de sotos deberá establecerse a súa prohibición agás naqueles ámbitos onde se xustifique a súa presenza nas edificacións tradicionais existentes. En todo caso a materialización dun soto implicará que o seu acceso se resolva no no interior da edificación.

No relativo aos semisotos deberá indicarse que computarán como unha planta e que unicamente se permitirán cando as condicións topográficas do terreo impidan a construción da edificación doutro xeito. Establecerase que terá a condición de semisoto calquera planta soterrada que sobresaia da rasante do terreo nalgún punto.

En canto aos criterios estéticos e compositivos, no artigo 318 engadiranse os seguintes puntos:

- As canles e baixantes non presentarán molduras e serán de chapa metálica (cinc, cobre, etc...) con acabado mate e sección preferentemente circular.
- As carpinterías e ocos serán dos materiais, cores e configuracións existentes no contorno. Os elementos de escurecemento serán preferentemente mediante contras interiores de madeira, non permitíndose as persianas exteriores.
- No relativo aos aleiros establecerase que as súas condicións construtivas en base ao estudo pormenorizado do núcleo, de xeito que sexan acordes coa tipoloxía tradicional existente. En ningún caso poderán exceder do plano de fachada elementos estruturais de formigón, nin cornixas, molduras ou elementos decorativos, prologándose, de ser o caso, unicamente o material de cubrición. Neste senso tamén se eliminará a última frase do artigo 316.2.b) "...salvo os aleiros de cuberta de ata 0,80 metros".
- Os voos e recuamentos de fachada permitiranse no caso de que sexan identificados e definidos no estudo pormenorizado do núcleo rural como propios das edificacións tradicionais e serán acordes con estas tipoloxías.
- De facerse novos remates de chemineas estes harmonizarán cos tipos tradicionais existentes.

Así mesmo recomendarase a incorporación de todos estes criterios relativos ao mantemento do tecido dos núcleos, ás características dos seus espazos públicos e ás condicións de edificación, na ordenanza do solo de núcleo rural común, non afectado por contornos de protección de elementos recollidos no catálogo.

Por outra banda, no artigo 335 do capítulo IV da normativa reguladora dos núcleos rurais, establécense as seguintes condicións para os núcleos que estean vinculados ao Camiño de Santiago:

"1. Ademais das condicións establecidas anteriormente relativas ás Normas Particulares do solo dos núcleos rurais, que sexan de aplicación, os núcleos rurais vinculados ao Camiño de Santiago, están obrigados a respectar e conservar os seus valores tradicionais, parcelario, peches, arboredos, fontes, elementos de auga, camiños, volumes, alturas, forma dos ocos, cabe rtas e beirarrúas.

2. Nestes núcleos quedará prohibida calquera intervención ou actuación que degrade a apreciación do Camiño de Santiago dentro do seu entorno".

Estas condicións deberán ampliarse, engadindo os seguintes criterios no artigo:

- As actuacións sobre o camiño merecen unha especial atención nos núcleos rurais, onde a través dos pavimentos procura rase manter unha máxima unitaria do núcleo e da relación deste co camiño. Nestes casos tenderase á introdución de pavimentos continuos, preferentemente lavados de maneira que se perciban os áridos, salvo que existan evidencias de pavimentos tradicionais, en cuxo caso, de ser posible, favoreceranse actuacións de restauración e recuperación.
- Con carácter xeral, rexeitarase o emprego de pavimentos de pedra rústica (chapaplana).
- Así mesmo, en función dun estudo por zonas dos pavimentos e das solucións construtivas que se empreguen, zonas de xisto, zonas de cantería, zonas de chapacuña, zonas de lousados, etc... pode aceptarse a utilización excepcional de lastras.
- Os pavimentos das zonas nas que predomina a lousa son distintos das zonas onde predomina a pedra de gra ou cantería.
- Prestarase especial atención para que se manteñan as rasantes e desde xeito non propiciar a desvinculación das construcións co camiño, evitando diferenzas de nivel entre o camiño histórico e os elementos que hai ao seu carón, non modificando da súa relación.
- Os revestimentos dos muros, os aparellos das fabricas, os materiais de fachada, as cores, os encintados, as texturas, os rebocos, os aplacados, os xambeados e a proporción dos ocos, a composición das fachadas e dos volumes de cuberta, a fragmentación de volumes, e a forma das plantas serán acordes co contorno tradicional no que se atopen. Non se permitiran instalacións que deterioren as edificacións tales como antenas, gas, electricidade e subministracións.
- Os novos peches deben ser preferentemente vexetais ou opacos (ata un metro), feitos con materiais tradicionais ou de bloques enfoscados e pintados en cores acordes co lugar ou recebo con morteiro de cor. Non se admitirá o emprego de materiais con bloques ou ladrillo vistos nin os materiais tipo "bloque split" ou outros de produción industrializada. Os cambios a realizar no muro de peche de pedra faranse sempre co uso dunha pedra semellante á existente e evitando no posible o uso de encintados e en todo caso a utilización de cemento nos morteiros. Prestarase unha atención especial aos peches de parcelas con diferenzas de cota e aos situados na marxe do camiño.
- En canto á colocación de cancelas, autorizaranse os modelos sinxelos, con barras sen ornamentos, non molduradas, de seccións cadradas ou circulares e nas cores tradicionais da zona.
- Por outra banda, para unha axeitada valoración de proxectos de obras de reforma ou ampliación con instalación de novas edificacións agrícolas e gandeiras, requirirase aos promotores que presenten un estudo de ordenación e deseño xeral do conxunto e dos elementos de detalle: volumetrías, composición de fachadas e cubertas, acabados e materiais exteriores, e a implantación no territorio. No caso de que se prevexa implantación de maquinaria ou elementos auxiliares tamén se incorporara no estudo.
- Como criterio xeral nas intervencións sobre os espazos públicos, os materiais e cores que se utilicen harmonizarán co contorno, o mobiliario será discreto, minimizaranse as instalacións urbanas e soterraranse os tendidos aéreos existentes.

3.4. Solo rústico

Deberán incluírse nos planos de ordenación os xacementos que no apartado 1.2.1 se indicaba que deberían ser incorporados ao catálogo, establecendo as súas áreas de protección correspondentes.

Tamén cómpre incorporar aos planos de ordenación as delimitacións dos contornos de protección dos bens arqueolóxicos que se localizan nos límites con outros concellos.

Será necesario que as delimitacións dos contornos de protección daqueles bens recollidos no catálogo compartisen o ámbito nos planos de ordenación, xa que cando se superpoñan contornos de protección de diferentes bens deberá grafitarse tan só a súa envolvente ou o contorno máis extenso.

No plano nº 9 o elemento 1.17 debe desaparecer dos planos de ordenación xa que o xacemento está completamente destruído.

No plano nº 12, para evitar solapamentos de usos, o elemento 27.8 (Coto Castelo de Reilas) debe quedar ou ben completamente dentro da zona verde 27-SN-PI ou ben excluído por completo desa zona.

En moitos casos a localización e a definición dos xacementos non é correcta e isto deriva en que tamén se terán que variar as áreas de protección grafadas nos planos. Con respecto á definición das áreas de protección establecidas, podemos distinguir tamén diversas cuestións que se repiten sobre moitos dos elementos:

- Áreas de protección integral reducidas: Hai diversos bens nos que se considera que a área de protección sinalada no plan é demasiado exígua, ben pola singularidade do xacemento ou ben porque non chega a abranguer integramente a súa superficie real. Deberase polo tanto ampliar a dita área.
- Áreas de solo rústico de protección do patrimonio cultural: Dadas as características dalg uns xacementos (dispersións cerámicas da prehistoria recente ou túmulos megalíticos de pequeno tamaño) non semella necesario desenvolver algunhas áreas como solo rústico de especial protección do patrimonio ata os límites propostos, tendo en conta as limitacións ou restricións de uso establecidas para estas áreas nas ordenanzas urbanísticas, polo que aconséllase reducir o ámbito.
- Contornos de protección reducidos ou excesivos.

En resume, esquematízase o comentado nos puntos anteriores na seguinte listaxe de correccións:

- Ficha 1.12: Mámoa de Monte Alto, plano nº 6 > Ampliación do contorno de protección.
- Ficha 1.13: Mámoa de Poide, plano nº 6 > Ampliación do contorno de protección.
- Fiche 1.14: Mámoa da Chousa, plano nº 6 > Corrixir a situación. Ampliación do contorno de protección.
- Ficha 1.18: Mámoa da Ferreiriña 2, plano nº 6 > Eliminar a área de protección integral. Ampliar o contorno de protección polo leste.
- Ficha 3.15: Castro de Breixiña, plano nº 9 > Corrixir a situación.
Ampliar a área de protección integral. Ampliar o contorno de protección cara o oeste.
- Ficha 5.5: Castro de San Mamede, plano nº 13 > Protección integral reducida. Ampliación do contorno de protección.

- Ficha 7.11: Torre da Chapa, plano nº 12> Corrixir a situación.
 - Ficha 7.12: Castro da Chapa, plano nº 12 > Ampliar a área de protección integral.
 - Ficha 7.16: Eira dos Vilanova 2, plano nº 12 > Reducir a área de protección integral e o contorno de protección do elemento.
 - Ficha 7.17: Eira dos Vilanova 1, plano nº 12> Non se establecerá ningunha zona de protección integral, e o contorno de protección se reducirá considerablemente, facéndoo coincidir co solo rústico de protección de infraestruturas da autoestrada.
 - Ficha 8.11: Castro de Cira, plano nº 4 > Ampliar a área de protección integral. Ampliación do contorno de protección cara o sur.
 - Ficha 9.28: Castro de Cortegada, plano nº 21 > Ampliar a área de protección integral. Ampliación do contorno de protección cara o leste.
 - Ficha 10.17: Castro Lóbrigo, plano nº 5 > Ampliación do contorno de protección cara u oeste.
 - Ficha 11.41: Castro de Cascaxide, plano nº 16 > Ampliar a área de protección integral.
 - Ficha 11.44: Mámoa do Camiño do Barreiros 2, plano nº 19 > Corrixir a situación. Ampliación do contorno de protección.
 - Ficha 11.45: Castro de Dorrón, plano nº 15 > Ampliar a área de protección integral.
 - Ficha 13.47: Castelo do Souto, plano nº 20 > Ampliar a área de protección integral. Ampliación do contorno de protección cara o norte e oeste.
 - Ficha 13.50: Achado de Fontefiás, plano nº 24 > Corrixir a situación.
 - Ficha 15.05: Castro de Laro, plano nº 28> Reducir a área protección integral.
 - Ficha 19.13: Castro de Moalde, plano nº 11 > Ampliar a área de protección integral. Ampliación do contorno de protección.
 - Ficha 21.13: Castro das Orelasplano nº 26> Ampliar a área de protección.
 - Ficha 21.14: Castro Montaz, plano nº25> Ampliar a área de protección integral. Ampliación do contorno de protección.
 - Ficha 21.16: Petróglifo de Chao de Petos 1, plano nº28> Corrixir a situación.
 - Ficha 24.10: Castro de Pena, plano nº 5 > Ampliar a área de protección integral.
 - Ficha 26.10: Mámoa da Braña, plano nº 24> Corrixir a situación.
 - Ficha 28.7: Petróglifos de Primadorno 1, plano nº 10> Corrixir a situación.
 - Ficha 28.8: Mámoa de Moimenta, plano nº 10> Corrixir a situación.
 - Ficha 28.10: Ponte de Losón, plano nº 10 > Pódese reducir o contorno de protección.
 - Ficha 28.12: Petróglifos de Primadorno 2, plano nº 10> Corrixir a situación.
 - Ficha 28.13: Agro de Nogueira, plano nº 10 > Pódese reducir o contorno de protección.
 - Ficha 28.15: As Moreiras, plano nº 10 > Pódese reducir o contorno de protección.
 - Ficha 28.17: Estela de Saidres, plano nº 10 > Ampliación do contorno de protección uníndoo coa do elemento recollido na ficha 28.16.
 - Ficha 28.18: Petróglifo da casa fidalgo, plano nº 10> Cómpre retirar o contorno de protección.
 - Ficha 28.19: Machado de Primadorno, plano nº10> Corrixira situación.
 - Ficha 29.16: Peneda do Encanto, plano nº 21 > Corrixir a situación. Ampliar o contorno de protección.
 - Ficha 29.17: Castro de Cartimil, plano nº21 > Ampliar a protección integral.
 - Ficha 29.18: Castro do Marcoplano nº 21 > Corrixir a situación.
 - Ficha 29.20: Mámoa de Gándara Chá 1, plano nº 25> Corrixir a situación.
 - Ficha 29.22: Mámoa de Gándara Chá 3, plano nº 25> Corrixir a situación.
 - Ficha 30.55: Castro de Toiriz > Ampliar a área de protección integral. Ampliar o contorno de protección.
 - Ficha 31.15: Castro de Taboada, plano nº 18 > Ampliar a área de protección integral. Ampliar o contorno de protección.
 - Ficha 32.06: Castro de Vilar, plano nº 18 > Ampliar a área de protección integral. Ampliar o contorno de protección
 - Ficha 33.08: Mámoa de Farelos, plano nº 19> Corrixir a situación.
 - Ficha 33.09: Mámoa do Coto do Lobo, plano nº 23 > Ampliar a área de protección integral. Ampliar o contorno de protección.
- Por outra banda, considérase que algúns elementos, tendo en conta a súa singularidade, a súa desaparición ou o seu uso actual, non deberían contar con áreas de protección integral e polo tanto clasificar o terreo como solo rústico de protección do patrimonio cultural, sendo suficiente a súa protección co grafado da área de respecto. Son os seguintes casos:
- Ficha 5.6: Agra dos Castros, plano nº 13
 - Ficha 12.19: Os Castros, plano nº 20
 - Ficha 30.54: Mámoa de Silleda, plano nº 17

4. CONCLUSIÓN

En consecuencia e por todo o antedito a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dentro do ámbito das súas competencias emite, respecto ao documento Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado inicialmente no pleno do concello o 18 de decembro de 2012, informe desfavorable.

Revisase todo o patrimonio arqueolóxico e o arquitectónico do PXOM e téñense en conta tódalas consideracións mencionadas nos planos, catálogo e normativa.

4.14 INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA

O día 21 de xaneiro de 2014 remítese informe da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, no que se analiza o Plan e se realizan as consideracións seguintes:

- Espazos naturais protexidos (Rede Natura 2000).

Conta co "Sistema fluvial Ulla - Deza" con código (ES1140001), "Brañas de Xestoso" con código (ES1140008) e coa "Serra do Candán" con código (ES1140013). Respecto do espazo natural "Brañas de Xestoso", indícase que o PXOM non recolle axeitadamente os seus límites e ademais, parece propor unha ampliación do mesmo coa clasificación do solo rústico de protección de espazos naturais proposta.

Estes espazos complétanse coas Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais declaradas mediante o Decreto 72/2004, de 2 de abril, da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

Estímase que en calquera caso todo o ámbito dos anteditos espazos naturais debe cualificarse e quedar así claramente reflectido nos planos de ordenación, como Solo Rústico de Protección de Espazos Naturais.

Engadir que o desenvolvemento das ordenanzas do plan para estes ámbitos debe recoller as particularidades propias deste espazos, diferenciándoas das propias doutras categorías de solos rústicos que se solapan con estes espazos, caso dos asociados as augas ou patrimonio.

Ademais e posto que o PXOM propón o solapamento dos solos rústicos de protección de espazos naturais con outras tipoloxías de solos rústicos, caso dos asociados as augas ou patrimonio; o desenvolvemento das ordenanzas debe recoller ditas diferenzas, de xeito que se compatibilice a protección dos valores naturais que motivaron a proposta de clasificación co desenvolvemento dos outros usos permitidos.

- Ampliación da Rede Natura 2000

Semella non terse en conta no PXOM a proposta de ampliación da Rede Natura 2000 en Galicia, actualmente en tramitación (DOG nº 1, do 2 de xaneiro de 2012 – Ampliado prazo de participación pública mediante Anuncio do 2 de febreiro de 2012, DOG nº33, do 16 de febreiro de 2012), cuxa maioría se inclúen en Solos Rústicos de Protección Agraria.

- Árbores senlleiras existentes

Terase en conta a presenza da "Sobreira de Siador", incluída no Catálogo Galego de Árbores Senlleiras (actualizado pola Orden de 3 de outubro de 2011).

- Hábitats naturais e humidais

Relaciónase no informe o listado de hábitats naturais da Directiva 92/43/CEE así como o listado do Inventario de Humedais de Galicia afectados. Algúns destes elementos son cualificados como solo rústico de especial

protección de espazos naturais e outros como Solo Rústico de Protección de Augas, dándose o caso de que incluso parte dun mesmo humedal recibe unha cualificación e o resto a outra.

Estímase necesaria a comprobación de que os hábitats contidos no Atlas dos hábitats naturais e seminaturais de España (2005) do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, dentro do concello de Silleda, se integran nas áreas de interese ambiental definidas polo PXOM.

- Especies protexidas

No tocante á flora e á fauna terase en conta as especies incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007 do 19 de abril modificado polo Decreto 167/2011, de 4 de agosto) así como as incluídas no Atlas Vasculas Ameazadas de España. Inclúese no informe un listado de todas estas especies.

No ámbito de estudo non se inclúe ningunha superficie catalogada como IBA de Galicia.

Comentar que o ámbito do concello de Silleda non está afectado polo Plan de Recuperación do Sapoconcho Europeo en Galicia; aprobado mediante Decreto 70/2013, do 25 de abril (DOG nº 90, do 13/05/13); así como tampouco o está polo Plan de Recuperación da subespecie lusitánica da escribenta das cañaveiras en Galicia, aprobado mediante Decreto 75/2013, de 10 de maio (DOG nº 102, de 30/05/2013).

- Desenvolvemento de liñas eléctricas

En relación co establecido pola antedita resolución de 28 de novembro de 2011, o Plan establecerá, para o ámbito indicado, as ordenanzas correspondentes cara a consideración de dita normativa no caso de desenvolvemento de liñas non soterradas.

- Normativa

Deberá revisarse e actualizarse entre a normativa sectorial de referencia, a totalidade da correspondente á conservación da natureza, integrando nas ordenanzas de desenvolvemento todas aquelas cuestións que se deriven desta revisión e actualización.

4.15 INFORME DO SERVIZO DE PLANIFICACIÓN DA PAISAXE

O 23 de maio de 2014 remítese informe emitido polo director do Instituto de Estudos do Territorio (IET) en materia de paisaxe no que se valora positivamente a análise e a consideración da paisaxe en xeral levada a cabo polo PXOM de Silleda, se ben debe tomar en consideración o contido do catálogo da Paisaxe da comarca paisaxística de Deza.

Ademais, debe realizarse un estudo sobre a paisaxe urbana, tal como demandan as DOT, e con fundamento nel e nas observacións formuladas neste informe, pode mellorarse a ordenación prevista para Bandeira, Silleda e as zonas industriais do concello.

As principais consideracións deste informe son:

- Bótase en falta no ISA a identificación de impactos ou degradacións existentes, orientada a que o plan poida establecer, de ser o caso, medidas para corrixilos ou mitígalos.
- Respecto das áreas urbanas, o contido do apartado 2.7 da memoria xustificativa non pode considerarse suficiente en relación co estudo sobre a paisaxe urbana que demanda a

determinación 8.6 das DOT. En congruencia coa consideración da paisaxe que declara o plan, e que efectivamente se realiza a respecto do resto do territorio, o PXOM debe incorporar un estudo sobre todos os aspectos aos que fai referencia a citada determinación, prestando especial atención á imaxe exterior de Silleda e Bandeira, en particular a que ofrecen estes núcleos nos puntos de acceso pola estrada nacional.

- Debería revisarse a delimitación do espazo da Ponte Taboada, mediante o cálculo da correspondente cunca visual por medio dun sistema de información xeográfica.
- Poderían completarse as determinacións específicas do solo rústico.
- O PXOM debe especificar nos núcleos rurais, a regulación de aspectos relativos á posición, dimensións e características arquitectónicas das edificacións e peches, materiais, etc. Adecuados e coherentes coas características de cada lugar. No tocante aos plans especiais de ordenación de núcleo rural, debería establecerse a abrigo de que estes plans realicen un estudo da morfoloxía e as características básicas do núcleo (inserción topográfica, trazado do viario, tipoloxías construtivas, materiais específicos, tamaño e morfoloxía das parcelas, etc.)
- Deberíase tratar coa máxima atención o problema de imaxe que constitúen as entradas e saídas de Silleda e Bandeira pola estrada N-525 e outros puntos da periferia destes núcleos, debido á presenza de paredes medianeiras á vista.
- Os PERI deberían contar cun estudo específico de integración paisaxística.
- Os SUD-I1 e SUD-I2 deberían incorporar un estudo de impacto e integración paisaxística.

Revisanse estas cuestións e incorpóranse ao documento do PXOM aquelas que non estaban o suficientemente detalladas. O ISA incorpora no apartado 4.1.14 un estudo da paisaxe considerando o Catálogo da Paisaxe da Comarca paisaxística do Deza.

4.16 INFORME DA SUBDIRECCIÓN XERAL DE XESTIÓN DO DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO

Con data do 01 de xuño de 2015 emítese informe respecto do "Estudo Simplificado da superficie de inundación nos cuces do concello de Silleda" no que se considera que o documento presentado serve de xustificación para redución da banda de solo rústico de protección de augas.

Insístese ademais que calquera actuación a realizar en dominio público hidráulico requirirá autorización administrativa do organismo de canea de conformidade ca previsto no artigo 126 do RDPH. En todo caso, no DPH adoptaranse as medidas precisas para corrir situacións que afecten a súa protección.

Inclúese no artigo 397 da normativa do PXOM.

Na zona de servidume e policía en tódolos leilas públicos e en toda a súa lonxitude. Con independencia da clasificación do solo e con independencia de que estean ou non grafados nos planos de ordenación, segundo o establecido no artigo 7.3. 9.4 e 78 do RDPH, calquera actuación precisará autorización administrativa do organismo de canco independente doutra que leña que ser outorgada por outro organismo da administración.

Inclúese o indicado no artigo 392 da normativa.

Do mesmo xeito recórdose que a zona de policía poderá modificarse segundo o establecido no artigo 9.2 do RDPH, cando cancorra algunha das causas sinaladas no artigo 6.2 do TRLA, podendo ampliarse a zona de policía, se fosa necesario, para incluír a zona ou zonas onde se concentra preferentemente o fluxo, ca obxecto específico de protexer o réxime de correntes en avenidas e reducir o risco de produción de danos en persoas e bens. Nestas zona ou vías de de fluxo preferente solo se poderán autorizar polo organismo de canco aquelas actividades non vulnerables fronte as avenidas e que non supoñan unha redución significativa da capacidade de desaugue de dita vía.

Esta determinación reflíctese no artigo 393 da normativa do PXOM.

Destacar que calquera instrumento de planeamento derivado deste Plan Xeral de Ordenación deberá ser tamén informado por este organismo de canco. en virtude do establecido no artigo 39 da Lei 9/2010. do 4 de novembro. de Augas de Galicia

Inclúese esta observación no artigo 390 na normativa.

4.17 INFORME DE ESTRADAS DA DEMARCACION DO ESTADO EN GALICIA (MINISTERIO DE FOMENTO)

En resposta a súa solicitude, adxunto remítese as consideracións do Inxeniero Xefe da Unidade de Estradas en Pontevedra e da Inspección da AP-53, ás que esta Demarcación presta a súa conformidade.

Según se observa, de los antecedentes despréndese que con data 31 de maio de 2013 remitiuse ao Concello un oficio para que se procedese a corrección da documentación presentada entón, indicándose os aspectos a ter en conta no que as estradas de titularidade estatal se refería.

A nova documentación, recibida o 14 de outubro de 2015, non subsana as cuestións apuntadas, nin no caso das estradas convencionais N-525 e N-640, nin tampouco no da Autopista AP-53.

Visto o anterior, e conforme coa proposta do Inxeniero Xefe da Unidade de Estradas en Pontevedra e da Inspección da Autopista AP-53, devólvese a documentación a objeto de que poida subsanarse e completarse o documento do PGOM. A estos efectos, indícase que o presente escrito non ten efecto resolutorio algún e será suficiente coa presentación duna Seprata relativa as estradas de titularidade estatal.

Asimismo, indícase que a documentación deberá actualizarse de acordo cos termos da Lei 37/2015, de 29 de setembro, de estradas.

ASUNTO: PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA. PROVINCIA DE PONTEVEDRA.

Con data de 19 de outubro de 2015 tivo entrada nesta Unidade de Estradas, unha copia en formato dixital do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, acompañada da correspondente solicitude del informe sectorial vinculante.

1. AFECCIÓN Á RED DE ESTRADAS DO ESTADO.

O planeamento tramitado afecta as Estradas N.525 e N-640, así como a Autopista AP-53, todas elas de titularidade estatal, polo que será de aplicación o disposto na Lei 37/2015, de 29 de setembro, de estradas e, no que non se opoña a precitada Lei, o Real Decreto 1812/1994, de 2 de setembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de estradas.

2. PLANEAMENTO VIXENTE

O termo municipal de Silleda conta cun Plan Xeral de Ordenación Urbana, aprobado por Orde da Consellería de Ordenación do Territorio o 4 de xuño de 1981 (DOG 15/07/1981), que non está adaptado á vixente Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG).

3. ANTECEDENTES

En febreiro de 2013, tras a aprobación inicial do planeamento que agora se está tramitando, remitiuse unha copia completa do Plan Xeral en formato dixital. Tras a súa análise procediuse a súa devolución, ao considerarse necesaria a subsanación de certos aspectos, solicitando a remisión do documento unha vez correllidas as observacións recollidas no informe remitido ao Concello o 31 de maio de 2013 (adxúntase fotocopia).

4. ÓRGANO COMPETENTE

De acordo coa Orden FOM/1644/2012, de 23 de xullo, sobre delegación de competencias no Ministerio de Fomento (BOE do 25 de xullo de 2012), tal como recolle a Nota de Servizo 6/2014, ao afectar o planeamento tramitado a vías de alta capacidade, o órgano competente para resolver é a Subdirección de Explotación e Xestión de Rede.

5. DOCUMENTACION SOMETIDA A INFORME

A documentación remitida está en formato dixital e consiste no documento completo do Plan Xeral tramitado e non unha separata a pesar do expresado no oficio de remisión municipal. Inclúe en síntese, os seguintes documentos:

- DOC. I MEMORIA XUSTIFICATIVA
- DOC. II ESTUDO DO MEDIO RURAL
- DOC. III ANÁLISE DO MODELO DE ASENTAMENTO POBOACIONAL
- DOC. IV PLANOS DE INFORMACIÓN
- DOC. VP LANOS DE ORDENACIÓN URBANÍSTICA
- DOC. VI NORMAS URBANÍSTICAS
- DOC. VII ESTRATEXIA DE ACTUACIÓN
- DOC. VIII ESTUDO ECONÓMICO
- DOC. IX CATÁLOGO DE ELEMENTOS A PROTEXER OU RECUPERAR
- DOC. X INFORME DE SOSTENIBILIDADE AMBIENTAL
- DOC. XI INFORME OU MEMORIA DE SOSTENIBILIDADE ECONÓMICA
- DOC. XII DOCUMENTO DE CONSULTAS
- DOC. XIII RESUMO EXECUTIVO

6. CONSIDERACIONES

Examinada a documentación agora presentada, respecto as observacións anteriormente efectuadas, no que se refire as estradas de xestión directa (N-525 e N-640) obsérvase que non se subsanaron as cuestións anteriormente plantexadas. En particular:

- nos planos de ordenación non se representa a liña límite de edificación, e
- na normativa urbanística non se atoparon referencias a:
 - as limitacións establecidas para o uso e defensa das estradas estatais,
 - as consideracións efectuadas respecto ós accesos, nin
 - ás condicións relativas a autorizacións (art. 94 do Regulamento Xeral de Estradas).

Represéntase nos planos e na lenda a liña de edificación, inclúese o relativo aos accesos e remítese ao artigo 94 do regramento de estradas. As correccións realízase así mesmo nas NORMAS VII, TÍTULO I, CAPÍTULO II.- DOTACIONES DE COMUNICACIONES VIARIAS (art 244 en adiante).

Conforme a Lei 37/2015, de 29 de setembro, de estradas, na documentación presentada deberán actualizarse as definicións das zonas de protección establecidas para as estradas de titularidade estatal, así como as limitacións da propiedade para o seu uso e defersa, incluíndo ademais, a definición, da nova zona delimitación á edificabilidade.

Actualízanse as zonas de protección das estradas en base a ley 37/2015, nos artigos 248 da normativa.

Respecto aos novos accesos plantexados e a modificación de algún dos existentes, aos que xa se fai referencia no informe previo do 31 de maio de 2013, deberán ser obxecto de tramitación independente, de forma que deberá suprimirse a súa grafía en tanto non exista autorización da Dirección Xeral de Estradas do Ministerio de Fomento.

Suprímense os novos accesos.

Na documentación gráfica deberá representarse a liña límite de edificación conforme a su actual definición (artigo 33 da Lei 37/2015, de 29 de setembro, de estradas), coa consideración de que nos nudos viarios e cambios de sentido, as interseccións, as vías de xiro e os ramais, a liña límite de edificación sitúase a 50 metros medidos horizontalmente e perpendicularmente dende a arista exterior da calzada.

Corríxense a liña de edificación nas zonas mencionadas.

Ademais, incluírase na normativa urbanística que:

as obras e servizos de construción, reparación, conservación ou explotación do dominio público viario, incluíndo todas as actuacións necesarias para a súa concepción e realización, non están sometidas, por constituir obras públicas de interese xeral, aos actos de control preventivo municipal a que se refire o artigo 84.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, nin por conseguinte ao abono de ningún tipo de taxas por licenza de obras, actividades ou similares. (Artigo 18. Exención de controis previos da Lei 37/2015, de 29 de setembro, de estradas).

Inclúese o mencionado no artigo 248.6 d) da normativa.

- que os terreos de dominio público e os que foran expropiados polo Ministerio de Fomento e estén localizados fora desta zona de protección, estarán suxeitos ao procedemento establecido no artigo 30 da Ley 37/2015, de 29 de setembro, de estradas, e

Inclúese o mencionado no artigo 248.6 e) da normativa.

- noo que afecta as travesías e tramos urbanos, consideraranse as novidades procedimentais introducidas no Capítulo IV da precitada Lei.

Inclúese o mencionado no artigo 248.5 da normativa.

Por todo o anterior, e independentemente das observacións que efectúe a Inspección de Autoestradas (AP-53), propónse a devolución da documentación presentada para a súa subsanación, a que será imprescindible para a emisión do correspondente informe previsto na Lei e Regulamento Xeral de Estradas.

Examinada a documentación presentada polo Concello de Silleda, con entrada nesta Demarcación en data 14-10-2015, o que respecta á AP-53, informase o seguinte:

A autoestrada AP-53 é unha estrada integrada na Rede de Estradas do Estado de modo que, resulta de aplicación o previsto tanto na Lei 8/1972, de construción, conservación e explotación das autopistas en réxime de concesión como na Lei 37/2015 de estradas.

Por todo isto, o trazado de dita infraestrutura viana estatal quedará recollido nos documentos de planeamento urbanístico e a tales documentos, ademais, sonlles de aplicación directa nas normas sobre limitacións á propiedade previstas na lexislación de estradas citada.

Por todo isto, deben ser recollidos como solo rústico de protección de infraestruturas os terreos incluídos dentro da zona de limitación á edificabilidade da autoestrada AP-53, tanto no seu tronco como nos seus ramais. A tal efecto, detectándose carencias en este sentido, aportase colección de planos coa grafía da liña límite de edificación para ter en conta na aprobación, no seu caso, do correspondente PXOM.

Inclúense as liñas facilitadas pola autopista nos planos de ordenación e no plano de comunicacións viarias.

Así mesmo, axúntase informe emitido pola Sociedade Concesionaria da autoestrada AP-53 (ACEGA) a cal se presta conformidade.

4.18 INFORME DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

Con data do 16 de febreiro de 2016 emítense informe favorable condicionado da Axencia Galega de Infraestruturas supeditado á corrección dunha serie de aspectos, que se resumen a continuación:

Grafárase a estrada PO-505 nos planos. Asemade, no plano da rede viaria, deberase identificar correctamente o trazado das estradas PO-505, PO-205 e PO-211. É necesario codificar as estradas autonómicas.

Grafárase a aliñación de edificación nos ámbitos de ordenanza 4 as distancias establecidas no anexo a este informe.

No solo de núcleo rural as distancias entre aliñacións de viario e as distancias entre a estrada e a aliñación de edificación aplicaranse ata unha distancia mínima establecida no anexo a este informe. Tamén deberá acoutar ditas aliñacións nos planos.

Os núcleos de Pazos, Freixeiro, A Moa e Casas do Monte prevén o seu crecemento ao longo das estradas de titularidade autonómica. Reduciranse os crecementos dos núcleos nas zonas nas que carentes de edificación, poidan supoñer un aumento de accesos as estradas autonómicas.

Se clasificará como solo rústico de protección de infraestruturas todos os terreos situados entre as estradas autonómicas e a liña límite de edificación, cando non contén con clasificación de urbano, núcleo rural ou urbanizable, ou canto menos ata o dominio público.

Incorporarase a normativa os criterios de ordenación establecidos por esta Axencia que se adxuntan como anexo.

Inclúense as correccións indicadas no documento.

4.19 MEMORIA AMBIENTAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA

Expediente: 2010AAE0026

Código web: 0283/2007

Con base na proposta de resolución do Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas, da

Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, que a continuación se transcribe:

ANTECEDENTES

1 O día 04.10.2010 o Concello de Silleda comunicou á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental (órgano ambiental) o inicio da elaboración do Plan xeral de ordenación municipal (en diante Plan ou PXOM), acompañando un documento de inicio como anteproxecto de planeamento en soporte papel e dixital.

2 O 08.10.2010 abriuse un prazo de consulta pública do documento de inicio a través da páxina web . da antiga Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas, que finalizou o 07.11.2010. Ao mesmo tempo consultouse ao Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e a outras administracións públicas para que realizasen os comentarios que estimasen pertinentes en relación ao PXOM.

3 Tomando como base o documento de inicio e o resultado das devanditas consultas, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental formulou o documento de referencia do PXOM, previsto polo artigo 9 da Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, que foi remitido ao Concello o 18.11.2010 e publicado na web da antiga Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas.

4 O día 18.12.2012 o pleno da corporación municipal aprobou inicialmente o PXOM e acordou iniciar un período de información pública por un prazo de dous meses. O anuncio do dito acorde publicouse no Diario Oficial de Galicia (DOG) núm. 11, do 16.01.2013 e nos xornais Faro de Vigo e La Voz de Galicia do día 05.01.2013.

5 O día 12.11. 2015 a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental recibiu o documento do PXOM de Silleda para aprobación provisional (en soporte dixital) remitido polo Concello, co obxecto de que se formule a memoria ambiental.

6 O día 18.11.2015 requiriuse ao Concello que completase a documentación achegada coa cartografía vectorial e diversa información que debe constar no Informe de participación e consultas, como por exemplo, copia dos informes favorables das administracións competentes en materia de patrimonio cultural e estradas.

7 O día 25.02.2016 recibíuse nesta Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a documentación requirida do PXOM de Silleda para a elaboración da memoria ambiental, agás os informes favorables da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia e da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1 A Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, ten por obxecto contribuir á integración dos aspectos ambientais en plans e programas para promover un desenvolvemento sustentable. Malia que esta Lei foi derogada pola Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, as súas determinacións continúan senda aplicables aos procedementos iniciados antes do 12.12.2014 (disposición transitoria 1ª da Lei 21/2013).

2 A Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), integrou no proceso de elaboración e tramitación dos plans xerais de ordenación municipal o procedemento de avaliación ambiental estratéxica establecido pola Lei 9/2006.

3 Antes de aprobar o PXOM corresponde ao órgano ambiental formular a memoria ambiental (artigo 85. 5 da LOUG). A memoria ambiental ha de conter as determinacións finais que deban incorporarse á proposta do Plan, ten carácter preceptivo e terase en conta no PXOM antes da súa aprobación definitiva.

4 Os plans de ordenación urbanística están vinculados xerarquicamente ás determinacións das Directrices de ordenación do territorio (DOT) e deberán redactarse en coherencia con elas (artigo 45.2 da LOUG).

5 O Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, atribúe á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. Contexto municipal

O Concello de Silleda localízase ao noroeste da provincia de Pontevedra, concretamente na comarca do Deza, xunto aos concellos da Vila de Cruces, A Golada, Lalín, Rodeiro e Dozón. O municipio ten unha extensión de 168,14 km² e 8.772 habitantes (IGE 2015) distribuídos en 293 entidades de poboación, e 33 parroquias. Isto supón unha densidade de 52,17 hab./km².

Nos últimos anos Silleda está a vivir unha tendencia demográfica xeral descendente, sobre todo nos núcleos rurais, debido ao abandono constante da poboación a favor dos núcleos urbanos de Silleda e A Bandeira, que polo contrario gañan efectivos demográficos. É por isto que o parque de vivendas destes dous núcleos acumulou un importante crecemento nos últimos anos.

O sector terciario ten un peso moi importante na economía do municipio (41,83 %), xa que unha parte importante dos seus activos traballa no sector servizos, que se atopa moi desenvolvido ao nutrir aos restantes municipios comarcais. O sector primario, en concreto a gandaría, tamén ten un peso importante, aínda que vén perdendo forza nos últimos anos.

O Concello presenta importantes valores naturais e paisaxísticos, asociados aos vales, serras e brañas, que se emprazan principalmente ao norte e ao sur de Silleda. Estes valores foron recoñecidos coa inclusión coa en zona de especial conservación² dos seguintes espazos: Sistema fluvial U/la-Deza (ES1140001), Brañas de Xestoso (ES1140008) e Serra do Candán (ES1140013) da Rede Natura 2000, declarada tamén zona de especial conservación dos valores naturais (ZEPVN) da Rede galega de espazos protexidos.

O 17.08.2012 se publica do DOG núm. 156 a aprobación definitiva do Catálogo de paisaxe da comarca paisaxística de Deza, segundo o Decreto 171/2012, de 1 de agosto, e de conformidade coa Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección do paisaxe de Galicia. Boa parte do Concello de Silleda insírese dentro deste ámbito, no cal se identifican as áreas de Serra de penas, Montes Testeiro-Serra do Candán, Val Encaixado do Deza e Vales Suaves do río Deza.

Dentro do ámbito localízanse numerosos elementos do patrimonio cultural de interese arquitectónico, histórico, etnográfico e/ou arqueolóxico. Así mesmo, o Camiño de Santiago, Ruta da Prata, atravesa o Concello de leste a noroeste en paralelo ao trazado da estrada N-525. Entre os bens que destacan polo seu valor patrimonial distínguense O Mosteiro de San Lorenzo de Carboeiro, O Castelo Torre de Cira, O Castelo Fortaleza de Chapa e O Gravado Rupestre Castro Primadorna, declarados Ben de interese cultural (BIC)

Desde o punto de vista hidrolóxico, debido ao clima húmido e a topografía, a rede de drenaxe do municipio está constituída por multitude de cursos de auga. A extensa rede hidrográfica do municipio pertence á canea do río Ulla, e os principais sistemas fluviais son os que conforman os ríos Ulla e Deza cos seus tributarios. Ambos cursos de auga exercen de límite natural do termo municipal polo norte e polo leste.

Respecto ás comunicacións, o Concello sitúase no eixe Santiago-Ourense. Por este corredor discorren a autoestrada Central Galega AP-53, a estrada N-525, a liña de ferrocarril Zamora-A Coruña e a liña de alta velocidade Ourense-Santiago. Transversalmente, a estrada N-640 e multitude de estradas autonómicas e da deputación atravesan o Concello, conectándoo co resto de municipios e provincias. Así mesmo, Silleda conta cunha extensa rede de viarios municipais, que establece as comunicacións necesarias de ámbito local entre as distintas entidades de poboación.

Na actualidade o planeamento urbanístico do Concello de Silleda réxese polo Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado definitivamente no ano 1.981. Segundo as DOT, Silleda é subcabecera do sistema urbano intermedio, as administracións públicas terán en conta na súa planificación que estas vilas subcabeceras exercen funcións complementarias das súas respectivas cabeceras, debido a que constitúen un subsistema urbano policéntrico.

2. Descrición da proposta

Segundo o indicado na Memoria xustificativa, o obxectivo do PXOM é configurar un modelo que favoreza o desenvolvemento equilibrado e sostible do territorio, contribuíndo a elevar a calidade de vida e a cohesión social da poboación, compatibilizándoo coa protección e potenciación do patrimonio natural e cultural existente.

Segundo a Memoria do Plan, a ordenación proposta persigue a consolidación das áreas edificadas e da mellara dos tecidos que integran os núcleos urbanos de Silleda e A Bandeira. Clasifícanse como solo urbano consolidado residencial os terreos integrados na malla urbana que cumpren os requisitos de consolidación e de servizos urbanísticos. Tamén se integran como solo urbano dúas áreas de planeamento incorporado, correspondentes co Recinto Feiral da Semana Verde (API-1) e co Parque Empresarial Área 33 (API-2).

As áreas de desenvolvemento residencial e terciario localízanse nos solos vacantes lindeiros cos núcleos urbanos, mentres que os crecementos industriais asóciense a instalacións xurdidas ao marxe do planeamento ou como prolongación de solos urbanos industriais existentes:

- Entre o núcleo urbano de Silleda e o Recinto Feiral da Semana Verde (API-1) quedaron ámbitos de solo sen consolidar, que se resolven mediante dúas áreas de SUNC residencial (D1-AR-1, D1-AR-3). Delimitase o D1-AR-2 co fin de dar continuidade ao viario perimetral que está no leste do núcleo. No linde oeste, resólvense as traseiras das edificacións propoñendo o D1-AR-4. En canto aos solos urbanizables delimitados, prevese un sector de solo residencial no extremo sueste (SUD-R1) con convenio urbanístico adxunto. No bordo leste establécese unha reserva de solo urbanizable terciario (SUD-T1). Cara a establecer reservas de solo industrial, prográmase a ampliación do Parque Empresarial Área 33, delimitando un sector de solo urbanizable ao norte (SUD-11), entre a N-625 e a autoestrada AP-53.

- No núcleo urbano da Bandeira delimitase 1 sector de solo urbanizable delimitado residencial (SUD-R2), cuxo fin é finalizar a trama urbana cara o oeste e obter o solo necesario de zona verde para poder celebrar a Festa da Empanada grazas as cesións de dotacións que se xerarán. Dado o interese de desenvolver este ámbito, se asinou un convenio entre os titulares das parcelas e o Concello, que vai adxunto na documentación do Plan.

- Ao sur do núcleo de Costoia (SUD-13) e ao noroeste do núcleo do Campo (SUD-12), delimitáanse dous pequenos sectores de solo urbanizable industrial que pretenden regularizar os asentamentos industriais xurdidos ao marxe do planeamento. O SUD-13 conta con convenio urbanístico. Isto supón un total de 4 áreas de SUNC residencial (3,86 Ha), 2 sectores de solo urbanizable delimitado residencial (12,59 Ha), 3 sectores de solo urbanizable delimitado industrial (57,18 Ha) e 1 sector de solo urbanizable delimitado terciario (1,51 Ha). O PXOM inclúe copia dos convenios urbanísticos dos sectores SUD-R1, SUD-R2, SUD-13 e do Parque Empresarial Área 33 (API-2), cuxas determinacións deberán ser tidas en conta á hora do seu desenvolvemento.

Así mesmo, delimitáanse como núcleos rurais aqueles terreos que serven de soporte aos asentamentos de poboación singularizados en función das características establecidas no Art. 13º. 1 LOUGA, diferenciando a zona histórico-tradicional, con edificacións cunha antigüidade de aproximada de 50 anos ou máis, da zona común, que está constituída normalmente por edificacións máis recentes apoiadas nas estradas e camiños que conflúen no núcleo orixinario.

Respecto á previsión da capacidade máxima residencial, o PXOM propón unha ordenación capaz de acoller 11.271 vivendas, das cales se consideraron 6.035 existentes e 5.236 de nova creación (3.256 no solo urbano consolidado, 386 no SUNC, 191 nos solos urbanizables delimitados residenciais e 1.403 nos núcleos rurais).

O resto de terreos dentro do termo municipal clasifícanse como solo rústico, diferenciando entre o solo rústico de protección ordinaria e o solo rústico de especial protección, constituído polos terreos que dependendo de seus valores particulares deban estar sometidos a algún réxime especial de protección incompatible coa súa transformación.

Respecto aos novas sistemas xerais destinados a dotacións, infraestruturas e comunicacións, destácase o seguinte:

- A superficie destinada polo PXOM ao sistema xeral de espazos libres ou zona verde é de 30,26 Ha, dos cales 24,52 Ha pertencen ao sistema xeral previsto (2,10 Ha están incluídos nos sectores SUD-R1 e SUD-R2, 5,20 Ha derivan do API-1, e 17,22 Ha se obterán por expropiación ou non se define). O 30-SN-P1, 30-SN-P2 en Silleda e o parque da Bandeira 16-SN-P2 onde se celebrará a Festa da empanada son os espazos propostos de maior entidade.

- A superficie destinada polo PXOM ao sistema xeral de equipamento comunitario é de 16,07 Ha, dos cales 3,97 Ha correspóndense con equipamentos de nova creación.

Dentro do viario urbano prevese o sistema xeral viario SN-V3, de nova creación, que bordea o núcleo urbano da Bandeira polo sur, 1 rotonda no núcleo da Bandeira e 3 rotondas no núcleo de Silleda.

Clase de solo	Superficie (ha)	%
Solo urbano consolidado (SUC)	133,49	0,80 %
Solo urbano non consolidado (SUNC)	5,44	0,03 %
Total solo urbano	138,93	0,83 %
Solo urbanizable delimitado residencial (SUD-R)	12,66	0,08 %
Solo urbanizable delimitado industrial (SUD-I)	41,00	0,24 %
Solo urbanizable delimitado terciario (SUD-T)	1,51	0,01 %
Total solo urbanizable	55,18	0,33 %
Total solo núcleo rural	736,59	4,38 %
Total solo rústico	15.883,04	94,46 %
Total	16.813,74	100 %

3. Análise do proceso de avaliación ambiental

3.1 Resultados das consultas realizadas e da participación pública

Tras a aprobación inicial do Plan (18.12.2012), este someteuse a información pública e consulta das administracións públicas afectadas. Parte dos informes emitidos palas administracións consultadas tiveron carácter favorable e outros incorporan observacións ou suxestións. Así mesmo, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural e a Demarcación de Estradas do Estado en Galicia emitiron informe desfavorable.

Administracións públicas e organismos		Solicitado	Enviado	Sentido (*)
Ministerio de Fomento	Demarcación de Estradas do Estado en Galicia	08.02.2013	31.05.2013	Desfavorable
		09.10.2015	-	-
	Aviación civil	08.02.2013	26.04.2013	Observacións
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	Dirección de Patrimonio e Urbanismo, Xefatura de Patrimonio e Urbanismo (ADIF)	08.02.2013	05.03.2013	Observacións
	Ente Público Augas de Galicia	01.02.2013	15.10.2013	Condicionado
		08.05.2015	09.06.2015	Favorable
	Instituto de Estudos do Territorio	01.02.2013	26.05.2014	Favorable con observacións
Consellería de Infraestruturas e vivenda	Dirección Xeral de Conservación da Natureza	01.02.2013	24.01.2014	Observacións
	Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental	01.02.2013	26.03.2013	Observacións
	Axencia Galega de Infraestruturas	08.02.2013	08.07.2013	Desfavorable
Consellería do Medio Rural e do Mar		09.10.2015	18.02.2016	Favorable
	Subdirección Xeral de Recursos Forestais, Xefatura Territorial	01.02.2013	10.06.2013	Observacións
Consellería de Economía, emprego e Industria	Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas	01.02.2013	18.03.2013	Observacións
		01.02.2013	08.11.2013	Desfavorable
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	Dirección Xeral do Patrimonio Cultural	07.01.2015	23.01.2015	Solicitude información
		15.05.2015	-	-

Nos informes sectoriais achegados fanse observacións de carácter cualitativo, documental ou normativo que implican cambios na ordenación proposta. As principais cuestións ambientais formuladas foron:

- En relación á rede hidrográfica, e o risco de asolagamento, Augas de Galicia detecta a falta de codificación dalgúns leitos. Así mesmo, deberanse recoller no PXOM todas as zonas protexidas para abastecemento humano (reserva Natural río Candán e tramo de especial interese de Especies ameazadas no río Candán). En canto ás zonas inundables, unha pequena parte do Concello vese afectada pola Zona de Fluxo Preferente e Lámina de Inundación 500 anos asociada ao río Ulla, debendo incluír as limitacións necesarias para minimizar a súa afección sobre as persoas. Indícase que no SUD-12 existen edificacións existentes que ocupan o solo rústico de protección das augas, debendo valorar este aspecto e corríxirse, ademais solicítase establecer a distancia da liña límite de edificación na Normativa.

Inclúese o abastecemento humano e as zonas de fluxo preferente nos planos. Inclúense no urbanizable SUD-12 a edificación existente.

- En canto á suficiencia de recursos hídricos, Augas de Galicia sinala que non se poderán outorgar novas licencias de construción que baseen o seu abastecemento en redes veciñais existentes ou novas captacións sen concesión administrativa ou sen recoñecemento do uso privativo. Deberá recollese esta condición na Normativa. Respecto ao Saneamento, deberase recoller na Normativa do PXOM que non se poderán obter novas licencias de construción que vertan augas ás canles sen licenza de Augas de Galicia.

Inclúese no artigo 224.6 da normativa

- En canto a preservación dos valores naturais, a Dirección Xeral de Conservación da Natureza informou que existen ámbitos de solo urbanizable que ocupan zonas de policía de canles ou espazos naturais (SUD-11, e proximidades SUD-12). Ademais indica que o SRPEN deberase axustar á delimitación das ZEC localizadas no Concello e que se deberá homoxeneizar a clasificación dos humidaís do Inventario. Asemade, solicítan ampliar os estudos sobre as especies protexidas e do catálogo de especies vulnerables, e identificar os ámbitos de protección da Rana temporaria, nos que se deberá establecer unha franxa de 300 m de respecto e determinacións que garantan a súa conservación

Axústase a delimitación das ZEC, homoxenízase a clasificación dos humidaís do Inventario de humidaís de Galicia e identifícanse os ámbitos de especies de fauna ameazada establecendo as franxas de protección recomendadas. Os urbanizables delimitanse fora dos espazos naturais.

- En relación coa protección e xestión dos montes, a Subdirección Xeral de Recursos Forestais, Xefatura territorial, sinala que parte das áreas incendiadas están clasificadas como agropecuario no lugar de forestal, co que non cumpre a LOUGA e o que di o propio Plan. Ao respecto, deberíase ampliar o período de análise de superficies queimadas ata un período que abranga desde o 2003 ata 2012, así como ampliar as parroquias identificadas como de maior perigo de incendio. Así mesmo, faise referencia a algunhas incompatibilidades de uso no solo forestal, e aspectos a modificar na Normativa para garantir a prevención fronte a incendios. Sinálanse tamén

algunhas incongruencias de clasificación en Montes Veciñais de Man Común (MVMC), así como a necesidade de corrir o plano de riscos naturais e tecnolóxicos para que se representen os solapes cando coincidan varios riscos na mesma área.

Revisase a cartografía de MVMC e a clasificación das áreas incendiadas.

- Respecto ao patrimonio cultural, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural precisa no seu último informe desfavorable a inclusión dun conxunto de medidas correctoras e protectoras. Entre outras cuestións, solicita completar as fichas do Catálogo, así como incorporar novas fichas específicas para bens de interese arquitectónico, etnográfico e arqueolóxico, ademais de revisar as delimitacións dos BIC; tomar en consideración as determinacións que se expresan para o Camiño de Santiago, Ruta da Prata; integrar as correccións que se deberán levar a cabo na Normativa para garantir a protección dos bens patrimoniais; corrir os contornos de protección nos ámbitos nos que non se axusta ao fondo edificable; e revisar a ordenación de determinados bens patrimoniais.

- Con respecto á paisaxe, o Instituto de Estudos do Territorio sinala a necesidade de que Silleda e Bandeira inclúan un estudo da paisaxe urbana, tal e como establece a determinación 2.7 das DOT. En canto á ordenación prevista en solo urbano, sinalan que se debería tratar coa máxima atención o problema de imaxe que constitúen as entradas e saídas de Silleda e A Bandeira pala estrada N-525 e outros puntos da periferia destes núcleos. Respecto ao solo urbano non consolidado, solicítase realizar unha análise da veciñanza cos núcleos rurais (01-AR-1), así como da presenza elementos de interese ambiental (01-AR-1 e 01-AR-5) e da existencia de diferentes tipoloxías de edificación nos bordos de actuación, entre outros aspectos. Para asegurar o cumprimento de tales condicións, os PERIS deberían incorporar un estudo específico de integración paisaxística. Este estudo tamén se pide para os ámbitos de solo urbanizable industrial co fin de minimizar os impactos que poida producir a través de medidas correctoras e de integración paisaxística.

Inclúese o estudo da paisaxe na memoria. O informe de fomento solicita recortar e retranquear a liña de edificación nos extremos dos solos urbanos.

Coa participación de particulares e grupos representativos da sociedade recibíronse 748 alegacións, das cales foron estimadas 423, segundo a documentación aportada no PXOM. A maior parte destas foron feitas por particulares e referidas maioritariamente a ampliacións de solo de núcleo rural, revisión de camiños de titularidade privada, recoñecemento de edificacións existentes e ordenación dos solos urbanos e urbanizables. As alegacións presentadas palas asociacións de veciños así como por Unión Fenosa foron estimadas; mentres que as presentadas por ADIF, o Coto do Castro, e os grupos municipais do PP e BNG estímense parcialmente (no caso da alegación do BNG, unha das peticións é incluír en zona verde unha carballeira que aínda se conserva dentro do núcleo urbano de Silleda).

3.2 Valoración sobre a calidade do informe de sustentabilidade ambiental (ISA)

O día 26.03.2013 esta Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental emitiu un informe sobre a calidade do ISA do PXOM de Silleda no que se fan unha serie de observacións sobre o seu contido, que foron tidas en conta na súa maior parte.

No documento faise unha análise da obxectiva da contorna describindo as características ambientais máis salientables que condicionarán o planeamento proposto. Identifícanse a continuación os principais plans, programas e normativa que inciden no territorio e atinxen ao planeamento, ordenados xerarquicamente e por temáticas (non se inclúe o Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de

conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia, pero este é estudado en detalle no apartado 4.1.9.1 do ISA).

Descríbense unha serie de obxectivos de carácter xeral que perseguen un desenvolvemento equilibrado e sustentable do territorio municipal para contribuir a elevar a calidade de vida e a cohesión social da poboación, compatibilizándoo coa protección do patrimonio natural e cultural existente. Tamén propón uns obxectivos de tipo ambiental para os que establece os criterios precisos para acadalos, moitos deles en concordancia coas determinacións establecidas polas DOT.

A continuación formulan tres alternativas entre a que se encontra a alternativa "O", ou de non desenvolvemento do Plan xeral, e xustifican a alternativa escollida mediante unha valoración comparativa entre todas as propostas en base á integración dos obxectivos específicos establecidos para cada variable de sustentabilidade, na que a alternativa dous é a máis valorada e polo tanto a escollida.

Atendendo á proposta seleccionada realízase unha valoración dos seus efectos sobre as variables de sustentabilidade indicadas no documento de referencia (DR), caracterizando e cuantificando o seu impacto mediante unha matriz de valoración. Bótase en falta unha comparación dos efectos da alternativa seleccionada cos que derivarían das outras alternativas.

En función dos obxectivos ambientais propostos e de acordo aos efectos, propoñen unha serie de medidas para cada variable de sustentabilidade ambiental, nas que tiveron en conta o sinalado no informe de calidade do ISA emitido, afondando en cada unha delas y propoñendo medidas concretas.

O ISA inclúe a continuación o plan de seguimento do PXOM para o que establece os indicadores de avaliación das variables de sustentabilidade, estes correspóndense cos propostos no DR, incluíndo para moitos dos indicadores valores de referencia.

Inclúe unha análise sobre a viabilidade económica que se considera incompleta, xa que só analiza a viabilidade da alternativa seleccionada e non contempla a partida relativa ás medidas propostas no ISA nin ao seguimento. Deberá avaliarse a viabilidade económica de todas as alternativas, así como analizar o custo das medidas dirixidas a prever, minimizar ou paliar os efectos negativos e das de fomento dos positivos.

A continuación inclúe unha análise de coherencia interna por obxectivos e variables e unha análise de compatibilidade estratéxica (ACE) de conformidade coas DOT que se considera axeitado. O resumo non técnico axústase ao requirido no DR, se ben é certo que sería aconsellable empregar textos de nova redacción, elaborados especificamente para este apartado. Se completa co resumo do apartado da análise de alternativas ta e como se pedía no informe de calidade do ISA.

A cartografía que presentan asociada ao ISA compoñena o plano de riscos naturais e tecnolóxicos, o plano de zonificación acústica, os planos das tres alternativas e os relacionados coa avaliación da paisaxe, o resto da cartografía ambiental está incluída nos planos de información do documento xeral do PXOM.

4. Análise da integración das variables ambientais e a sustentabilidade do plan

A continuación aválase a integración dos criterios ambientais na proposta para cada unha das variables afectadas, establecéndose as consideracións necesarias, que derivan, no seu caso, en determinacións ambientais para garantir un desenvolvemento sustentable e acorde cos obxectivos do PXOM.

4.1. Ocupación do solo

Segundo a determinación 3.1.4 das DOT, os plans urbanísticos deberán fundamentar as súas previsións nun diagnóstico xustificando da necesidade de novas vivendas no seu horizonte temporal, fundamentándose nas previsións sociodemográficas e socioeconómicas do seu ámbito de influencia.


O PXOM propón unha capacidade máxima residencial de 11.2718 vivendas, das cales 5.236 son de nova construción. Segundo as previsións máis favorables estudadas na Memoria xustificativa⁹, o Concello aumentará a súa poboación en 1.246 habitantes ata o horizonte temporal (2026), o cal evidencia un sobredimensionamento da capacidade máxima residencial. Hai que sumar que o 57% destas vivendas novas inclúense nos núcleos urbanos de Silleda e Bandeira, que dificilmente as poderán asimilar dadas as previsións poboacionais estudadas¹⁰.

En consecuencia, poderanse producir efectos negativos en relación á ocupación do solo e á paisaxe urbana, entre outros factores.

Ao respecto dos núcleos rurais, as determinacións 3.1.11, 3.1.5.d e 3.1.10 das DOT sinalan que o plan urbanístico deberá formular unha tipoloxía de asentamento que se integre na contorna co menor impacto posible sobre o medio, evitando conxuntos indiferenciados e crecementos ao longo das vías de comunicación.

No entanto, é patente o crecemento ao longo dos rúeiros na delimitación dalgúns núcleos rurais afectando a tramos non consolidados para a edificación e cuxa ocupación se debería evitar (entre outros, os núcleos de Vilar, Paradela de Abaixo-A Moa, A Moa, Carrai-Trasovaldo-Taboada Vella, A Gandarela-Agoleta-Gorís, e O Curro). Así mesmo, en ocasións favorécese a formación de continuos urbanizados, forzando a unión entre varios núcleos tradicionais a través da clasificación extensiva de solo de núcleo rural común (por exemplo entre o núcleo Altamira-0 Candao-A Carballeira-Os Currás e o núcleo A Braña-Fucarelos, entre o núcleo Ribeirao e o núcleo de Outeiro, ou entre o núcleo urbano de Bandeira e A Moa).

Recortáronse e reaxustáronse os núcleos rurais con crecementos sobre todo ao longo das estradas autonómicas e das de Fomento.



Ribeirao - Outeiro

A Bandeira -A Moa

En canto á prevision de parques empresariais, as DOT aluden á necesidade de xustificar a idoneidade da localización seleccionada, respectando os valores ambientais do territorio e establecendo, en todo caso, as medidas correctoras que resulten necesarias para a integración ambiental e paisaxística dos novas desenvolvementos.

A este respecto, o Plan non analiza outras alternativas para o emprazamento do solo urbanizable industrial SUD-11 cunha menor afección ambiental e paisaxística. Ademais, non se aporta un estudo de demanda que xustifique as dimensións deste ámbito (43,53 Ha) que non figura no Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais de Galicia (PSOATEG) e que case duplica a superficie do parque empresarial existente, aínda non totalmente consolidado, e con amplas superficies sen ocupar. Engadir que a orografía deste sector presenta desniveis suaves, o que poderá requirir a realización de movementos de terra e explanacións para o acondicionamento do solo, isto favorecerá a erosión do terreo, con afección aos ríos de Mera e Deza. Sinalar ao respecto a sensibilidade especial destas canles pola presenza na canea do río Ulla de poboacións de especies ameazadas, en particular, mexillón de río (*Margaritifera margaritifera*) e toupa de río (*Galemys pyrenaicus*), moi sensibles aos efectos da colmatación dos leitos dos ríos por sedimentos.

Recórtase o solo industrial SUD 11 nos bordos do río e mantense como solo rústico de espaciao natural o habitat prioritario do río. No plan sectorial das areas recollese que na FASE I (ÁREA 33) e FASE I (AMPLIACIÓN)(ÁREA 33) non hai solo dispoñible, xa que esta todo vendido e polo tanto non hai oferta dde solo.

En relación aos sistemas xerais, o informe da Subdirección Xeral de Recursos Forestais, Xefatura Territorial identifica a presenza dunha carballeira na área recreativa "As Pedrosas" clasificada parcialmente como solo rústico de protección agropecuaria, que se deberá incorporar ao sistema xeral de zonas verdes e espazos libres.

En canto aos riscos naturais e antrópicos, cómpre sinalar que gran parte da delimitación do API-2 está en contacto con terreas clasificados como solo rústico de protección forestal, o que implica a abrigo de reservar unha franxa de 50 metros perimetral para a xestión de biomasa e unha franxa de 30 metros libres, dende o perímetro do solo urbano cara fóra, das especies sinaladas na disposición adicional terceira da lei 3/2007, de 9 de abril 11. De non aplicar esta abrigo legislativa, poderíase dar lugar a un risco importante para a poboación no caso de producirse un incendio forestal, debido á proximidade dos usos forestais e industriais.

Tense en conta esta medida de protección para o desenvolvemento da API-2 e se recolle nas Normas do Plan no artigo 354.4.

4.2. Paisaxe

A determinación 8.6. das DOT establece que o planeamento urbanístico deberá realizar un estudo da paisaxe urbana, prestando especial atención ás tipoloxías edificatorias, e o artigo 48.5 da LOUGA determina que o PXOM fixará a altura máxima das edificacións en proporción ao ancho das vías e espazos libres.

Ao respecto, consonte indica o Instituto de Estudos do Territorio, detéctanse as seguintes problemáticas en relación á paisaxe urbana:

-A ordenación formulada podería dar lugar a problemas de imaxe entre as tipoloxías tradicionais existentes e as propostas, especialmente no núcleo urbano da Bandeira, ande non se garante unha integración paisaxística harmónica.

-Co fin de lograr unha transición progresiva urbano-rural, terase en conta na ordenación a proximidade do solo urbano con núcleos rurais ou barrios orixinarios, ou a colindancia coa contorna rústica.

-Deberase estudar a integración paisaxística de elementos de interese como áreas arboradas e elementos singulares de interese.

Nos bordos dos solos urbanos retraquease a ordenación derivado do informe de estradas de fomento e recortase parcelas lindantes co solo rústico. En contacto co solo rústico a tipoloxía é de vivenda unifamiliar.

Na normativa incorpóranse medidas que atenden a integración e implantación dos edificios no ambiente, así como condicións de estética en solo urbano que se consideran axeitadas, no entanto, a ordenación detallada 1: 2000 dos núcleos urbanos non sempre é coherente con estas medidas, e deixa sen resolver as problemáticas detectadas.

Respecto aos ámbitos de solo urbanizable industrial, deberán extremarse as precaucións de integración paisaxística, especialmente nos sectores SUD-11 e SUD-12, solos cunha fragilidade extrínseca moi alta debido a súa alta accesibilidade visual¹². Salientar que o SUD-11 é un ámbito especialmente vulnerable á antropización, porque supón a expansión da actividade industrial sobre a conca do río de Mera, val de suave pendente ocupado na súa maior parte por terreas en estado natural, masas arbóreas e pradería, e que constitúe un sistema hidrolóxico onde debe de favorecerse a continuidade da vexetación ripícola a ambas marxes dos ríos.

Recórtase o solo industrial nas proximidades do río. Elimínase o sistema xeral de zona verde do río, respetando o espaciao natural delimitado na zona de habitat prioritario.



Vista da ocupación do SUD-11 desde o extremo noés do ámbito, ao fondo Silleda.



Vista da ocupación do SUD-11 desde o extremo noés do ámbito desde a AP-53.

Nas fichas da Normativa especificase que no SUD-11 e no SUD-12 se incorporará un estudo de impacto e integración paisaxística, con análise detallada da visibilidade. No SUD-11 indicase que as cesións establecidas legalmente (os espazos libres) se localizarán preferentemente nos terreas colindantes co río. Estas medidas considéranse axeitadas, no entanto, debido ao forte impacto paisaxístico que pode supoñer o desenvolvemento do SUD-11, deberase reformular a súa delimitación, axustando a súa superficie á estrita necesaria cos mínimos efectos negativos na paisaxe.

Engádesse á ficha que os espazos libres se ubiquen naquelas zonas con masas arbóreas merecedoras de protección que deriben do estudo paisaxístico.

4.3. Patrimonio natural

Os principais valores ambientais do Concello de Silleda están asociados á súa extensa rede fluvial, con amplos tramos de vexetación de ribeira ben conseNados, e ás elevacións da Serra do Candán, ao sur do municipio, que acolle unha das poucas poboacións de *Eryngium duriaei* subsp. *juresianum*, endemismo do noroeste ibérico catalogado "en perigo de extinción" no Catálogo Galego de Especies Ameazadas.

Consonte ao artigo 32.2.f da LOUG, o Plan clasifica como solo rústico de protección de espazos naturais (SRPEN) os tres ámbitos do Concello que se integran na Rede Natura 2000 (ZEC Sistema Fluvial Ulla-Deza; ZEC Serra do Candán e ZEC Brañas do Xestoso), ampliando incluso esta clasificación máis alá dos seus límites. Inclúense tamén nesta clasificación os espazos catalogados no Inventario de Humidais de Galicia, así como outros enclaves con presenza de hábitats de interese comunitario. No entanto, na liña do indicado pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza, deberanse contemplar os seguintes aspectos:

-Os Planos de ordenación do PXOM identificarán as ZEC, diferenciando graficamente o seu contorno da clasificación de solo rústico de protección de espazos naturais, e axustando os seus límites á cartografía 1/5000, que deriva da Decisión de execución (UE) 2015/2373 da Comisión do 26 de novembro de 2015 polo que se adopta a novena lista actualizada de lugares de importancia comunitaria da rexión bioxeográfica atlántica.

-A Normativa do Plan integrará ordenanzas para garantir a protección dos recursos naturais e incentivar a mellara ambiental no SREPN (determinación 7.1.1. das DOT), especificando para o ámbito das ZEC a aplicación do disposto no Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia

Corríxense os planos de ordenación coa delimitación diferenciada das tres ZEC.

Inclúense nas Normas do Plan medidas que garantan a protección dos recursos naturais e a aplicación do disposto no Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia. (Normas VI.)

Respecto dos hábitats de interese comunitario situados fóra da Rede Natura, comprobouse que os terreos que inclúen hábitats prioritarios¹⁴ foron considerados na proposta como SRPEN. Non obstante, o solo urbanizable industrial SUD-1.1, é lindeiro polo oeste coas ribeiras do río de Mera (afluente do Deza), que conta cunha boa representación do hábitat prioritario 91EO* (Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior*). Ao respecto salienta que unha parte do sector urbanizable afecta a formacións riparias que se integran no hábitat prioritario, debendo considerar, ademais, as afeccións derivadas da localización dun enclave industrial xunto a este espazo. Indicar ao respecto, que o sector SUD-1.1 debe excluir da súa delimitación as ribeiras do río de Mera e unha zona amortecedora das presións sobre o hábitat fluvial, co fin de preservar as súas funcións como corredor ecolóxico (determinación 7.1.2.b. das DOT). Así mesmo, dentro da superficie deste sector localízanse diversas carballeiras e formacións mixtas de frondosas de interese ambiental, polo que na reformulación da delimitación buscaranse os mínimos efectos negativos sobre estes elementos.

Exclúense do SUDI-1 as ribeiras do río Mera e os hábitats asociados. Engadese á ficha que os espazos libres se ubiquen naquelas zonas con masas arboreas merecedoras de protección que deriben do estudo paisaxístico.

Por outra banda, a delimitación de solo rústico de especial protección de espazos naturais fóra dos límites das ZEC en moitas zonas non se corresponde en detalle coas zonas nos que se sitúan os hábitats que xustifican esa clasificación. Ao respecto as capas utilizadas para a delimitación, Atlas de los Hábitat de España e Inventario dos humidais de Galicia, deben de ser depuradas e axustadas á realidade actual, xa que como indican os propios autores dita cartografía tan só se debe de considerar como unha primeira aproximación á realidade.

Así mesmo, súxírese a posibilidade de engadir na delimitación SRPEN os seguintes hábitats situados fóra da Rede Natura, que non foron considerados na proposta:

- Un humidal, de posible interese para as poboacións de *Rana temporaria* e *Hyla arborea* non incluído no inventario dos humidais de Galicia, situado na localidade de Currospedriños (Rego da Puza).
- Unha tesela do hábitat 8230 Carballeiras galaico-portugueses con *Quercus robur* y *Quercus pyrenaica*., fraccionado pola estrada P0-534 do ZEC Serra do Candán, situada na ladeira denominada Pena do Lobo.

Axústase a delimitación dos hábitats de interese prioritario e incorpórase os humidais inventariados polo Inventario de Humidais de Galicia.

No tocante á consideración das especies de flora e fauna protexida, a cartografía do Plan recolle, no Plano IV.2.2., os ámbitos afectados pola zonificación de especies ameazadas, tanto para o caso de *Hyla arborea* (cun área prioritaria na ZEC Brañas do Xestoso) como para a *Rana temporaria* (no límite oeste do Concello, lindando con Forcarei). No entanto, non se identifica a presenza da especie *Ga/emys pyrenaicus*, catalogada como Vulnerable, e que abrangue varios cursos de auga do concello. Os ámbitos indicados inclúense na súa totalidade en solo rústico de protección de espazos naturais, polo que -consonte indica a Dirección Xeral de Conservación da Natureza no seu informe- as ordenanzas relativas a este tipo de solo deberán fixar determinacións específicas para garantir a conservación das especies citadas. Así mesmo, a Normativa recollerá a aplicación das medidas previstas nos correspondentes plans de conservación/recuperación unha vez aprobados.

O plano N°IV 22.2 Áreas estratéxicas de conservación: áreas complementarias recolle os ambitos onde se constatou a existencia da especie *Galemys pyrenaicus*. A Normativa do Plan establece medidas de protección para a fauna e fai referencia a aplicación dos plans de conservación/recuperación.

A documentación do Plan indica tamén a existencia dun Área prioritaria de reprodución, alimentación, dispersión e concentración local de especies de aves¹⁵ -situada ao suroeste do Concello, entre as ZEC Serra do Candán e Brañas do Xestoso- na que serán de aplicación medidas para a protección da avifauna contra colisión e a electrocución en liñas eléctricas de alta tensión. Non obstante, non se trasladaron á Normativa do Plan as consideracións ao respecto, en especial no tocante ao soterramento de liñas eléctricas nese ámbito, tal e como indica a Dirección Xeral de Conservación da Natureza no seu informe.

Inclúese na Normativa do Plan (Normas VI) as determinación ao respecto que dispón o Real Decreto 1432/2008, de 29 de agosto.

4.4. Patrimonio cultural

A determinación 9.5 das DOT sinala que os instrumentos de ordenación territorial e urbanística deberán incorporar as accións e medidas necesarias para garantir a protección e conservación dos ámbitos de interese do patrimonio cultural, así como aqueloutros ámbitos susceptibles de presentar valores patrimoniais de calquera das súas manifestacións.

Sen prexuízo das determinacións que establece a DX de Patrimonio no seu informe do 08.11.2013, fanse as seguintes consideracións:

No bordo sur do sector urbanizable industrial SUD-11 localízanse un conxunto de edificacións tradicionais, composto por un hórreo, vivenda con corredor e emparrado, edificacións adxectivas asociadas e muro tradicional que pecha a finca. Estes bens son merecedores de seren conservados, e polo tanto deberán integrarse dentro da ordenación detallada do sector ou ser excluídos do ámbito.

A ordenación que se propoña non poderá poñer en perigo os valores do Camiño de Santiago, Ruta da Prata, entre os que se inclúen as edificacións e muros tradicionais situados dentro do seu contorno de protección, elementos singulares que gardan relación co feito da peregrinación. A ordenación proposta deixa fóra de aliñación algún destes elementos, condenándoos a súa desaparición.

En canto o resto dos bens de interese patrimonial, sinalar que non sempre contan coas garantías de protección necesarias, as tipoloxías propostas non sempre conviven en harmonía cos bens catalogados, así mesmo, detectáronse elementos de interese patrimonial merecedores de protección que non foron incluídos no Catálogo de bens a protexer.

Inclúese como patrimonio o conxunto de edificacións do SUD-11

Os elementos protexidos non quedan fora de aliñación.

4.5. Ciclo hídrico

No que respecta ás redes de abastecemento e saneamento, o Plan afirma que a capacidade do servizo na actualidade é suficiente para asumir o consumo e depuración actual. A proposta contempla melloras na rede municipal. En canto ao saneamento, contéplase a substitución dos tramos de conducións anticuados da rede de Silleda e a renovación da ETAP de Bandeira. Tamén se definen as actuacións previstas incluídas no Plan de Abastecemento de Galicia. Para o saneamento o Plan considera que sería necesario estudar solucións para implantar sistemas de depuración nos núcleos que non están conectados a rede municipal ou idear a súa conexión cos existentes. O informe de Augas de Galicia de 15.10.2013 pide incorporar na Normativa a prohibición de outorgar novas licencias de construción que baseen o seu abastecemento mediante redes veciñais ou novas captacións sen concesión administrativa ou sen recoñecemento do uso privativo por disposición legal, cuestión non incorporada no Plan.

Queda recollido na normativa.

No que respecta á rede fluvial o Plan recolle unha descrición dos cursos fluviais máis significativos, non obstante, non se nomean nin se codifican nos planos de información ou ordenación, polo que non é posible a súa identificación.

En canto aos usos permitidos en terras de dominio público hidráulico, zonas de servidume e policía, o Plan xustifica a redución do solo rústico de protección das augas en base a un "Estudo simplificado da superficie de inundación nas canles do Concello de Silleda", o cal non se achega na documentación presentada. En xeral respéctanse estas zonas de servidume, e nos planos gráfase a liña límite de edificación en solo urbano e núcleo rural, no entanto, no artigo 403 da Normativa non se concretan as distancias a respectar, remitíndose a cartografía.

Inclúese como anexo a memoria

Engadir que, a redacción do artigo 394.9.b é ambigua, e debería deixarse claro que todas as obras e traballos en zona de policía precisarán autorización da administración hidráulica, cuestións que o informe de Augas de

Galicia de 15.10.2013 solicita corrixir. En concreto, a zona de policía do río de Mera, clasificada polo Plan como Solo rústico de protección das augas, invade parte do sector urbanizable industrial SUD-11, zonas onde os usos do solo e as actividades que se desenvolvan estarán condicionadas, cara a garantir a protección da masa de auga. Sinalar tamén que os movementos de terra nas obras de urbanización, a formación de explanacións así como a artificialización da cuberta do solo pode causar efectos negativos, como o arrastre de partículas, modificación das escorrentas ou risco de vertidos incontrolados.

Inclúese na normativa

No tocante aos riscos de inundación, unha pequena parte do Concello vese afectada por zona de fluxo preferente e lámina de inundación de 500 anos asociada ao río Ulla, dado que esta zona está clasificada como solo rústico de protección das augas, considérase que non haberá efectos negativos sobre as persoas.

4.6. Sociedade e economía

En xeral a proposta do Plan ten efectos positivos na economía e sistema produtivo municipal, grazas a regularización de asentamentos industriais xurdidos ao marxe do planeamento (SUD-12 e SUD-13), a previsión de novo solo de uso industrial, etc., no entanto, cómpre xustificar a demanda de este solo industrial para que a súa delimitación se axuste as súas previsións de desenvolvemento.

En canto aos sistemas xerais de nova creación, estes distribúense en torno aos núcleos de Bandeira e Silleda, xeralmente os equipamentos e as zonas verdes sitúanse próximos entre si. Sinalar que no caso do parque 16-SN-P1 (A Bandeira) está situado nunha zona de forte pendente, o que impide na práctica a súa utilización. Lembrar que su uso do equipamento deportivo 30-SN-01 non é compatible coa clasificación asignada (solo rústico de protección agropecuaria).

Clasifícase o solo como solo rústico de protección ordinaria.

Ao respecto do estudo económico financeiro e a estratexia de actuación, sinalar que se garante a viabilidade económica do Plan para financiar a obtención de todos os sistemas xerais propostos, no entanto, no convenio axunto dos sectores SUD-R1 e do SUD-R2 sinalase que o seu desenvolvemento encadrarase no primeiro e segundo cuatrienio respectivamente, mentres que na estratexia de actuación, os sistemas xerais asociados a estes sectores, figuran no cuarto lugar no orde de prioridade, o cal non é congruente.

Corríxese o mencionado na estratexia de actuación.

4.7. Mobilidade

Na Memoria xustificativa inclúese a identificación, localización e caracterización das diferentes infraestruturas de transporte, así mesmo, a localización das novas reservas de solo urbanizable favorecen o desprazamento do tráfico ao emprazarse próximos ao grandes eixes viarios. No ISA inclúese un estudo de emisión de Gases de Efecto Invernadoiro (GEI), para minimizar o uso masivo do vehículo privado e reducir as emisións, a Normativa inclúe medidas respecto á mobilidade sustentable (artigo 236).

No entanto, hai previstas novas aperturas a estradas de titularidade estatal (D1-AR-1), así como rotondas de nova creación que non canta co informe favorable da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia. Tampouco se grata nin se incorpora en solo rústico de protección de infraestruturas a estrada autonómica P0-505, esixido no informe da Axencia Galega de Infraestruturas. Todo isto terá efectos adversos na mobilidade.

Elimínanse as rotonas mencionadas e inclúese a PO-505, acordado coa demarcación de estradas de Pontevedra.

4.8. Ciclo de materiais

Os residuos do Concello de Silleda son tratados na súa totalidade en SOGAMA, transportados desde a planta de transferencia situado no Polígono Industrial Área 33, o Concello tamén conta con recollida selectiva de residuos, un vertedoiro de inertes no lugar de Campomarzo e un punto limpo no lugar de Vilanova. Así mesmo, o Concello está adherido ao programa de recollida de plástico agrícola.

No ISA indicase que existen un vertedoiro xa clausurado no termo municipal no ano 2003 en Ferreiras, clasificado como solo rústico de protección agropecuaria. Ademais, todos os vertedoiros incontrolados foron erradicados co obxectivo de eliminar a contaminación xerada no subsolo por unha acumulación incontrolada de residuos.

Prevese o incremento de residuos xerados como consecuencia da execución dos desenvolvementos residenciais e industriais, nestes casos o Plan indica que os planeamentos que os desenvolvan deberán deseñar o sistema de depósito para todo tipo de residuos e asegurar a súa recollida selectiva en función das necesidades das actividades implantadas. Así mesmo, tamén se incorporan outras medidas, como a reserva de espazos nos correspondentes proxectos de urbanización para a situación de colectores para recollida de residuos, no caso dos solos urbanizables industriais tamén para o seu tratamento, ou a necesidade de que o promotor presente un estudo de xestión de residuos de construción e demolición (RCD) no momento de outorgar licenza de obras, que será valorado polo Concello.

4.9. Variable atmosfera

En termos xerais, en canto ao tratamento da contaminación acústica, detéctase unha falta de coherencia entre os distintos documentos que integran o PXOM, pois baséanse en normativas distintas dependendo do tomo de que se trate. É conveniente homoxeneizar a información baseándose na normativa vixente, respecto ao cal, cómpre indicar que ademais da lexislación estatal en materia de ruído, haberá tamén que facer referencia ao Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.

Polo Concello de Silleda atravesan varias infraestruturas que constitúen as principais fontes sonoras, como son a autoestrada AP-53, as estradas estatais N-525 e N-640, varias infraestruturas autonómicas e provinciais, e a liña de ferrocarril que atravesa polo norte do Concello. Soamente a N- 525 posúe o mapa estratéxico de ruído, elaborado polo Ministerio de Fomento no marco do SICA na súa segunda fase de aplicación (2012).

Detéctase a existencia de varios núcleos rurais na zona de servidume acústica da estrada N-525. Lémbrese a obrigatoriedade de cumprimento dos obxectivos de calidade acústica no ambiente interior de todas as novas edificacións de uso residencial, docente, hospitalario e cultural que se podan construír tanto nestes núcleos como nas áreas de novo desenvolvemento. Ademais, nestas áreas de novo desenvolvemento, se deberán tamén cumprir os obxectivos de calidade acústica exterior, non podendo os valores de inmisión procedentes de calquera outra fonte acústica de orixe antrópico, superar os obxectivos de calidade acústica asociados aos novos desenvolvementos.

O PXOM inclúe un mapa de zonificación cunha definición das áreas acústicas existentes adaptada á normativa actual. Non obstante, detéctanse algunhas eivas:

O mapa de zonificación acústica deberá delimitar a zona de servidume asociada á N-52516 segundo o mapa estratéxico de ruído elaborado polo Ministerio de Fomento na súa segunda fase (2012).

Non se considera axeitada a clasificación como áreas tipo f) das estradas locais de menor entidade sen un estudo xustificativo que demostre que poden chegar a xerar niveis sonoros que fagan necesario a adopción de medidas.

Revisase a clasificación das áreas tipo f) no plano.

4.10. Enerxía

Tanto os núcleos urbanos como o resto de entidades de poboación cantan con subministro eléctrico, xestionado polas compañías FENOSA e Hidroeléctrica de Silleda. Na Memoria xustificativa indican que, tras consultas realizadas á empresa responsable do mesmo, non existe ningún problema de abastecemento de enerxía no municipio e, no caso de producirse un aumento importante da demanda, este podería ser resalto sen grandes complicacións. No caso da iluminación pública, en canto á capacidade, esta cobre de maneira eficaz as necesidades do municipio, o cal non exime ás compañías subministradoras de acometer os reforzos necesarios no caso dun aumento da demanda existente.

Na clasificación urbanística delimitouse como solo rústico de protección de infraestruturas os trazados das liñas de alta e media tensión que atravesan o termo municipal, así como as subestación eléctrica de Carboeiro. No entanto, a instalación de telecomunicacións existente na Cornoa non ven recollida no Plan como sistema xeral de infraestruturas, tal e como esixe a lexislación sectorial de aplicación¹⁷

Valórase positivamente a inclusión, no artigo 235 da Normativa do Plan, de condicións e recomendacións para mellorar no posible a eficiencia enerxética da iluminación pública.

CUESTIÓNS DOCUMENTAIS

Co obxecto de acadar unha adecuada integridade documental do PXOM, convén que se actualice aqueles epígrafes referidos á normativa ou aos plans de aplicación, posto que algúns xa están derogados e outros xa se encontran aprobados. Así mesmo, convén actualizar toda a documentación en xeral para que a súa lectura sexa coherente e homoxénea (concordancia de datos e nomenclatura nos distintos documentos). A continuación sinaláanse algúns dos erros e carencias detectados que deben corrixirse:

Non se achega memoria e a ordenación detallada e de servizos urbanísticos a escala 1:2000 do API, clasificado como solo urbano (Polígono industrial área 33), sería bo incorporalo á documentación do PXOM co fin de facilitar a comprensión e lectura do mesmo.

Remítese ao plan parcial aprobado.

Identifícanse varios erros na Normativa, Memoria xustificativa, e Planos de ordenación:

Figuran referencias a Normativa e na Memoria xustificativa do solo urbanizable non delimitado, no entanto, non existe esta clasificación nos Planos de ordenación.

Elimínase o non delimitado

Non coincide o dato de capacidade máxima residencial aportado na páxina 98 co dato das táboas da páxina 99 da Memoria xustificativa.

Corríxese o mencionado

Non se localizan na información vectorial e nos Planos de ordenación aportados os equipamentos que figuran na táboa 4.1.2.2.2 da páxina 78 da Memoria xustificativa 27- SN-P1, 30-SN-P3, 30-SN-P4 e 30-SN-P5. Cómpre aclarar esta cuestión, no caso de non existir, deberanse eliminar da Memoria Xustificativa e descontar as súas áreas na xustificación de estándares urbanísticos.

Inclúese nos planos de ordenación.

Séguese representando o Camiño de Santiago nos Planos de ordenación, a pesares de que a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural indicou no seu informe de 08.11.2013 que debería eliminarse a traza en tanto non se aprobe a súa delimitación definitiva, e só recollela nas ficha do Catálogo.

Inclúese na normativa que o camiño é provisional. (artigo 426)

En Xeral, non se corresponde a cartografía vectorial entregada coa cartografía achegada en formato pdf.

Prodúcense solapes das clasificacións de solo rústico e urbano en Bandeira (folla F04) e zonas sen clasificación (folla E05).

No plano H06 de ordenación municipal, figura cartografado o trazado dunha variante da N-525 que non está clasificado como SPRI, cómpre clarificar este punto.

Elimínase a cartografía dos planos.

Non se incorpora o trazado da estrada P0-505 na cartografía 1:5000, tampouco se inclúe na clasificación de solo rústico de protección de infraestruturas.

Incorporase aos planos en literatura.

- O vertedoiro clausurado de Ferreiras, figura nos Planos de ordenación cunha etiqueta que non se corresponde coa sinalada na lenda, e a súa delimitación non é coincidente co emprazamento real, que se sitúa 300 m ao norte.

Non se etiquetan nin nos Planos de información nin nos Planos de ordenación os ríos que se achegan no anexo 1 do informe de Augas de Galicia.

Nos Planos de ordenación de solo de núcleo rural non se identifican os nomes dos mesmos, o que fai difícil a súa identificación.

Inclúense nos planos.

No que respecta ao mapa de zonificación acústica:

- Intégrase un único plano a escala 1:90.000 e non se aportan as coordenadas xeográficas ou UTM de todos os vértices das áreas definidas. De acordo coa normativa vixente 18 débese de incluír o documento coas coordenadas de todos os vértices das áreas acústicas ou ben representar os mapas a escala 1:5.000.
- Cómpre destacar que ás áreas tipo f), atribúenselle na lenda do mapa uns obxectivos de calidade acústica de 70-70-65 o cal non é correcto. Non se deben atribuír a estas áreas

obxectivos concretos, senón que a condición é que no límite perimetral destes sectores clasificados como tipo f), non se superen os obxectivos de calidade acústica para ruído aplicables aos resto das áreas coincidentes con elas, aplicándose, en todo caso, as medidas adecuadas de prevención contra a contaminación acústica.

- Detéctase tamén un erro nos obxectivos de calidade acústica sinalados para as áreas tipo e) na lenda dos planos. Atribúenselle uns obxectivos de 60-60-60, cando o correcto é considerar como mínimo uns obxectivos de 60-60-50 dBA para os períodos día, tarde e noite.
- A táboa que inclúen como "cadro N°26" no apartado 4.1.10.1 do ISA, deberá de actualizarse pala táboa contemplada no Real Decreto 1038/2012, do 6 de xullo, polo que se modifica o Real Decreto 1367/2007, do 19 de outubro.

Realízanse os cambio mencionados no plano N° IV 26 de Zonificación acústica

DETERMINACIÓNS FINAIS

En coherencia cos principios da avaliación ambiental estratéxica, para favorecer unha adecuada integración dos aspectos ambientais no desenvolvemento do PXOM deberán terse en conta as seguintes determinacións:

1. A extensión do sector SUD-11 deberá axustarse ás previsións de demanda real de actividade industrial, excluindo da delimitación aquelas áreas que polo seu valor natural, cultural e paisaxístico deban de ser preservadas da urbanización: ribeiras do río de Mera e vexetación ripícola asociada, carballeiras e formacións mixtas de frondosas de interese ambiental presentes no ámbito e o conxunto de edificacións tradicionais de valor patrimonial.
2. Os Planos de ordenación do PXOM identificarán as ZEC, diferenciando graficamente o seu contorno da clasificación de solo rústico de protección de espazos naturais, e axustando os seus límites á cartografía 1/5000, que deriva da Decisión de execución (UE) 2015/2373 da Comisión do 26 de novembro de 2015 polo que se adopta a novena lista actualizada de lugares de importancia comunitaria da rexión bioxeográfica atlántica. Tamén deberá revisarse a delimitación de solo rústico de especial protección de espazos naturais fóra dos límites das ZEC, posto que non sempre se corresponde coas zonas nas que se sitúan os hábitats que xustifican esa clasificación.
3. Evitarase ocupar amplas zonas sen edificacións que desvirtúen a morfoloxía e a percepción visual das zonas histórico-tradicionais dos núcleos rurais, revisando aquelas delimitacións que unan asentamentos orixinarios a través da clasificación extensiva de zonas comúns, ou que propoñen crecementos lineais en torno aos viarios.

MEDIDAS DE SEGUIMENTO AMBIENTAL

Segundo o artigo 15 da Lei 9/2006, do 28 de abril, o promotor ten a responsabilidade de realizar o seguimento dos efectos no ambiente resultantes da aplicación e execución do PXOM.

O plan de seguimento terá como obxectivo identificar con prontitude os efectos adversos non previstos e poder levar a cabo as medidas axeitadas para poder evitalos. Asemade servirá para verificar o grado de consecución dos obxectivos propostos polo Plan e o respecto ao medio na execución do planeamento de desenvolvemento.

De conformidade co anterior, o ISA inclúe un plan de seguimento ambiental baseado nun sistema de indicadores que serán medidos cunha periodicidade anual durante os tres primeiros anos, trianual ata os 12 anos e cada cinco anos de aí en adiante, e os seus resultados deberán remitirse ao órgano ambiental e aos organismos ou Administracións que este así o requira, mediante un informe no que se recolla a valoración destes resultados.

Respecto á redacción dos informes de seguimento, e co fin de facilitar a participación do órgano ambiental, recoméndase establecer unha estrutura que permita a súa comparativa ano tras ano. En canto ao seu contido, sería conveniente que inclúan un breve resumo da situación urbanística respecto á programación prevista e unha análise de indicadores na que se avalíe o grao de cumprimento dos obxectivos do Plan e se valoren as medidas propostas, así como a necesidade de aplicar outras novas. Ademais, expóranse as conclusións xerais sobre o proceso levado a cabo, as dificultades xurdidas nel e a sustentabilidade do Plan.

Recóllense no plan de seguimento as recomendacións en canto ao contido dos informes de seguimento.

PROPOSTA

Tendo en conta o sinalado nos apartados anteriores, para considerar que o Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Silleda é ambientalmente viable deberá incorporar as determinacións establecidas nesta memoria ambiental.

4.20 INTEGRIDADE DOCUMENTAL 01 CMATI 28-04-2016

1. En relación co expediente administrativo:

Deberá achegarse o expediente administrativo completo. art. 85.7 da LOUG, non constan as actuacións levadas a cabo polo Concello con anterioridade ao acordo da aprobación inicial do 18/12/2013.

Asemade, falta a seguinte documentación que debe formar parte do expediente municipal:

- Documentación completa relacionada coa avaliación ambiental estratéxica. Incluindo consultas, proposta de memoria ambiental e informe de participación pública, informe sobre como foron integradas as determinacións expostas na memoria ambiental. E documentación de trámite.
- Plan aprobado inicialmente debidamente dilixenciado.
- Anuncios e publicacións dos trámites de consultas e información pública (dous dos xornais de maior difusión na provincia).
- Audiencia aos municipios limítrofes. e consultas do documento de referencia, solicitude da totalidade dos informes sectoriais.
- A totalidade dos informes sectoriais emitidos.
- Certificado de silencio da fase de audiencias, consultas e informes sobre as administracións das que non recibiu resposta.
- Alegacións presentadas durante o trámite de información pública, acompañada de certificado e resposta razoada da Administración municipal.

- A preceptiva notificación da aprobación inicial e provisional do PXOM ás administracións titulares de bens de titularidade pública (Artigo 189 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións públicas, e artigo 101 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia), entre as que se inclúe a Consellería de Facenda, e a Delegación de Economía e Facenda estatal.

- Respecto da Administración Xeral do Estado no que afecte ao exercicio das competencias estatais, comunicación a Delegación do Goberno. (Disposición Adicional 2ª e 12 da Lei 13/2003, do 23 de maio, reguladora do contrato de concesión de obras públicas).

- Informe do servizo técnico municipal respecto da conformidade do plan coa lexislación, vixente e a calidade técnica da ordenación proxectada, - Informe da intervención municipal (artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004), así como o informe previo a proposta do acordo plenario da aprobación provisional.

2. En relación co documento do PXOM:

Debe achegarse o documento técnico completo do PXOM provisionalmente aprobado coa oportuna dilixencia en todas as súas follas, asemade, sen prexuízo de aportar a documentación en formato vectorial e editable (a documentación achegada no CD só canten parte do Plan), o documento dixital debe achegarse en formato de impresión PDF.

O arquivo SLL_ADP01 -04-PL-INFO/ ALTITUDE/PENDENTE0153/W001001.ADF non se lee.

Enviouse un novo documento.

4.21 INFORME DEMARCACIÓN DE CARRETERAS DO ESTADO EN GALICIA.23-05-2016

Informar favorablemente, en lo referente a su afección a la Red de Carreteras del Estado, el Plan General de Ordenación Municipal del Concello de Silleda, con las siguientes prescripciones:

1. Se deberá grafiar la línea límite de edificación para los nudos viarios y cambios de sentido, las intersecciones, las vías de giro y los ramales de titularidad del Estado, que se sitúa a 50 m de la arista exterior de la calzada según lo establecido en el apartado 2 del artículo 33. Zona de limitación a la edificabilidad, de la Ley 37/2015, de 29 de septiembre, de Carreteras.
2. Se deberá suprimir del planeamiento la glorieta grafiada en la N-525 p.k. 303+085, en el núcleo urbano de Silleda, por suponer una nueva conexión con la Red de Carreteras del Estado.
3. Deberá hacerse constar en la Normativa, en relación con la instalación de publicidad en cualquier lugar visible desde las calzadas de la carretera, la prohibición expresa que a tal efecto se establece en el art. 37 de la Ley 37/15, de 29 de septiembre, de Carreteras y artículo 88 y 89 del Reglamento General de Carreteras (RD 1812/1994, de 2 de septiembre).
4. Se incluirá en la Normativa, que la iluminación a instalar en los desarrollos previstos no deberá producir deslumbramientos al tráfico que circula por la Red de Carreteras del Estado. Asimismo, con respecto a los viales que se vayan a construir en ejecución del planeamiento se deberá garantizar que el tráfico que circula por los mismos no afecte, con su alumbrado al que lo hace por las carreteras del Estado. Si fuera necesario se instalarán medios antideslumbrantes, serán ejecutados con cargo a los promotores de los sectores, previa autorización del Ministerio de Fomento, corriendo su mantenimiento y conservación a cargo de dichos promotores.

Tívese en conta o mencionado.

4.22 INTEGRIDADE DOCUMENTAL 02 CMATI

1 En relación co expediente administrativo:

O expediente debe estar constituído polo conxunto ordenado de todos os documentos e actuacións obxecto da tramitación do PXOM. Todas as súas follas serán foliadas polos funcionarios encargados da súa tramitación.

Asemade, falta a seguinte documentación que debe formar parte do expediente municipal:

- Da documentación relacionada coa avaliación ambiental estratéxico, o documento de inicio, consultas, proposta de memoria ambiental e informe sobre como foron integrados as determinacións expostas na memoria ambiental.
- Plan aprobado inicialmente debidamente dilixenciado.
- Anuncios correspondentes ao trámite de información pública do acorde de rectificación da aprobación inicial de dato 23.07.2013.
- Non consta a documentación que acredite a realización do trámite de audiencia aos municipios limítrofes.
- Alegacións presentados durante o trámite de información pública.

Non constan os seguintes informes sectoriais, nin, no seu caso, certificado do silencio administrativo:

- Informe favorable do Ministerio de Fomento en materia de estradas estatais (artigo 16.6 do Lei 37/2015, do 29 de setembro, de estradas) .
- Informe do Ministerio de Fomento en materia de ferrocarrís (artigo 7.2 da Lei 38/2015, do 29 de setembro, do sector ferroviario) .
- Informe do Delegación do Goberno (Disposición Adicional Segundo do Lei 13/ 2003, do 23 de maio, reguladora do contrato de concesión de obras públicas.
- Informe do Dirección Xeral de Aviación Civil do Ministerio de Fomento do 02/05/2013 non foi remitido na súa totalidade (faltan os planos anexos). Ademais, este informe condiciona o seu sentido favorable ó remisión a ese organismo do documento corrixido. sen que conste esta remisión.
- Informe favorable do Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (ortiga 34.2 da Lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galicia).
- Informe da Deputación provincial de Pontevedra en materia de estradas.

- Non hai constancia da preceptiva notificación da aprobación provisional do PXOM ás administracións titulares de bens de titularidade pública (Artigo 189 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións públicas), entre as que se inclúe a Consellería de Facenda (artigo 101 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia) e a Delegación de Economía e Facenda estatal.

2 En canto á documentación do proxecto do PXOM de SILLEDA:

Os Cds achegados co documento técnico presentan problemas de lectura, polo que deben achegarse novamente (en concreto, os Cds editables non abren; dos Cds non editables dan problemas de lectura a carpeta de planos de ordenación do CDI e o arquivo AMAP.rar do CD2) .

O documento enviado é completo e lexible.

Da documentación que é posible verificar, observáronse as seguintes deficiencias:

- A totalidade das follas do plan aprobado provisionalmente polo Concello deben conter a oportuna dilixencia e os documentos do PXOM estarán asinados polo equipo redactor.

Inclúese a firma en tódolos documentos

- A memoria xustificativa de adecuación á normativa de accesibilidade e supresión de barreiras débese adecuar á Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade.

Adecúase a normativa ao mencionado

- Non achega os planos de información das infraestruturas de gas e telecomunicacións, artigo 39.1 RD 2159/1978.

Inclúese a información existente ao respecto no plan.

- Os planos de zonificación acústica aportaranse a escala 1/5000 e conterán as coordenadas UTM en todos os vértices das áreas (artigo 5.4 do RD 1367/2007). Asemade, cómpre incorporar o plano da servidume acústica xerada polo estrada N-525 (mapa estratéxico de ruído aprobado polo Ministerio de Fomento, 2º fase_2012), (artigo 9 do RD 1367 /2007) .

Actualízanse e imprimense a escala solicitada.

3 En canto á adecuación ás determinacións da memoria ambiental:

En data 15.03.2016 foi emitida Memoria Ambiental do PXOM de Silleda polo Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, podendo comprobar que no documento achegado a esta Secretaría non se deu cumprimento ás determinacións finais.

Cumpríronse todas as deternacións da memoria ambiental.

4.23 INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DE AVIACIÓN CIVIL

1 Reitera o carácter favorable do informe evacuado con data 26 de abril de 2013, condicionado a que se realicen as modificacións indicadas na Nota Técnica incluída como Anexo I.

A.- En relación coa Normativa Sectorial.

Recoméndase que o PXOM inclúa mención á seguinte normativa sectorial. En particular:

Decreto 584/72, de 24 de febreiro (B.O.E. nº 69, de 21 de marzo) de servidumes aeronáuticas, modificado polo Real Decreto 1189/2011 , de 19 de agosto (B.O.E. nº 204, de 25 de agosto) e polo Real Decreto 297/2013, de 26 de abril (B.O.E. nº 118, de 17 de maio).

Real Decreto 2591/1998, de 4 de decembro, de Ordenación dos Aeroportos de Interese Xeral e a súa Zona de Servizo (B.O.E. nº 292, de 7 de decembro) modificado por Real Decreto 297/2013, de 26 de abril (B.O.E. nº 118, de 17 de maio).

Asimesmo, recoméndase que o Plan Xeral inclúa mención á seguinte normativa sectorial:

Artigo 166 da Lei 13/1996, de 30 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e de Orde Social (B.O.E. nº 315, de 31 de decembro).

Corríxense as referencias a esta lexislación, tanto na memoria como na normativa

b.- En relación coas servidumes aeronáuticas.

1. Planos

Nos planos de información recóllense unhas servidumes aeronáuticas que non se corresponden coas servidumes aeronáuticas do Aeroporto de Santiago, polo tanto o PXOM deberá modificarse para recoller os planos 1.1, 1.2, 1.3 e 1.4 correspondentes ás Servidumes Aeronáuticas do Aeroporto de Santiago, que se adxuntan como Anexo II.

Asimesmo, recoméndase que o PXOM inclúa, como planos con contido normativo, os planos 1.5 e 1.6 correspondentes á proposta de Servidumes Aeronáuticas do Aeroporto de Santiago que se remiten como Anexo II e se fagan extensivas as determinacións que se deriven das mesmas, e que se terán que incorporar polo planeamento de ordenación do municipio unha vez entren en vigor as limitacións e condicións correspondentes a dita proposta de servidumes, de xeito análogo en relación ás vixentes servidumes aeronáuticas.

Recóllense a documentación aportada de xeito literal, como planos IV13.1, IV13.2, IV13.3, IV.13.4, IV14.1 e IV.14.2.

2. Disposicións incluídas no planeamento.

Deberase actualizar a referencia á denominación dos planos de servidumes aeronáuticas que se inclúe na disposición recogida no artigo 264. Asimesmo, debido a que mediante o Real Decreto 297/2013 de 26 de abril (B.O.E. nº 118, de 17 de maio) se modificaron o Decreto 584/1972, de servidumes aeronáuticas, e o Real Decreto 2591/1998, sobre a Ordenación dos Aeroportos de Interese Xeral e a súa Zona de Servizo, recoméndase actualizar as referencias a dita normativa conforme aos cambios introducidos polo Real Decreto 297/2013. Indícanse a continuación os parágrafos que se deben corrixir e a redacción que os debe substituír.

Corríxese todo o indicado na normativa.

4.24 Informe da Dirección Xeral de Telecomunicacións e Tecnoloxías da Información

Con data do 27/07/2016 emítese por parte da Dirección Xeral de Telecomunicacións e Tecnoloxías da Información informe desfavorable ao PXOM de Silleda no que se indican unha serie de puntos non aliñados coa lexislación vixente na materia, centrándose nos artigos 3, 210, 218, 239, 268, 272, 283, 287, 291, 298, 300, 302, 312, 359, 365, 369, 379, 383, 387, 402, 421 e 427.

Corríxese todo o indicado na normativa.

4.25 Informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

Con data 23/11/2018 emítese por parte da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural informe favorable condicionado á incorporación das correccións indicadas no mesmo, que a xeito resumido son:

1. BENS OBXECTO DE PROTECCIÓN

1.1. Bens de Interese Cultural

Os bens de interese cultural (BIC) que se atopan no termo municipal de Silleda son os seguintes:

-Mosteiro de San Lorenzo de Carboeiro, en virtude do Decreto do 03.06.1931, coa categoría de monumento. Non se recolle a súa condición de BIC na ficha (04.02) do Catálogo.

-Castelo Torre de Cira, en virtude do Decreto do 22.04.1949, coa categoría de monumento. Non se recolle a súa condición de BIC na ficha (08.06) do Catálogo.

-Castelo Fortaleza de Chapa, en virtude do decreto do 22.04.1949, coa categoría de monumento. Non se recolle a súa condición de BIC na ficha (07.10) do Catálogo.

-Aqueloutros que, segundo o establecido nos Decretos 449/1973, 571/1963 e no Decreto do 22 de abril de 1949, gocen de tal consideración en virtude das disposicións adicionais das Leis 16/1985, 8/1995 e LPCG.

Neste senso, bótase en falta a identificación dos hórreos aos que se refire o Decreto 449/1973, cunha antigüidade de máis de 100 anos. Os situados nas parcelas das edificacións incorporadas no catálogo están mencionados nas fichas, aínda que moitos non se identifican nos planos de ordenación nin en fichas independentes, polo que en principio semella que carecen de calquera tipo de protección. Deberá establecerse unha ficha para cada un dos hórreos que contén coa condición de BIC, alén de mencionarse a súa presenza nas fichas do catálogo das edificacións ás que pertence como construción auxiliar. As ditas fichas poderán ser individualizadas para cada elemento ou ben fichas conxuntas por núcleos, documentándoos cunha fotografía e un plano de situación, protexéndoos axeitadamente mediante a definición dun contorno de protección.

Cabe mencionar que se atenderá aos mesmos criterios aplicados aos hórreos, para as cruces e cruceiros incluídos no catálogo cunha ficha individualizada, que presentan carencias no relativo á súa consideración BIC atendendo á súa antigüidade.

-Corríxese o indicado neste punto.

1.2. Catálogo

1.2.1. Elementos incluídos

a. Elementos de arquitectura e etnografía

Recóllense os mesmos hórreos que estaban contidos no Catálogo do anterior documento. Agora non se identifican cales teñen a condición de BIC; polo que se reitera a falta a identificación dos restantes hórreos presentes no termo municipal, identificando aqueles que pola súa antigüidade teñen a condición de BIC e aqueloutros que, sen ter a antigüidade suficiente para ser considerados BIC, si que posúan valores etnográficos, tipolóxicos, construtivos, etc... merecedores de conservación.

Deberá establecerse unha ficha para os todos os hórreos con valores etnográficos, tipolóxicos, construtivos, etc..., presentes no concello, mencionando a súa presenza nas fichas do catálogo das edificacións ás que pertence como construción auxiliar. As ditas fichas poderán ser individualizadas para cada elemento ou ben fichas conxuntas por núcleos, documentándoos cunha fotografía e un plano de situación, protexéndoos axeitadamente mediante a definición dun contorno de protección.

Por outra banda, as seguintes edificacións non constan no catálogo e deberían facelo (véxase o Anexo 1 deste informe):

-Casa con arco nº 7, no lugar de Maril, parroquia de Fiestras

-Peto de ánimas, no lugar de Cordigonde, parroquia de Cortegada

-Capela do Couto, lugar de Couto, na parroquia de Cira

-Incorpóranse ao catálogo

-Casa de Toscaña, na parroquia de Lamela

Elemento que non puido ser identificado nas labores de campo, polo que se exclúe do catálogo.

-Cheminea do lugar de Freixero, na parroquia de Laro

Ben arrasado, polo que se considera desaparecido e non se incorpora ao catálogo.

-Centro Cultural de Vista Alegre, no lugar de Bandeira, parroquia de Manduas

-Casas tradicionais nº 52-54 e 56 na rúa Xeral, no lugar de Bandeira, parroquia de Manduas

-Casas nº 6 a 10 da rúa Santa Eulalia, lugar de Silleda

-Casa nº 102 da rúa Trasdeza, no casco urbano de Silleda

-Conxunto de casas no núcleo urbano de Bandeira entre a Casa da Cultura (16.08) e a casa coa ficha 16.11.

Incorpóranse ao catálogo.

No anterior informe da DXPC do 05.11.2013, sinalábanse unha serie de cuestións derivadas da comprobación dalgunhas das fichas de elementos incluídos no catálogo. Reitérase a necesidade de subsanación daquelas eivas.

O Catálogo consta dun listado de elementos arquitectónicos e etnográficos (que contén algún hórreo) e outro independente de hórreos. Deberían integrarse nun único documento.

Corríxese o indicado neste punto

b.Elementos de arqueoloxía

O PXOM de Silleda conta cun catálogo de bens a protexer, ao abeiro do disposto no artigo 81 da LSG. Con respecto a este catálogo comprobouse que foron incluídos no mesmo todos os xacementos arqueolóxicos requiridos no informe da DXPC do 05.11.2013, aínda que se recomenda que se introduzan no referido catálogo

unha serie de xacementos arqueolóxicos que foron incorporados ao inventario de xacementos arqueolóxicos da DXPC a partir do ano 2014.

Tamén se observa a non inclusión no catálogo dalgún ben arqueolóxico que si tiña ficha na súa versión anterior e que debe ser de novo incorporado.

Corríxese o indicado neste punto, tendo en conta as conclusións obtidas coa Consellería respecto de elementos duplicados e/ou desaparecidos.

1.2.2.Contido das fichas

a.Elementos de arquitectura e etnografía

O contido das fichas dos hórreos será o mesmo que o de calquera outro ben contido no Catálogo.

-Datos de localización

O plano de situación incluído nas fichas debe estar a unha escala maior que facilite a localización do ben protexido.

Dado o carácter provisional da traza do Camiño de Santiago, Ruta da Prata, os bens obxecto de protección que quedan abrangidos dentro do seu contorno de protección, deberán ter gafado o seu propio contorno de protección.

Reitérase que non existe concordancia entre o plano incluído nas fichas do catálogo e os planos de ordenación.

Incorpórase un mosaico municipal coa referencia aos gráficos de follas empregados na ordenación.

-Delimitación do ben e do seu contorno de protección

A delimitación dos bens catalogados deberá ter en conta que estes están constituídos tanto polo propio ben como por aqueles elementos sen os que quedaría descontextualizado (fincas, muradas anexas ás construcións, eiras, camiños ou espazos nos que se emprazan os hórreos, canles e depósitos nos muíños, etc...). Por isto con carácter xeral, na ficha correspondente deberase recollerse e protexerse tamén a parcela que os contén e os elementos que lle sexan propios. Dada a escala do plano contido na ficha, é complicado identificar tanto o ben como o seu contorno de protección e os elementos que abrangue.

A delimitación dos bens e dos contornos de protección atenderá ao recollido no artigo 38 da LPCG.

-Descrición gráfica

Canto ás fotografías achegadas nas fichas, reitérase o indicado no anterior informe da DXPC.

-Descrición das súas características construtivas: breve descrición da tipoloxía

Reitérase todo o indicado no anterior informe da DXPC.

-Determinacións para a súa conservación, rehabilitación, mellora ou recuperación

Reitérase todo o indicado no anterior informe da DXPC.

b.Elementos de arqueoloxía

1.O catálogo do PXOM de Silleda contén unha ficha individualiza de cada elemento catalogado, tal e como se establece no artigo 81.3 da LSG. As ditas fichas cumpren coas partes esenciais establecidas na referida Lei e ademais arranzáronse a maioría dos erros detectados no informe da DXPC do 05.11.2013, aínda que no seu contido se seguen observando toda unha serie de deficiencias que deberán ser emendadas:

-En moitas das fichas aparecen apartados co texto cortado o que provoca que a información do ben non apareza completa.

-Moitos dos apartados das fichas aparecen baleiros, como son os de "clasificación do solo", "categoría de protección", "uso actual", "obras permitidas", "titularidade" que deberían ser cubertos para unha mellor caracterización do ben.

-En canto aos datos identificadores nas fichas do catálogo do PXOM de Silleda recóllese os datos básicos do ben, como son a súa denominación e o código de identificación que se establece en base a parroquia onde se sitúa o ben, aínda que no caso do patrimonio arqueolóxico tamén figura o código interno que o Servizo de Arqueoloxía da Xunta de Galicia lles outorga e que é o que figura nos planos de ordenación do PXOM de Silleda.

No caso da denominación dos bens arqueolóxicos obsérvanse as seguintes deficiencias:

-Nas fichas 13.49, 13.50, 13.51 e 13.52 é necesario unificar o topónimo de Grava/Graba tendo en conta a toponimia oficial.

-01.16. Castelo (GA36052A02). Na anterior versión da ficha o topónimo era Castrelo, polo que se ten que revisar cal é o topónimo correcto.

No caso do código de identificación, detéctase que aparecen fichas co código de elemento duplicado, tal é o caso do 21.18 (GA36052148 e GA36052112) e 21.19 (GA36052113 e GA36052147).

No caso da súa adscrición cultural obsérvanse a seguinte deficiencia:

-03.18. Necrópole de Breixa (GA36052081). Está mal a súa adscrición cultural xa que aparece "Edad del Hierro" cando se trata dunha necrópole medieval. Ademais tamén está mal o apartado de localización xa que pon "Edad Media".

-En canto aos datos de localización:

Comprobouse que nas fichas se incorporaron as coordenadas UTM para poder localizar xeograficamente os elementos protexidos, aínda que non se recolle o Datum de referencia e o fuso que se emprega, o que se deberá de incorporar. Recomendase a utilización do Datum ETRS89 por ser o adoptado en España desde o ano 2007 como sistema de referencia xeodésico global conforme o Real Decreto 1071/2007, do 27 de xullo, polo que se regular o sistema xeodésico de referencia oficial en España (BOE núm. 207, do 29 de agosto do 2007).

Débense comprobar as coordenadas UTM de diversos xacementos arqueolóxicos xa que presentan erros, aínda que os referidos xacementos están ben situados no plano de ordenación:

Nas fichas recóllese un plano de situación a escala 1:5000, que é un fragmento do plano de ordenación no que se atopa o ben. Neste aspecto obsérvanse as seguintes deficiencias que deberán ser emendadas:

-Para unha correcta localización dos bens arqueolóxicos é necesario que todos os planos de situación recollan a referencia ao plano de ordenación no que se atopen.

-As grafías que aparecen nos planos de situación relacionadas co patrimonio arqueolóxico (códigos de xacemento, contornos de protección, SRPPC e a súa malla) deberían estar en todas as fichas por enriba das demais grafías e non solaparse para poder visualizalas ben e permitir así unha boa identificación do ben arqueolóxico.

-En todas as fichas de catalogación do patrimonio arqueolóxico aparece mal a lenda dos planos de situación en canto aos contornos de protección do patrimonio arqueolóxico.

-Indícanse algunhas fichas presentan planos que non se corresponden coa situación real do ben arqueolóxico e ademais estes bens arqueolóxicos non aparecen nos planos de ordenación.

2.Descrición gráfica. Nas fichas recóllese fotografía/s do ben a protexer que nalgúns casos non permite a súa correcta identificación, e incluso algúns bens arqueolóxicos aparecen sen ningunha fotografía que os identifique.

A destacar fichas nas que aparece unha fotografía dun porto costeiro que obviamente non ten nada que ver co Concello de Silleda.

4.Estado de conservación: En moitas fichas non se fai mención. Deberá incluírse o estado de conservación dos bens arqueolóxicos con respecto á situación real do xacemento.

1.2.3.Erros detectados

O Catálogo achegado (en soporte dixital) está desordenado e faltan algunhas fichas.

A numeración das fichas non é correlativa, ao eliminar algúns elementos e non renumerar de novo.

A foto da ficha 11.25 Muíño 2 en Balántiga, parroquia de Escuadro (San Salvador) non se corresponde co elemento.

Realízase unha revisión completa do Catálogo, corrixindo as eixas sinaladas.

1.2.4.O Camiño de Santiago, Ruta da Prata

A actual ficha do Camiño de Santiago, Ruta da Prata (00.CS01) non recolle o trazado do Camiño a unha escala axeitada. Tampouco incorpora unha descrición completa (unicamente cita algúns bens) dos elementos patrimoniais relacionados coa ruta, fotografías e descrición dos treitos, estado de conservación, etc...

Débese recoller a singularidade dos núcleos rurais polos que atravesa, así como outros elementos de interese, como fontes, muros de pedra e vexetación á marxe.

Indicarase na ficha o carácter provisional da traza do Camiño de Santiago, Ruta da Prata, en tanto non se delimite definitivamente. Asemade, nos planos de ordenación grafarase dun xeito máis claro a traza e o

contorno de protección (sobre todo nos solos urbanos), de maneira que non se confunda con outros elementos do plano.

Corrixese o indicado neste punto, incorporando a descrición solicitada cos referencia a carácter provisional do trazado.

2. NORMATIVA DE PROTECCIÓN

Segundo a DT 4ª.3 da LPCG, os planeamentos urbanísticos adaptados á LOUGA, considéranse adaptados á LPCG, pero as intervencións autorizadas en función do nivel de protección dos bens serán as do artigo 42; feito que deberá reflectirse con claridade no documento que se aprobe definitivamente.

2.1. Patrimonio arquitectónico e etnográfico

O artigo Artigo 199 Edificacións e instalacións fóra de ordenación da normativa deberá ser revisado e/ou corrixido, de xeito que, no apartado 3.b (incompatibilidade total) deberán excluírse desta situación aquelas edificacións tradicionais de singular valor arquitectónico e etnográfico, aínda que non estean recollidas no catálogo ou non contén con protección expresa.

2.2. Patrimonio arqueolóxico

a. Recoméndase a adaptación da normativa de protección do patrimonio arqueolóxico do PXOM de Silleda á Lei 5/2016, do 10 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

b. Recoméndase que en todo o texto da normativa se substitúan as referencias ao "organismo competente da Consellería de Cultura" ou á "Dirección Xeral do Patrimonio Cultural" pola de "organismo competente na protección do patrimonio cultural".

c. Recoméndase a revisión ortográfica do documento xa que se observan parágrafos en galego e outros en castelán.

d. No artigo 28. Actos suxeitos a licenza municipal (antigo artigo 29), non se concretan os traballos, obras ou instalacións que requiren licenza municipal, solicitado no informe da DXPC do 05.11.2013. Si se incorporou a necesidade de someter a licenza municipal as cortas e plantacións de árbores e os movementos de terras agrícolas en profundidade que afecten aos xacementos arqueolóxicos ou aos seus contornos de protección.

e. No Artigo 55. Licenzas en elementos catalogados e nos seus contornos de protección (antigo artigo 56) fíxose a modificación solicitada xa que quedan exceptuados os controis arqueolóxicos que se realizarán durante a obra.

f. No artigo 386. Condicións de uso (antigo artigo 387). No informe da DXPC do 05.11.2013 solicitouse modificar este artigo xa que non era aceptable que se permitiran as obras, usos e instalacións contidas nel xa que significaría a destrución do xacemento arqueolóxico ou a súa degradación. Comprobada a nova revisión, a redacción segue sendo a mesma neste apartado cando hai que ter en conta que nos ámbitos de protección do patrimonio arqueolóxico debe prohibirse todo tipo de obras, usos e instalacións que non estean relacionados coa conservación, protección e posta en valor do ben cultural, agás os usos agrarios tradicionais, sempre que non alteren o substrato arqueolóxico.

g. En canto ao Título III.- Patrimonio arqueolóxico (das Normas IX. Normas de protección do patrimonio cultural):

-Establécense dous grados de protección: Grado I para os bens declarados de interese cultural (artigo 422) e Grado II para os bens catalogados (artigo 423). A redacción destes artigos é confusa e con moitas deficiencias e incongruencias polo que deben ser reformados.

-En canto ao artigo 422. Grado I de protección (BIC):

-No punto 1, ademais de recoller o artigo 40.2 da LPHE nos que se declaran bens de interese cultural por ministerio desta lei: as covas, abrigos e lugares que conteñan manifestacións de arte rupestre, tamén se ten que facer mención á DA 2ª da lei 16/1985 que declarou de interese cultural todos os castelos de España, que previamente foran protexidos, calquera que fora o seu estado de ruína, mediante o Decreto do 22 de abril de 1949.

-No seu punto 1.e):

-É necesario eliminar da relación de BIC a igrexa de Santa María de Abades tal como se especificou no informe da DXPC do 05.11.2013.

-En canto ao Mosteiro de San Lourenzo de Carboeiro debe especificarse a norma que o declarou BIC: Decreto do 3 de xuño de 1931, coa categoría de monumento.

-En canto a Torre de Cira e fortaleza de Chapa debe especificarse por que norma son BIC (Decreto do 22 de abril de 1949).

-En canto ao grabado rupestre Castro Primadorna debe especificarse a norma que o declarou BIC: Decreto 3741/1974, do 20 de decembro, polo que se declaran monumentos histórico-artísticos de carácter nacional os gravados rupestres existentes na provincia de Pontevedra.

-Por último e tendo en conta que segundo o artigo 40.2 da LPHE: ""Quedan declarados bienes de interés cultural por ministerio de esta ley: las cuevas, abrigos y lugares que contengan manifestaciones de arte rupestre", é necesario que nesta lista se incorporen como BIC os demais petróglifos recollidos no catálogo do PXOM de Silleda.

-Neste artigo deben recollese os usos permitidos e os prohibidos dentro da zona de protección integral dos BIC. Tamén debe especificarse que o ámbito de protección integral dos BIC que se atopan en solo rústico identifícase nos planos de ordenación como solo rústico de protección do patrimonio cultural (SRPPC).

-En canto ao artigo 423. Grado II de protección.

-Este Grado afecta aos bens catalogados. Habería que eliminar a mención aos bens inventariados xa que esta categoría foi suprimida na LPCG. Recoméndase facer referencia ao artigo 30.1 da LPCG que di: "os bens inmobles que, polo seu interese cultural, se recollan individualmente singularizados nos instrumentos de planeamento urbanístico e ordenación do territorio, intégranse no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, incluído, de ser o caso, o seu contorno de protección, salvo que teñan a consideración de bens de interese cultural".

-No punto 1. Grado II.1. Zona de protección integral. Debe facerse mención que o ámbito de protección integral dos xacementos arqueolóxicos catalogados en solo rústico correspóndese co solo rústico de protección do patrimonio cultural que se indica nos planos de ordenación e que se rotula como SRPPC.

-No punto 1.a é necesario modificar o texto. Deberá poñer: Nesta zona non poderán realizarse construcións, tendidos e instalacións aéreas ou subterráneas (electricidade, saneamento, agua, etc...), escavacións, movementos de terra en xeral, así como a plantación de árbores, cultivos que requiran labores profundas e a apertura de pozos e minas. Solicitárase autorización para a corta e arranque de árbores.

-No punto 2. Grado II.2. Zona de cautela. Deberá redactarse de novo xa que a súa redacción é confusa e contraditoria e incluso debería ir fora do grado II, como un artigo máis denominado "Zona de cautela", xa que estas áreas de cautela están definidas para:

-O contorno adaptado arredor do perímetro máis externo da área de protección integral dun xacemento arqueolóxico, xa sexa BIC ou catalogado. Polo tanto esta área de cautela existe tanto para os xacementos de Grado I como para os de Grado II.

-Aqueles lugares nos que se teñen indicios ou referencias da existencia de restos arqueolóxicos, ou en zonas onde se produciran achados illados de materiais arqueolóxicos, sen que fose constatada a existencia dun xacemento.

-Debese de ter en conta que os usos permitidos nas zonas de cautela serán os establecidos nas clasificacións dos solos que correspondan sempre e cando non interfiran no xacemento arqueolóxico, xa que estas zonas de cautela non se consideran solo rústico de protección do patrimonio cultural. A concesión de licenza e a execución de calquera actuación nestas zonas de cautela estará supeditada á autorización preceptiva e vinculante do organismo da Xunta de Galicia competente en materia de protección do patrimonio cultural, que determinará a súa viabilidade e a necesidade de acometer unha intervención arqueolóxica e definir no seu caso o tipo de intervención que resulta adecuada.

-O artigo 425.- Obras permitidas nos bens protexidos. Non debería ir neste Título III.- Patrimonio Arqueolóxico senón no Título I.- Disposicións xerais ou no Título II.- Patrimonio arquitectónico e etnográfico.

Corrixese a normativa co indicado neste punto.

3.ORDENACIÓN

Como xa se indicou anteriormente, grafárase dun xeito máis claro a traza e o contorno de protección (sobre todo nos solos urbanos) do Camiño de Santiago, Ruta da Prata, de maneira que non se confunda con outros elementos do plano.

Para todos os elementos contidos no catálogo e, polo tanto, reflectidos como tal nos planos de ordenación, grafárase neles os seus contornos de protección.

Existen ámbitos dentro dos dous solos urbanos delimitados (Bandeira e Silleda) cunha estrutura urbana merecedora de protección, como a rúa do Trasdeza en Silleda ou a rúa Xeral en Bandeira, etc (ver Anexos 2 e 3 deste informe). Neles existen bens individuais protexidos polo catálogo ou o propio trazado do Camiño de Santiago, Ruta da Prata. Por isto, verificarase o cumprimento do establecido no artigo 91 da LSG, en canto á ordenación formulada.

3.1.Solo urbano consolidado

3.1.a.Solo urbano de Silleda

-Con respecto á igrexa parroquial de Santa Baia (ficha 30.01):

A igrexa atópase nunha das escasas zonas verdes do solo urbano, unha praza pública coñecida como a Praza da Igrexa, sen que esta vinculación se manifeste de maneira expresa na ficha do catálogo. Debería facerse constar na ficha a vinculación expresa da Praza coa igrexa, así como recollese as obras, instalacións e demais cuestións desta índole que sexan permisibles.

Incorpórase esta determinación á ficha.

-Con respecto á casa do Concello (ficha 30.06):

O contido do plano de localización da ficha non se corresponde co de ordenación (G2.V6).

Como se indicou no anterior informe da DXPC, a ordenación recolle o carácter exento do edificio e inclúe un espazo libre ao seu derredor. Sen embargo, polo seu vento leste, existe un edificio moi próximo á fachada do concello, ao que se lle permite aumentar o fondo ata os 16 m, polo que aínda quedará máis pegado ao edificio protexido, cuestión que resulta incompatible coa protección do elemento e coas ventás existentes nesa fachada.

Corríxese este aspecto na ordenación.

-Con respecto á casa da cultura (ficha 30.07, desordenada no documento do catálogo achegado):

A aliñación interior prevista pola ordenación non se axusta á inclusión no catálogo da edificación, co nivel de protección estrutural, coa obriga da conservación das fachadas, cuestión incompatible a priori coa aliñación proposta como fondo máximo. En todo caso, deberán eliminarse as condicións xerais de ordenación nos elementos protexidos.

-Con respecto á biblioteca municipal (ficha 30.10):

Sínálase o mencionado para a casa da cultura respecto á protección estrutural e ao establecemento dun fondo edificable superior. Esta cuestión amplíase ata as edificacións lindeiras, aínda que neste caso só contan con protección ambiental.

Ademais non se identifica co seu código no plano de ordenación V6.G2.

Corríxense estas cuestións na ordenación, eliminando o fondo establecido.

-Con respecto ás vivendas tradicionais 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 12 e 13 (fichas 30.14, 30.15, 30.16, 30.17, 30.18, 30.19, 30.20, 30.21, 30.22, 30.23 e 30.24 do catálogo, a ordenación proposta non fomenta a conservación do seu carácter ambiental, proposto polas fichas de catálogo, nin ten en conta os criterios recollidos no artigo 91 da LSG.

Trátase de zonas consolidadas pola edificación, con alturas superiores ás dos elementos catalogados, polo que, non tratándose de soares vacantes, propónse o mantemento da trama urbana existente.

-Con respecto á vivenda tradicional con ficha 30.25, a protección deste elemento non se recolle nos planos de ordenación, posto que non se grafía. A ordenación proposta non fomenta a conservación do seu carácter ambiental, proposto polas fichas de catálogo, nin ten en conta os criterios recollidos no artigo 91 da LSG.

-Con respecto á vivenda tradicional con ficha 30.26, non se recolle ningún dato sobre a parcela da edificación que, segundo as fotos, parece que forma parte da edificación tradicional, rodeada na súa totalidade por muros perimetrais. Maniféstase a necesidade de ampliar o elemento protexido á totalidade da parcela, evitando a posibilidade de construír sobre a mesma.

Este suposto vese reforzado pola inclusión no catálogo de elementos anexos con protección integral: hórreo e pombal. A ordenación proposta resulta incompatible coa protección dos elementos recollidos no catálogo. Asemade, debe recollese na ficha a existencia dos ditos elementos protexidos, dun modo descritivo, cuestión que non é incompatible coa existencia dunha ficha individualizada para cada un deles.

Corríxense estas cuestións na ordenación, ampliando a ordenanza correspondente.

3.1.b. Solo urbano de Bandeira

-Con respecto á casa da Cultura de Bandeira (ficha 16.08):

A ordenación non recolle a conservación do carácter estrutural proposto na ficha de catálogo. A súa configuración como edificio exento vese transformada por unha ordenación que permite o acaroadado á edificación catalogada.

A catalogación outorgada exténdese á totalidade da parcela, non limitándose unicamente á edificación, polo que a separación a lindeiros laterais respéctase con independencia do establecido para as parcelas lindantes.

-Con respecto á vivenda tradicional en Bandeira (ficha 16.11):

Edificación en esquina, entre medianeiras, na que pola futura ordenación respectase a aliñación tan só para esta vivenda, debendo recuarse o resto da rúa, con aliñación máis que consolidada. Isto provocará unha medianeira vista da propia edificación que non é compatible coa protección deste elemento. Deberá manterse a aliñación existente.

Ademais deberá incluírse no Catálogo a vivenda acaroadada na rúa Xeral, da que se achega foto no Anexo 4.

-No treito da rúa Xeral entre a Casa da Cultura de Bandeira (ficha 16.08) e a casa con ficha 16.11, a aliñación non respecta o conxunto de casas (rúa Xeral, 6 e 8) que se considera que deberían formar parte do Catálogo polo seu carácter ambiental. Deberá manterse a aliñación existente.

Corríxense estes aspectos na ordenación.

-Con respecto ao conxunto de vivendas tradicionais (fichas 16.09 e 16.10):

A ordenación proposta non fomenta a conservación do seu carácter ambiental, proposto polas fichas de catálogo, nin ten en conta os criterios recollidos no artigo 91 da LS.

Trátase de zonas consolidadas pola edificación, con alturas superiores ás dos elementos catalogados, polo que, non tratándose de soares vacantes, propónse o mantemento da trama urbana existente.

O plano contido na ficha 16.09.01 non se corresponde co da localización real dos bens.

Deberanse incluír tamén as casas da rúa Xeral nº 56, 54 e 52.

3.1.c. Ordenación no contorno do Camiño de Santiago, Ruta da Prata, nos solos urbanos de Silleda e Bandeira

As aliñacións propostas no ámbito lindante co Camiño de Santiago, Ruta da Prata, non respectan as edificacións existentes, de xeito que en moitos dos casos fórmase a súa inclusión na situación de fóra de ordenación. Deberá reformularse esta ordenación, tendo en conta o artigo 91 da LGS, e relacionando a presenza do Camiño co resto de edificacións protexidas no Catálogo, fomentando a súa conservación e a do tecido urbano circundante.

Tamén Lémbrese tamén, o indicado respecto da ordenación no contorno do Camiño de Santiago, Ruta da Prata, no artigo 77 da LPCG.

Revísanse estes aspectos na ordenación e trázase o contorno de protección segundo o indicado.

3.2. Solo de núcleo rural

Non se considera axeitada a modificación das características dos rúes nos núcleos tradicionais que se efectúa como criterio xeral nos planos de ordenación, establecendo novas aliñacións que supón en moitos casos a desaparición dos muros tradicionais, determinación contraria ao sinalado no artigo 5.d da LSG que require preservar o medio físico, os valores tradicionais, os sinais de identidade e a memoria histórica de Galicia.

Nalgúns planos de ordenación aparecen reflectidos núcleos que non se identifican con ningún nome (por exemplo no plano SLL-V12_AE16), feito que debe ser corrixido.

Debería engadirse un índice de planos onde poder localizar os distintos núcleos rurais.

Deberán corrixirse na ordenación dos núcleos rurais (dos que se examina unha mostra pero que é común a todos eles) as seguintes cuestións:

01. Parroquia de Abades

-Bazar

Establécense novas aliñacións no núcleo tradicional, o que orixina a perda muros tradicionais, sebes, arborado autóctono, etc.

-Abades

Aplicáselle un contorno de protección a todo o núcleo.

Segue sen incluírse dentro do núcleo as zonas verdes, entre outras o campo da feira, espazo que normalmente está ligado ás construcións relixiosas como lugar de encontro e celebración.

Tamén segue propoñéndose a ampliación do vial que atravesa o núcleo e que separa na actualidade os dous elementos protexidos.

A incorporación das zonas verdes dentro do núcleo rural de Abades suporía o incumprimento da consolidación establecida para o núcleo tradicional. Porén, inclúense estes espazos dentro do contorno de protección do núcleo.

-A Bouza

Os contornos de protección dos elementos 01.10 e 01.12 (pombais) semellan moi amplos para este tipo de ben, sendo suficiente a parcela na que se atopan.

Sen embargo, o elemento 01.08 non conta con contorno de protección, debendo ademais referirse ao conxunto de muíños que aparecen grafados no plano e non a un único elemento.

A parcela na que se atopan os elementos indicados é moi superior ao contorno de protección proposto, polo que se mantén este último. Porén, redelimitase o correspondente contorno para o conxunto de muíños indicado.

02.Parroquia de Ansemil (San Pedro)

-Ansemil

Neste núcleo sitúase a igrexa parroquial de San Pedro de Ansemil, cuxo contorno de protección deixa parcelas divididas en dúas partes, sen seguir as pegadas físicas do territorio.

Asemade, cómpre sinalar un novo caso no que, segundo os planos de ordenación, as aliñacións formuladas non respectan os rúeiros tradicionais, proponendo a eliminación de muros de peche pertencentes ao propio elemento protexido.

Adaptase o contorno de protección da igrexa ás pegadas físicas do territorio. Porén, cómpre indicar que, as aliñacións formuladas están adaptadas aos peches tradicionais.

-Manduas

Non se identifica no plano cal é o elemento protexido.

Corríxese o indicado.

03.Parroquia de Breixa

-Breixa

O contorno de protección non se recolle na súa integridade dentro do plano de núcleo rural, polo que non se pode valorar na súa totalidade. Este feito proporciona unha idea da aparente sobredimensión dos contornos de protección, que en todo caso, recolleranse na súa integridade no plano que delimita cada un dos núcleos rurais.

Por outra banda, déixase fóra da aliñación un hórreo para formular a ampliación dun vial, e sen embargo, débuxase como se a dita posición se mantivera, cuestión aparentemente contraditoria.

Reaxústase o contorno de protección. Porén, non se identifica a situación de fóra de aliñación indicada.

-O Castro de Breixa

Dentro da ficha do núcleo inclúense varios contornos de protección sen que conste a que elemento recollido no catálogo se refiren, polo que obriga a consultar os planos de ordenación 1:5000, xerando problemas similares aos xa comentados en casos anteriores. Os contornos de protección definidos nos núcleos rurais deberán volver a estudarse con carácter xeral.

Realízase unha revisión xeral, identificando nos planos de solo de núcleo rural os elementos catalogados co seu código, para comprender deste xeito, os contornos de protección grafados.

08.Parroquia de Cira (Santa Baia):

-Os Currás

Non se delimita o contorno de protección do elemento 08.05.

-O Curro

No núcleo tradicional, non se establecerán novas aliñacións, xa que supón en moitos casos a desaparición dos muros tradicionais, sebes, arborado autóctono, etc.

Revisáronse estes aspectos, grafando o contorno indicado e respectando os muros tradicionais existentes.

16.Parroquia de Manduas (San Tirso)

-Ferrozos

Neste núcleo aparecen varios elementos protexidos: un hórreo, un pombal e varios cruceiros, aínda que semella estraño que non se recolla no catálogo a edificación ou edificacións principais, xa que parece que os ditos elementos forman parte dun conxunto.

Con respecto á ampliación dos viais propostos non parece axeitada xa que posiblemente vaian máis aló dos muros de peche da finca que recolle os anteditos elementos.

A casa grande de Ferrozos atópase tamén catalogada (ficha 16.25), porén, reaxústase a simboloxía dos planos para clarificar a súa representación. Asemade, revisáronse as aliñacións grafadas sen que se detectase afectación algunha a muros tradicionais neste núcleo.

22.Parroquia de Parada (Santo Tomé)

-O Cruceiro, Eirexe, Mediodaldea, O Outeiro, Souto de Nogueira.

Os contornos de protección non se axustan ao parcelario, á clasificación do solo, ou aos viais. Asemade, o ámbito delimitado para o núcleo de Souto de Nogueira parece excesivo e arbitrario. Os rúeiros da parte central do núcleo ampliáanse respectando as edificacións pero modificando a realidade orixinal do núcleo que debe conservarse.

Revisase o indicado.

23.Parroquia de Pazos (San Martiño)

-Quintás.

O contorno de protección dos elementos protexidos abrangue case todo o núcleo, podendo limitarse ás parcelas que conteñen os ditos elementos.

Manteranse as aliñacións do rúeiro existente.

Corríxese o indicado.

24. Parroquia de Piñeiro (San Xiao)

-Besteiros

Ao norte do núcleo delimitado existe un conxunto de edificacións tradicionais que se deixan fora del (plano de ordenación SLL-V12_AF13).

-Cuiña

Semella que o contorno de protección do lavadoiro (24.05) é excesivo, sendo suficiente a parcela na que se enclava o dito ben.

As edificacións indicadas foron demolidas coas obras do trazado da liña de alta velocidade ferroviaria, polo que o núcleo rural límitase ao delimitado no PXOM. Por outra banda, redúcese o contorno de protección indicado.

3.3. Dende o punto de vista dos bens arqueolóxicos:

-Debéranse incluír nos planos de ordenación os xacementos arqueolóxicos indicados no punto 1.2.1 deste informe que deben ser incorporados ao catálogo, establecendo as súas áreas de protección correspondentes.

-Realizáronse as modificacións solicitadas no informe da DXPC do 05.11.2013 en canto ás áreas de protección integral e contornos de protección reducidos ou excesivos e tamén en canto á situación errónea de determinados xacementos. Aínda que, a maiores, indícanse unha serie de aspectos que deberán revisarse nas fichas: 04.12, 21.14 e 30.63.

-En canto a aqueles bens arqueolóxicos que pola súa desaparición, por ser unha simple referencia ou un achado illado, non deberían contar con áreas de protección integral e polo tanto non debían de clasificarse como solo rústico de protección do patrimonio cultural, sendo suficiente a súa protección co grafado da área de respecto deberán revisarse unha serie de fichas.

Indícanse asemade, outros fallos a corrixir nos planos de ordenación.

Corrixíronse os erros detectados, revisáronse as fichas indicadas, e incorporáronse as determinacións ao documento do PXOM.

4.26 ORDE SOBRE A APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA

Con data 26/12/2018 a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, ditou a orde sobre a aprobación definitiva do expediente do Plan xeral de ordenación municipal (PXOM), conforme ao previsto no artigo 85.7 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), en relación coa disposición transitoria segunda da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG).

Logo de analizar a documentación do PXOM de Silleda identificada con dilixencia de aprobación provisional polo pleno do 18/03/2016, en relación coas condicións impostas polos informes sectoriais, o cumprimento das consideracións sinaladas no IPAI do 30/07/2012 e a adecuación á lexislación vixente dos cambios introducidos con posterioridade a el, realiza as seguintes consideracións:

II ANÁLISE E CONSIDERACIÓNS

1 EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO

1 O expediente estará constituído polo conxunto ordenado de todos os documentos e actuacións obxecto da tramitación do PXOM, formarase mediante a agregación sucesiva de cantos documentos deban integralo e todas as súas follas serán rubricadas e foliadas polos funcionarios encargados da súa tramitación (artigo 164 do RD 2568/1986). Ao respecto, cómpre indicar que:

- O Tomo 3. Documentación Administrativa II e as páxinas 3082, 4695 e 4910 do Tomo 2. Alegacións e respostas non están rubricadas.

- Constan documentos na carpeta SLL-ADP02-12-DOC CONSULTA do documento técnico que deben integrarse como parte do expediente administrativo.

2 Non consta informe do Ministerio de Fomento en materia de ferrocarrís (artigo 7.2 da Lei 38/2015, do 29 de setembro, do sector ferroviario), nin, no seu caso, certificado acreditativo do silencio administrativo.

Solicitouse informe e foi recibido en data 23/06/2020. Corríxense os erros sinalados no mesmo e introdúcese na Normativa todas as referencias indicadas.

3 Non consta a notificación da aprobación provisional do PXOM ás administracións titulares de bens de titularidade pública, entre as que se inclúe a Delegación de Economía e Facenda Estatal e a Consellería de Facenda (artigo 189 da Lei 33/2003, o 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas e artigo 101 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Consellería de Facenda).

4 Respecto da suficiencia de recursos, no informe de Augas de Galicia do 10/10/2013 consta que as redes municipais de abastecemento (expediente DH.A36.14757) están en tramitación e despréndese que hai redes veciñais sen regularizar. Debe acreditarse a dispoñibilidade xurídica de todas elas, previa aprobación definitiva do PXOM, recabando novo informe favorable sen condicións de Augas de Galicia que se pronuncie expresamente sobre a existencia de recursos suficientes para satisfacer as demandas do PXOM (art 25.4 RDL 1/2001, polo que se aproba o TR da Lei de augas).

5 Non consta informe do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo que esixe o artigo 32 da Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de telecomunicacións.

Aínda que no procedemento de tramitación do Plan xeral de Silleda consta emitido informe en materia de telecomunicacións ao abeiro da Lei 32/2003, xeral de Telecomunicacións, na sentenza do 19/12/2017 ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na que se declarou nulo o Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Boqueixón, indícase que é necesario solicitar novamente ese informe sectorial, para todos aqueles instrumentos de planeamento que non tiveran acadado a aprobación definitiva antes da entrada en vigor da Lei 9/2014.

Con data 24 de xaneiro de 2019 emítese por parte da Dirección Xeral de Telecomunicacións e Tecnoloxías da Información informe favorable ao PXOM de Silleda.

6 No documento achegado non se dá cumprimento ás determinacións finais da Memoria Ambiental do PXOM de Silleda, formulada o 15/03/2016 por Resolución da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

Revisanse as determinacións da memoria ambiental e complétanse no documento.

7 Respecto do DVD achegado o 01/10/2018 como documento de aprobación inicial, datado en novembro de 2012, ningún dos arquivos electrónicos presenta dilixencia de ter sido aprobado inicialmente polo pleno (os arquivos PDF figuran asinados polo secretario do Concello pero ou ben carecen de dilixencia, ou presentan dilixencia de aprobación provisional polo Pleno do 18/03/2016). Asemade nalgúns arquivos o CVE sae da folia ou tapa texto do documento. Para posibilitar a súa localización numearanse os arquivos do catálogo coa identificación correlativa do seu índice.

8 Respecto do documento aprobado provisionalmente polo Pleno do 18/03/2016, falta o extremo da dilixencia nos arquivos:

- 20180918_ANEXO I_150423 Informe inundación Silleda
- 20180918_SLL-ADP02-01-MEMORIA (documento que ten data posterior á aprobación provisional)
- 20180918_SLL-ADP02-02-EMR

O CVE invade texto nos arquivos:

- 20180918_ANEXO I_150423 Informe inundación Silleda
- 20180918_SLL-ADP02-01-MEMORIA tapa os datos de consolidación dos núcleos rurais.

Así mesmo invade parte dos planos de ordenación (series estrutura xeral 1 e 2).

CONTIDO DOS INFORMES SECTORIAIS SI EMITIDOS

9 O pronunciamento do informe de intervención previo á aprobación inicial do PXOM sobre as previsións de financiamento que haxan de realizarse con recursos do propio Concello e a sustentabilidade económica das cargas que supoña a planificación é ambiguo, sen que exista un informe de intervención posterior.

10 Respecto do informe da Dirección xeral de Conservación da Natureza do 21/01/2014:

- Non consta que se achegase a documentación do PXOM en formato SIX a esa dirección xeral, como esixía o informe.
- Deben reflectirse nos planos de ordenación a delimitación individualizada dos espazos naturais protexidos.
- Non se contempla a protección da árbore senlleira "Sobreira de Siador" (no catálogo arqueolóxico o elemento 29.36 case se superpón pero corresponde a outra cousa. Tampouco é SRPEN).

Inclúese o ben como elemento protexido.

Os espazos naturais presentan nos planos as súas delimitacións individualizadas. Nos planos se inclúe delimitada a citada árbore senlleira que queda protexida baixo a categoría de monumento natural.

11 A Consellería de Facenda emitiu alegacións ao PXOM o 01/03/2013 solicitando que se lles remita novamente o PXOM corrixido. Non consta esta remisión. Ademais, solicitan que o inmovible da extinta cámara agraria non veña cualificado como sistema xeral e figura así no plano de ordenación do solo urbano de Silleda (30-SE-E3).

Modifícase a consideración da citada dotación.

12 Deberán incorporarse as condicións do informe da Dirección Xeral de Estradas, Demarcación de Galicia, do Ministerio de Fomento, do 17/05/2016, que se emitiu con posterioridade á aprobación provisional do PXOM.

13 Deberán incorporarse as condicións do informe da Axencia Galega de Infraestruturas do 16/02/2016, e, á vista da súa conclusión e do seu contido, en particular da Análise global do planeamento urbanístico municipal, solicitarlle novo informe.

Incorpóranse ao documento a totalidade das determinacións indicadas no informe da AXI.

14 En relación ao informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) do 15/05/2014:

- Na normativa dos núcleos rurais, debe establecerse a obriga de que os plans especiais de núcleo rural realicen un estudo da morfoloxía e as características básicas do núcleo, co fin de que a ordenación que se estableza sexa respectuosa coa paisaxe rural; así como especificar a regulación da posición, dimensións e características arquitectónicas das edificacións e peches, materiais, etc, adecuados e coherentes coas características propias de cada lugar.

Corríxense no documento atendendo o contido desta observación.

- Na ordenación das áreas urbanas, deberíase mellorar o estudo sobre a paisaxe urbana, de xeito que se mellorase a ordenación prevista para A Bandeira, Silleda e as zonas industriais, en particular os problemas de imaxe urbana (presenza de paredes medianeiras á vista): na Bandeira, á entrada desde Silleda na beira oeste, no ; beira dereita da N-525 entrando na Bandeira desde Santiago; entrada pola rúa Fernando Penoucos Pájaro, primeiro cuarteirón á dereita; glorietta de entrada ao colexio público; en Silleda, na Avda. Do Parque, encontro sen resolver entre ordenanza o-2 de catro alturas e ordenanza O-4 de vivenda unifamiliar; entrada pola N-525 desde A Bandeira; establecemento de cautelas no sector T1 para un encontro axeitado coa ordenanza O-3.

Complétase o estudo da paisaxe urbana. Asemade, a normativa establecida en cada caso, resolve o tratamento das medianeiras vistas. Modifícase a ordenación no encontro entre O-2 e O-4 na entrada a Silleda desde o leste, e incorpórase no catálogo a obriga de tratar a medianeira existente na Avda do Parque.

- Non se introduciu a obriga dun estudo específico de integración paisaxística no PERI da AR-3.

Inclúese no documento dita obriga.

- O PXOM introduce a obriga dun estudo de impacto e integración paisaxística nos sectores de uso industrial (agás no que se acolle á disposición transitoria 13ª da LOUG), pero non se teñen en conta os demais aspectos sinalados no informe (en particular no que se refire ao deseño da zona de espazo libre anexa á rede fluvial do SUD-I1 Parque empresarial da Mera).

15 Deberán incorporarse as condicións do informe da Dirección Xeral de Aviación Civil do Ministerio de Fomento do 01/12/2016, emitido con posterioridade á aprobación provisional do PXOM, en particular no referente aos planos das Servidumes Aeronáuticas que se achegan como Anexo II.

Corríxense no documento todas as consideracións que aporta o informe, tanto na memoria como na normativa

16 En relación ao informe do Servizo de Montes do 29.05.2013:

- Actualizárase o plano IV24 Zonas queimadas conforme ao informe e estas zonas, fóra dos núcleos rurais ou do solo urbano, clasifícanse como solo rústico de especial protección forestal, ou outra categoría que outorgue máis protección (artigo 32.5 da LOUG).

Complétase o plano segundo o indicado e modifícase a clasificación destes solos.

- Corríxase o estudo do medio rural considerando parroquias de maior perigo de incendio non só Refoxos e Siador, senón tamén Parada, Saídres, Carboeiro, Graba e Oleiros.

Corríxense o documento atendendo o contido desta observación.

- Se ben se corrixe o contido do artigo 355 da normativa para adaptalo á Lei 7/2012, de montes de Galicia, non se fai mención a esta lei.

Corríxense no documento atendendo o contido desta observación.

- De conformidade co informe e á vista das características dos terreos, debe clasificarse como solo rústico de especial protección forestal a área recreativa "As Pedrosas", que figura parcialmente incluída no solo rústico de especial protección agropecuaria. Elimínanse as siglas SRPA do solo rústico de especial protección forestal no interior do núcleo de Bustelo, correspondente ao monte veciñal en man común de Outeiro.

Introdúcense no documento todos os cambios citados no informe

17 Deberán incorporarse as condicións do informe favorable condicionado da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 23/11/2018, posterior á aprobación provisional.

Corríxense no documento atendendo o contido desta observación.

2 CUESTIÓNS DE CARÁCTER XERAL

1 MODELO TERRITORIAL E CAPACIDADE RESIDENCIAL

En relación aos artigos 4.e e 52 da LOUG e da determinación 3.1 das Directrices de ordenación do territorio, e segundo o INE, o Concello de Silleda contaba con 9.175 habitantes no ano 2005 e 8.669 no ano 2017, cunha clara dinámica de concentración da poboación nos núcleos urbanos de Silleda e A Bandeira, que pasaron respectivamente de 2.102 a 3.004 e de 689 a 803 habitantes, respectivamente.

De manterse o ritmo de crecemento actual, a poboación do núcleo de Silleda se incrementaría en 1.289 habitantes, e o da Bandeira en 133 habitantes, no horizonte temporal do plan (12 anos).

En contraste con estes datos, da ordenación prevista polo PXOM o parque de vivendas de Silleda se incrementaría en 2.414 vivendas (o que dá un ratio de 0,53 habitantes para cada nova vivenda) e en Bandeira 1.515 vivendas (ratio de 0,09 habitantes/nova vivenda), tendo en conta os propios datos do PXOM (agás no solo urbanizable, que ante a ausencia de desagregación estimouse unha superficie de 200m² por vivenda).

Tendo en conta que a porcentaxe de vivenda baleira no concello en 2011 (único dato dispoñible) era do 23,44%, as previsións non se poden considerar admisibles. Por tanto, cómpre xustificar máis axeitadamente a clasificación de solo urbanizable residencial dado que tampouco se condiciona o seu desenvolvemento á efectiva execución dos ámbitos de solo urbano non consolidado.

Debe xustificarse ademais o cálculo da capacidade residencial e límites de sostibilidade para o solo urbanizable. O valor total achegado de 191 novas vivendas en solo urbanizable delimitado non se corresponde coa superficie edificable total e as tipoloxías previstas, pois obtense unha superficie por vivenda de 300m² para ámbitos nos que se revé vivenda colectiva.

En varios puntos da memoria as xustificacións de solo urbanizable repiten os cadros de solo urbano non consolidado.

Corríxense no documento atendendo o contido desta observación.

2 OUTRAS CUESTIÓNS

1 Consonte ao artigo 11 do Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, o plan xeral debe recoller as determinacións contidas nos proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal aprobados definitivamente: aproveitamento hidroeléctrico do río Deza (AD 28/07/2005), parque eólico Masgalán – Campo do Coco (AD 22/11/2001) e parque eólico Couto de San Sebastián (AD 11/10/2007). No seu caso, clasificará como solo rústico de protección de infraestruturas ou cualificará como sistema xeral de infraestruturas os terreos sinalados neles, e incorporará as determinacións que correspondan na normativa urbanística.

2 Os límites do concello deberán coincidir cós grafados polo IGN (nomeadamente nos límites coa Estrada, Forcarei e Lalín). Procurarase que as aliñacións teñan continuidade nos núcleos que estean entre varios concellos, na liña sinalada na alegación de Forcarei.

3 O PXOM non pode clasificar solo fóra do termo municipal (illa de solo rústico de protección do patrimonio pertencente ao concello de Vila de Cruces, entre outras).

4 Débese clasificar a totalidade do termo municipal (artigo 10 da LOUG); os planos de estrutura xeral non abranguen unha pequena porción situada ao norte, no límite con Vila de Cruces.

Incorpórase como solo rústico de protección de infraestruturas os ámbitos afectados polos proxectos sectoriais indicados. Asemade, corríxense no documento o límite municipal e a clasificación outorgada atendendo o contido desta observación.

3 ESTRUCTURA XERAL E ORGÁNICA DO TERRITORIO E DOTACIÓNS URBANÍSTICAS

1 O PXOM deberá xustificar que as infraestruturas de abastecemento, saneamento e xestión da auga para os novos desenvolvementos urbanísticos son suficientes, consonte aos criterios que se recollen na determinación 4.8 das DOT e nas consultas o documento de referencia. A xustificación da memoria non se corresponde coa ordenación proposta, pois nela afirmase que non se clasifica solo urbanizable residencial (e, polo tanto, non se computa) cando o PXOM clasifica dous sectores.

Corríxense no documento atendendo o contido desta observación.

2 Non se xustifica o cumprimento do artigo 27 da Lei 13/2010, do 17 decembro, do comercio interior de Galicia; o apartado 5.6.7 da memoria (páxina 120) é meramente declarativo e non se traslada con determinacións efectivas ás fichas de ordenación.

Corríxense no documento atendendo o contido desta observación.

3 As novas dotacións urbanísticas deben localizarse conforme aos criterios que establece o artigo 47.3 da LOUG, de xeito que non se sitúen en zonas residuais ou marxinais: o sistema xeral previsto 16-SN-P1 emprázase nunha zona de forte pendente, o que impide na práctica a súa utilización, polo que non pode computarse, o que implica non cumprir a reserva mínima de sistemas xerais do artigo 47.1 da LOUG.

Corríxense no documento atendendo o contido desta observación.

Ox PXOM non incorpora a xustificación do cumprimento da reserva de vivenda protexida do PXOM, conforme ao artigo 47.11 e seguintes da LOUG coa Lei 8/2012. 5 Grafarase a zona de fluxo preferente nos planos de ordenación a escala 1/5000 (artigo 104. f da LOUG).

Corríxense no documento atendendo o contido desta observación.

4 CLASIFICACIÓN E DETERMINACIÓN NAS DISTINTAS CLASES DE SOLO

1 SOLO URBANO

1 Da documentación do PXOM non pode deducirse que estea rematada a urbanización do ámbito do plan parcial Parque empresarial área 33, conforme aos artigos 128.2 da LOUG e 7.4 e 21.2.b do TRLSRU (semella estar pendente de executar parte do viario e equipamentos, así como a urbanización das zonas verdes). Polo tanto, deberá clasificarse como solo urbanizable.

O concello dispón das actas de recepción dos espazos polo que se mantén a clasificación como urbano recollida no documento.

2 Segundo os planos de información, hai zonas que non contan con todos os servizos urbanísticos e precisan completar a urbanización, polo que o PXOM debe prever as actuacións illadas necesarias (artigo 124 da LOUG); en caso contrario, conforme ao artigo 12.b da LOUG, deberán categorizarse como solo urbano non consolidado:

- Terreos de ordenanza O-4 ao sur do SUD-R1 non lindeiros coa avenida do Parque.
- No núcleo de Silleda, terreos de ordenanza O-2 ao sur do antigo SUD-R1 do IPAI (ao norte da rúa República Argentina e ao oeste de Sociedade Fillos de Silleda).
- En Silleda, terreos de ordenanza O-4 na beira sur da rúa da Estación, sen servizos.
- Na Bandeira, terreos na do Deporte, e ao seu norte solos de aparcadoiros.
- Na Bandeira, terreos con fronte á calexa do Cego. Malia que o calexo se eliminou do solo urbano, a asignación da ordenanza 2.1 quinteiro compacto implica a consideración de fronte de edificación para as fachadas cara ao calexo.
- Prolongación da rúa Pontevedra, carente dos servizos urbanísticos.

Delimítase unha actuación illada para resolver a primeira das cuestións. A segunda delas, trátase dunha actuación xa executada, mentres que na beira da rúa da Estación e da rúa do Deporte se grafan sendas actuacións illadas. Corríxese asemade o indicado para a calella do Cego, mentres que a prolongación da rúa Pontevedra, foi xa recentemente urbanizada.

3 Nas seguintes áreas prevese abrir novos viarios ou transformar en rúas os camiños existentes; ou delimitáanse terreos que non teñen a condición de soar nin a poden adquirir mediante obras accesorias, polo que deben ser incluídas dentro do solo urbano non consolidado (artigo 12.b da LOUG):

- Entronque da D1 AR 1 coa rúa Outeiro e a avenida do Recinto Feiral.
- Terreos nas beiras do calexo Agro do Valo, na Bandeira.

Amplíase o solo urbano non consolidado para incluír os entronques citados, e delimítase unha actuación illada para completar os servizos urbanísticos no Agro do Valo.

4 En cumprimento do IPAI, os viais de acceso ao sector R1 que non existen incluíronse no sector; porén, exclúese unha pequena parte dun vial, aparentemente para respectar o acceso dunha edificación existente de 5 plantas. Porén, nas ortofotos aéreas non se detecta nin o vial nin o edificio, o que cómpre corrixir ou xustificar.

A parte excluída trata de respectar a licenza outorgada recentemente e a obriga da apertura citada.

5 Nas API-1 e API-2 (Recinto Feiral de Silleda e Parque empresarial área 33) deben achegarse as referencias detalladas do planeamento incorporado, actualizado e coas súas datas de aprobación correctas. Débese estudar a vixencia das sucesivas modificacións aprobadas; lémbrese que os plans xerais, cando afectan a territorios con planeamento aprobado, deben incorporar as determinacións do planeamento anterior que o propio Plan xeral declare subsistentes (artigo 19.2 do RD 2159/1978).

Inclúense estas referencias na normativa do PXOM.

Nas fichas do solo urbano non consolidado débese desagregar a edificabilidade lucrativa máxima prevista para cada tipoloxía (vivenda libre, protexida, unifamiliar, colectiva...) en coherencia co cadro 5.5.3 da memoria co aproveitamento tipo.

O apartado da memoria indica o método utilizado para establecer o aproveitamento tipo, mais indica que poderá ser axustado segundo a ordenación establecida, segundo os límites establecidos na ficha correspondente poderá determinar mais ou menos m2 segundo o uso e a tipoloxía edificatoria, polo que na ficha da ordenación se introducen únicamente aqueles parámetros legalmente esixibles ou os determinados pola ordenación do PXOM.

7 Na ordenanza O-1 deben aclararse as condicións de posición da edificación na parcela: aliñacións interiores e recuados laterais.

Corríxense no documento atendendo o contido desta observación.

8 Tras asignar os graos da ordenanza 2 como esixía o IPAI, obsérvase:

- Cómpre resolver os encontros entre o SUD R1 e o quinteiro lindeiro na zona Norte, para o que se establece o grao 3 (quinteiro lineal) cunha fronte irregular.

Corríxense no documento atendendo o contido desta observación.

- Débense resolver os encontros das D1 AR 1, D1 AR 2, D1 AR 4 cos quinteiros lindeiros de ordenanza 2 e incluír nas fichas dos PERIs as previsións de continuidade co solo urbano consolidado para evitar novas medianeiras e ocultar as existentes.

Corríxense no documento atendendo o contido desta observación.

– Quinteiros de grao 2.3 (desenvolvemento lineal) contra o solo rústico nas beiras da rúa República Arxentina, en Silleda, agravado no quinteiro máis ao leste por permitir a prolongación da planta baixa cara ao solo rústico.

Modifícase a prolongación de baixos por espazo libre privado.

– Quinteiro de ordenanza 2.3 na avenida do Parque, no antigo SUD R2, en Silleda, no que se prevé a prolongación da planta baixa contra o solo rústico.

Trátase dunha prolongación dun baixo existente.

– Encontro da ordenanza 2.3 coa ordenanza 4 na avenida do Parque, en Silleda.

Modifícase o fondo edificatorio para permitir a apertura de ocos.

– Quinteiro de ordenanza 2.3 a carón do colexio María Inmaculada (rúa pintor Colmeiro, Silleda), que debera acaroarse ás medianeiras existentes.

Modifícase a ordenación para permitir o acaroamento indicado.

– No quinteiro de ordenanza 2.2, o fondo máximo da ordenanza residencial invade terreos da ordenanza de aparcadoiro AP-N1.

Adáptase a superficie do aparcadoiro ao fondo máximo establecido.

– Na rúa Agro do Valo, na Bandeira, e na rúa do Trasdeza en Silleda débese resolver axeitadamente o encontro entre o quinteiro de ordenanza 2.3 e a ordenanza 4.

Modifícase o fondo edificatorio para permitir a apertura de ocos nestes puntos.

9 Aclararase o significado de “L.P.” nos quinteiros con patio nos planos de solo urbano.

Indícase o significado na lenda dos planos de ordenación.

10 O polígono industrial Área 33. A normativa urbanística asígnalle unha ordenanza O-6 que non aparece grafada, o que é contradictorio coa aparente previsión de incorporación plena do plan parcial como API-2.

Elimínase dita ordenanza.

11 A ordenanza O-5 de uso terciario establece tres graos con distinta regulación que non veñen grafados nos planos de ordenación.

Corríxense no documento atendendo o contido desta observación.

12 Na Bandeira, o calello do Muiñeiro, a travesía Ulleiro e o camiño Murallón, todos en solo urbano consolidado, carecen de cotas entre aliñacións (artigo 54.f da LOUG).

Acóutanse as aliñacións indicadas indicados.

2 SOLO URBANIZABLE

1 As localizacións dos ámbitos SUD-I2 e SUD-I3, desvincelladas do crecemento industrial proposto centralizado no leste de Silleda, unicamente se xustifican no caso de acollerse á disposición transitoria 13ª da LOUG para regularizar os asentamentos industriais existentes (o que só se sinala para o SUD-I3). Porén, en ningún dos ámbitos se acredita cumprir os requisitos do apartado 1 da dita disposición.

No I-3, débese xustificar así mesmo o alcance cualitativo da propia implantación pola magnitude superficial do solo que ocupa ou pola propia intensidade dos usos implantados, conforme á Instrución 3/2011, do 12 de abril, para a aplicación da disposición transitoria décimo terceira da LOUG (DOG 11/05/2011).

A última redacción da LOUG identifica o solo urbanizable delimitado como aquel comprendido nos sectores delimitados que teñan establecidos os prazos da súa execución e as condicións para a súa transformación e desenvolvemento urbanístico, o cal se cumpre nos dous ámbitos delimitados, non delimitados o amparo da citada disposición.

2 Débese calcular o aproveitamento tipo das áreas de repartición delimitadas en solo urbanizable (artigo 53.1.h da LOUG).

3 O plan debe incluír a totalidade das determinacións establecidas no artigo 57.1.c e d da LOUG na ficha dos sectores, coas condicións de urbanización dos sistemas xerais.

Os planos de ordenación establecen as previsións de ampliación das redes. Respecto das instalacións existentes nos SUD-I2 e I3, cómpre indicar que estas contan con sistemas propios para resolver as súas necesidades.

4 Non se acredita que os convenios foran sometidos a información pública, conforme ao artigo 237 da LOUG (agás o asinado co IGVS).

5 Cómpre resolver os encontros entre o SUD R1 e os quinteiros lindeiros establecendo as condicións de ordenación correspondentes.

Corríxense no documento atendendo o contido desta observación.

3 SOLO DE NÚCLEO RURAL

CUESTIÓN DERIVADAS DO IPAI

1 Parte do núcleo rural de Vilar (Cira), que se categoriza como común, semella reunir condicións de núcleo rural histórico tradicional.

2 Os núcleos, categorizados no IPAI como núcleo común, correctamente inclúense agora no tipo básico histórico-tradicional, mais sen revisar a súa delimitación que incumpré a distancia máxima de 50m ás edificacións tradicionais (artigo 13 da LOUG): rcos (Graba), Sachocos (Negreiros), Aldea de Abaixo-Sino (Ponte) e A Lama (Rellas).

3 A delimitación dos núcleos comúns farase en función das previsións de crecemento que o plan xeral estableza (artigo 13.3.b da LOUG). Na memoria xustificativa expónse o despoboamento progresivo dos asentamentos rurais, polo que non se acredita a necesidade de áreas vacantes nas periferia do núcleo de Arcos (Graba).

4 Ao abeiro do artigo 13 da LOUG e da determinación 3.1.10 das DOT, evítanse os crecementos lineais e as unións entre asentamentos polinucleares, e débense excluír, as bolsas de terreos e as edificacións illadas

desligadas dos asentamentos orixinarios: Arcos (Graba), A Moa (Manduas), Ribeirao (Negreiros), Castro Castriño (Piñeiro), Carral – Trasdovaldo – Taboada Vella (Taboada), O Redondo – Cabodevila (Vilar).

5. Revisarase a delimitación dos núcleos que deixan fóra edificacións que semellan estar ligadas ao asentamento: Breixiña (Breixa), Sobrado, Vilar (Cira) (no que debe corrixiarse o límite do municipio), Escuadro (Escuadro), Riocalvo, (Negreiros), Carderrei (Ponte).

Corríxense os aspectos indicados, se ben, no núcleo de Breixiña (Breixa), a vivenda tradicional posiblemente ligada ao núcleo atópase afastada do mesmo, o que impide a súa incorporación á delimitación do núcleo rural.

6 O núcleo de Breixiña (Breixa) deberá cumprir a porcentaxe mínima de consolidación que esixe o artigo 13 da LOUG; cuestión que non é posible verificar en Lourás – A Moa (Manduas), por estar incompleta a ficha correspondente.

7 A parte histórico-tradicional dos seguintes núcleos supera a distancia máxima de 50 metros ás edificacións tradicionais que determina o artigo 13.3. a da LOUG: Senra (Escuadro), Barravaite (Lamela), Castromonde, O Campo (Piñeiro); cuestión que non é posible verificar en Bazar (Abades), por estar incompleta a ficha correspondente.

8 A análise do modelo do asentamento poboacional non identifica o carácter tradicional ou non, das edificacións de: Lázara – Outeiriño (O Castro), A Revolta (Cortegada), Tixoa (Refoxos), Cóscaros (Siador). Non se identifican como tradicionais todas as edificacións que o son, en Medelo (Manduas) e Gamil (Margaride).

9 O PXOM debe incorporar nas fichas da análise do modelo de asentamento poboacional as determinacións que correspondan respecto dos núcleos rurais situados dentro do contorno dunha concentración parcelaria (artigos 61.3 e 72.4 da LOUG); e fixar os indicadores para a redacción dun plan especial.

10 Algúns asentamentos do listado da memoria xustificativa non se identifican no modelo de asentamento: A Lameira (Cira), A Pena (Cortegada), A Grouxa, O Outeiro, O Redondo (Siador).

Corríxense os aspectos indicados. Respecto do último punto, comprobouse a inexistencia destes asentamentos nos padróns oficiais, eliminándoos por tanto da memoria xustificativa, a excepción de O Redondo, englobado no núcleo rural 32.01 O Barral- Cabo de Vila – O Campo – Mazarelos – O Redondo.

CAMBIOS POSTERIORES AO IPAI

11 Os núcleos dos Olmos (Pazos), Maceiraboa (Manduas) e Trasigrexia (Silleda) carecen de topónimo diferenciado nos padróns oficiais (artigo 13.1 da LOUG).

Modifícanse os topónimos destes núcleos para facelos coincidir cos asignados polo Instituto Xeográfico Nacional: Penanegra, Maceiraboa e As Ferreiras.

12 Parte dos núcleos rurais do Outeiro (Breixa), Arcos (Graba), Gamil (Margaride) e Paradelas de Abaixo – A Moa (Martixe) que se categorizan como común, semellan reunir condicións de núcleo rural histórico tradicional. Así mesmo, cómpre revisar as zonas de tipo básico na Moa (Manduas).

13 A delimitación dos núcleos comúns debe facerse en función das previsións de crecemento que o plan xeral establece (artigo 13.3.b da LOUG). Na memoria xustificativa expónse o despoboamento progresivo dos

asentamentos rurais, e tras consultar a dinámica poboacional no INE, non se acredita a necesidade de áreas vacantes nas periferias dos núcleos de Abades, (Abades), Breixiña (Breixa), O Agriño – O Tellado (O Castro), A Cruz (Chapa), O Curro, Sobrado, Escuadro, Senra (Escuadro), Arcos (Graba), A Gandarela – Agoleta – Gorís, Santa Cristina (Lamela), Freixeiro – OPereiro, Galán (Laro), Outeiro, Vilaverde, Maceiraboa (Manduas), Gamil (Margaride), O Campo, Ribeirao, (Negreiros), Cuiña, Portapiñeiro, O Campo (Piñeiro), O Espiño (Ponte), (Saídres), Casas do Monte, Toiriz (Silleda), Carral – Trasdovaldo – Taboada Vella (Taboada), O Barral – Cabo de Vila – O Campo – Mazarelos – O Redondo (Vilar).

14 Nalgúns núcleos prodúcese unha unión, hoxe inexistente, entre asentamentos ou bolsas de asentamentos polinucleares, xerando continuos indiferenciados: Arcos (Graba), O Souto (Lamela), Paradelas de Abaixo – A Moa (Martixe), A Lama (Rellas), O Barral – Cabo de Vila – O Campo – Mazarelos – O Redondo (Vilar), no que a ordenación produce a unión do polígono industrial co núcleo rural existente.

15 Nalgúns casos a delimitación amplíase dun xeito artificioso para incluír vivendas ou parcelas vacantes que non respectan a morfoloxía do núcleo: Regalade (Cortegada), Senra, Soldecasa (Escuadro), Fiestras (Fiestras), Arcos (Graba), Barravaite, Santa Cristina (Lamela), Forcas (Laro), Ferrosos, A Moa, Maceiraboa (Manduas), Paradelas de Abaixo – A Moa (Martixe), Oleiros (Oleiros), O Outeiro – Mediodaldea – Eirexe - O Cruceiro - Souto Nogueira (Parada), Castro Castriño, (Piñeiro), Trasfontao (Ponte), Carral – Trasdovaldo – Taboada Vella (Taboada).

16 En Quintela (Manduas), o vial que dá acceso á parte tradicional non debería incluírse dun xeito artificioso na parte común.

17 A delimitación dos núcleos seguirá as pegadas físicas existentes: Breixiña (Breixa), Vilar (Cira) -cómpre revisar o límite municipal-, Vilanova (Margaride), Marza, (Oleiros).

18 Non se identifica correctamente unha edificación tradicional en Barravaite (Lamela).

19 Conforme aos propios planos do PXOM, supérase a distancia máxima de 50m ás edificacións tradicionais (artigo 13.3.a da LOUG) nos núcleos de Carboeiríño (Carboeiro), Alfonsiños (Cervaña), O Barral, Camporrapado – Segade, (Cortegada), Bustelo, Carcaxide, Senra, Soldecasa (Escuadro), Fiestras (Fiestras), Arcos (Graba), Barravaite, A Codeseira, A Gandarela – Agoleta – Gorís, (Lamela), Forcas, Galán (Laro), Ferrosos (Manduas), Paradelas de Abaixo – A Moa (Martixe), Lis, (Moalde), O Campo, Outeiro, Ribeirao, Sachocos, Negreiriños (Negreiros), Oleiros, (Oleiros), O Outeiro – Mediodaldea – Eirexe – O Cruceiro – Souto Nogueira (Parada), Pazos (Pazos), Castramonde, Portapiñeiro, Santifoga, O Campo (Piñeiro), Aldea de Abaixo – Sino, Rosende, Trasfontao (Ponte), A Lama (Rellas), Carracido, Caxeaba, Maragouzos, Casardoño (Saídres), Casas do Monte, O Foxo, Toiriz (Silleda), Carballada, Carral – Trasdovaldo – Taboada Vella, Reboredo (Taboada), O Barral – Cabo de Vila – O Campo – Mazarelos – O Redondo (Vilar).

20 A consolidación polo método gráfico debe calcularse como cociente entre parcelas dificadas e parcelas totais, tendo en conta as operacións de parcelamento posibles; non por edificacións existentes e proxectadas.

21 Debido ao anterior, non se acredita o cumprimento da porcentaxe mínima de consolidación que esixe o artigo 13 da LOUG, nos núcleos de: Abades, Covas (Abades), (Breixa), Vilar (Cira), O Barral, Cardigonde (Cortegada), San Martiño (Fiestras), A Codeseira (Lamela), Ribas, Xindiriz (Moalde), Vilanova (Oleiros), O Espiño, Meixomence (Ponte), Fonteboa, Toiriz, Trasfontao (Silleda), Carral-Trasdovaldo- Taboada Vella, parte tradicional 2 (Taboada), Fontefría (Xestoso).

22 O núcleo rural de Cardesín (Refoxos) está incluído na ZEC Serra do Candán, polo que a súa delimitación e, polo tanto, exclusión da categoría de solo rústico de especial protección de espazos naturais debe autorizala expresamente o Consello da Xunta. 23 Os seguintes núcleos non están completos nos planos do modelo de asentamento poboacional (fichas de consolidación), o que impide a comprobación dos parámetros urbanísticos: Bazar (Abades), Ansemil (Ansemil), O Castro de Breixa, A Pena (Breixa), Alfonsiños, A Cova-Reguenga-Requeixo (Cervaña), Dornelas (Dornelas), A Gandarela – Agoleta- Gorís (Lamela), A Moa (Manduas), Martixe de Abaixo (Martixe), Quintero (Moalde), O Outeiro – Mediodaldea – Eirexe- O Cruceiro – Souto Nogueira (Parada), Rosende (Ponte), O Marco (Siador), O Foxo (Silleda, no que o código de verificación impide ver a totalidade do núcleo), Carral – Trasdovaldo - Taboada Vella (Taboada), O Barral – Cabo de Vila – O Campo – Mazarelos – O Redondo (Vilar), Xestoso – Fontelas (Xestoso).

24 A presentación dos planos de ordenación dos núcleos rurais debe ser individualizada, para facilitar a lectura, comprensión e posterior aplicación do PXOM. Carece de toda xustificación a división por cuadrículas cando ademais os núcleos se amosan illados, sen relación co territorio do resto do termo municipal.

25 A delimitación do núcleo de Pazos (Oleiros) non é coincidente entre os planos de ordenación e os do AMAP, nos que se xustifica a consolidación.

26 Recomendase que nos planos de ordenación dos núcleos rurais se sinale a liña límite de edificación da liña férrea.

Adáptase o solo de núcleo rural para cumprir cos apartados anteriores e revisouse a consolidación segundo o indicado.

4 SOLO RÚSTICO

1 Ao sudoeste do núcleo da Portela (Moalde) detéctase un pequeno ámbito no que o solo rústico de protección de espazos naturais debe superpoñerse ao solo rústico de protección de infraestruturas, por estar dentro da delimitación da ZEC Brañas do Xestoso.

2 Actualízase o plano IV24 Zonas queimadas conforme ao informe do Servizo de Montes do 29/05/2013 e estas zonas, fóra dos núcleos rurais ou do solo urbano, clasifícanse como solo rústico de especial protección forestal, ou outra categoría que outorgue máis protección (artigo 32.5 da LOUG).

3 Recomendase que as áreas de especial interese paisaxístico identificadas polo Decreto 119/2016, do 28 de xullo, polo que se aproba o Catálogo das paisaxes de Galicia, teñan a consideración de solo rústico de especial protección paisaxística, superpoñéndose, no seu caso, a outras protecciónes.

4 A liña límite de edificación do ferrocarril (50m) debe medirse desde a aresta exterior da plataforma (artigo 15 da Lei 38/2015 e artigo 16 da Lei 39/2003); no trazado antigo semella terse medido desde o eixo da vía.

5 No SUD II e SUD I3 semella superpoñerse o solo urbanizable e o solo rústico de protección de infraestruturas, o que non é posible.

6 Identifícase a EDAR de Ponte nos planos de ordenación. Así mesmo, cómpre clasificar como solo rústico de protección de infraestruturas esta depuradora, a existente na Bandeira e as estacións de tratamento de auga potable de Silleda e A Bandeira (artigo 32.2.c da LOUG), sen prexuízo das superposicións de categorías que procedan (artigo 32.3 da LOUG).

7 O plano de información de concentracións parcelarias conterá, cando menos, as sinaladas no informe do Servizo de infraestruturas agrarias da Consellería do Medio Rural do 14/03/2013, por encontrarse no suposto sinalado no artigo 32.2.a da LOUG; así mesmo, clasifícanse como solo rústico de protección agropecuaria os terreos afectados por elas, coas excepcións sinaladas no artigo e sen prexuízo das superposicións de categorías que procedan.

Corríxese o documento atendendo ao contido destas observacións.

5 NORMATIVA

1 O artigo 309 da normativa deberá revisarse para adecuarse á derradeira redacción do artigo 25 da LOUG; así mesmo deberá eliminarse o apartado 1 do artigo 226 por contradicir o propio artigo 226.2 e a DT 12ª da LOUG.

2 Debe establecerse fronte mínima de parcela en solo de núcleo rural, coa finalidade de evitar parcelacións que desvirtúen a súa estrutura parcelaria e a configuración.

3 Erros: corrixíranse as referencias ao artigo 120 de reservas de prazas de aparcadoiro para uso residencial nos restantes usos para os que non é de aplicación (moitos equipamentos remítense ao artigo do uso residencial mesmo que teñen a súa reserva); corrixírase o artigo 297_3 (no que as situacións dos usos se denominan con números romanos) en correspondencia co artigo 65 da normativa (no que as situacións dos usos se denominan con letras maiúsculas).

4 Os artigos 28 e seguintes da normativa, referentes a licenzas, actos suxeitos a licenza municipal, tipos de licenzas e licenzas de apertura, deben axestarse ao réxime derivado da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

5 Aclarárase o artigo 288.2.b da normativa, pois o PXOM non contén ningún ámbito de solo urbano non consolidado con ordenación detallada.

6 Revisárase o artigo 185 da normativa, pois semella carecer de xustificación non permitir en solo urbano materiais de acabado de cuberta diferentes da tella ou da lousa, sempre que se cumpran as condicións de integración e adaptación ao ambiente do artigo 104 da LOUG e das propias normas estéticas do PXOM.

7 O réxime de edificacións en fóra de ordenación contido no artigo 199 da normativa semella contradicirse entre os apartados 3 e 4.

8 Na ordenanza O-3 de bloque aberto, recoméndase contemplar a posibilidade de acaroarse ás medianeiras lindeiras existentes e a de realizar un único bloque en varias parcelas mediante estudo de detalle, á vista da xeometría das parcelas nas que é de aplicación; así como establecer un límite á lonxitude dos bloques.

9 Elimínanse as referencias a normativas derogadas (Lei 18/2008, de vivenda de Galicia; L8/1995 do patrimonio cultural de Galicia, Lei 3/1996, do 10 de maio, de Protección dos Camiños de Santiago, Regulamento de Disciplina Urbanística, Lei 25/1988 de Estradas, Lei 4/1994, de estradas de Galicia, Real Decreto 1332/2012, polo que se aproba o Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa, Decreto 3/1999, de 7 de xaneiro, polo que se modifica parcialmente o Decreto 134/1998, de 23 de abril, sobre policía sanitaria mortuoria, a lexislación ferroviaria).

Corríxese no documento atendendo o contido desta observación.

6 ESTRATEXIA DE ACTUACIÓN, ESTUDO ECONÓMICO E MEMORIA DE SUSTENTABILIDADE ECONÓMICA

1 Aclararase a contradición entre a estratexia de actuación, no que o novo sistema xeral de espazos libres 30-SN-P4b figura como adscrito ao sector I1, e o estudo económico, no que non se lles atribúe aos particulares a súa execución, o que excede do deber dos propietarios do solo urbanizable (artigo 22.b da LOUG).

2 Nos viais previstos Rúa continuación de R. Pontevedra e SN-V3 Viario novo en Bandeira, que se prevé obter por expropiación, non se determina o custo de obtención do solo. Lémbrese que no estudo económico debe detallarse cada unha das actuacións previstas, o custo de execución e obtención do solo, así como a iniciativa de financiamento, xustificando as previsións que cumpra realizar con recursos propios do Concello (artigos 53.1.e e 60.3 da LOUG).

3 A orde de prioridades establecida na estratexia de actuación será coherente coa programación das fichas dos ámbitos de desenvolvemento.

Corríxense no documento atendendo o contido desta observación.

7 CUESTIÓN DE ÍNDOLE DOCUMENTAL

1 Ao abeiro do artigo 9 do Real Decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003 de ruído, e do artigo 5 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia, cómpre incorporar nos planos de información (ou nos planos de zonificación acústica) as zonas de servidume acústica delimitadas no mapa estratéxico de ruído da N-525.

2 Unificaranse os códigos dos núcleos rurais entre as fichas de entidades de poboación e as fichas do cálculo da consolidación.

Non é posible unificar ditos códigos, pois as fichas de consolidación divídense os núcleos en zonas tradicionais e comúns. Deste xeito, unha mesma entidade de poboación, pode corresponderse con varias fichas de consolidación.

3 Deben incluírse nos planos de ordenación do solo urbano a 1/2000 o nome dos ámbitos de desenvolvemento, para posibilitar a súa localización.

4 Existe un erro no cadro de capacidade residencial total da páxina 102 da memoria, pois a edificabilidade residencial total do solo urbano non consolidado é de 38.796 m², en vez de 38.829 m².

5 Elimínase da memoria a reserva dotacional autonómica, da derogada Lei 6/2008.

6 Detectáronse incongruencias entre a versión pdf e a versión vectorial (véxase por exemplo a delimitación dos tipos básicos do núcleo 24.07 O Campo (Piñeiro)).

7 Deberíase calcular a consolidación do núcleo da Bouza (Abades) nunha única ficha.

8 No plano de estrutura xeral a 1/5000, superponse o sombreado de solo rústico de protección de infraestruturas á delimitación de núcleo rural en Carboeiro de Francia.

9 Existe un erro aritmético na consolidación do núcleo de Cardigonde (Cortegada).

10 A delimitación das distintas fases do espazo libre vinculado ao polígono industrial (30-SN-P3a, 30-SN-P3b, 30-SN-P4a, 30-SN-P4b) deberá ser lexible nos planos de ordenación.

11 Rematarase a redacción do artigo 283.3.b.

12 Corríxense as referencias erróneas aos artigos da normativa en materia de estradas.

Corríxense no documento atendendo o contido destas observacións.

4.27 Informe da Dirección Xeral de Telecomunicacións e Tecnoloxías da Información

Con data 24 de xaneiro de 2019 emítese por parte da Dirección Xeral de Telecomunicacións e Tecnoloxías da Información informe favorable ao PXOM de Silleda.

4.28 INFORME DA SUBDIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN FERROVIARIA

Con data do 25 de xuño de 2020 emítese informe da Subdirección Xeral de Planificación Ferroviaria na que se indica o seguinte:

"4. Conclusiones del análisis del documento urbanístico

4.1. Se recuerda que según el Artículo 15 Lengua de los procedimientos de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, la Administración Pública instructora deberá traducir al castellano los documentos, expedientes o partes de los mismos que deban surtir efecto fuera del territorio de la Comunidad Autónoma.

La documentación proporcionada se encuentra redactada en gallego contraviniendo el Artículo citado y dificultando su tramitación.

4.2. La Ley del sector ferroviario indica en su artículo 7.2, tal como se hace referencia en el apartado 2 de este informe, la obligatoriedad de remitir con carácter previo a su aprobación inicial la redacción, revisión o modificación del instrumento de planeamiento urbanístico al Ministerio de Fomento, actual Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, para la emisión de informe, con carácter vinculante en lo relativo a las materias de su competencia.

La solicitud del informe se produce una vez que ya se ha aprobado de forma inicial el instrumento urbanístico, en este caso el Plan General de Ordenación Municipal del Ayuntamiento de Silleda.

4.3. La normativa ferroviaria vigente es la Ley 38/2015, de 29 de septiembre, del sector ferroviario y el Reglamento del Sector Ferroviario aprobado por Real Decreto 2387/2004, de 30 de diciembre, en vigor en todo aquello que no se oponga a la Ley del sector ferroviario.

Se deberá actualizar el documento en todo aquello donde se haga referencia a la normativa sectorial de aplicación.

Corríxense no documento atendendo o contido desta observación.

4.4. Las líneas ferroviarias en servicio en el ámbito del municipio de Silleda, tal como se ha citado en el apartado 3.1 de este informe, son la línea 06-822 – Zamora – A Coruña y la línea de alta velocidad 16-082 – Ourense

(Bifurcación Coto da Torre) – Santiago de Compostela (Bifurcación A Grandeira), de titularidad del Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF) y ADIF – Alta Velocidad (AV) respectivamente.

Se deberá actualizar el documento reflejando ambas líneas. Además, se informa de que la línea de alta velocidad 16-082 – Ourense– Santiago de Compostela se puso en servicio en el año 2011.

En la documentación gráfica aportada se muestran las dos líneas ferroviarias, si bien la línea 06-822 – Zamora – A Coruña no se muestra cuando ésta transcurre en túnel. Se deberá reflejar el trazado por donde discurre.

En la leyenda "Sistema de comunicaciones" se indica que la línea 06-822 – Zamora – A Coruña es la línea FEVE", siendo la línea de titularidad del Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF), asimismo para la línea de alta velocidad se indica "Red ferroviaria de alta velocidad prevista", como se ha indicado esta línea ya se encuentra en servicio. Se deberán corregir ambas denominaciones.

4.5. La Ley del sector ferroviario antes mencionada determina que los terrenos ocupados por las infraestructuras que formen parte de la Red Ferroviaria de Interés General, así como aquellos que deban ocuparse para tal finalidad, de acuerdo con los estudios informativos aprobados definitivamente, deberán ser calificados como sistema general ferroviario o equivalente, de titularidad estatal, y no incluirán determinaciones que impidan o perturben el ejercicio de las competencias atribuidas al administrador de infraestructuras ferroviarias.

Deberá actualizarse la definición contenida en el documento.

En la documentación gráfica aportada se clasifica el suelo ocupado por las líneas férreas y el terreno afectado con las limitaciones a la propiedad, como "suelo rustico de protección de infraestructuras".

Esta denominación solo es necesaria en el suelo ocupado por las infraestructuras que formen parte de la Red Ferroviarias de Interés General, no siendo necesario clasificar las zonas afectadas con limitaciones a la propiedad con esta denominación.

4.6. Asimismo, la Ley del sector ferroviario indica que los planes generales y demás instrumentos generales de ordenación urbanística deben establecer en las líneas ferroviarias de competencia estatal una zona de dominio público, otra de protección y un límite de edificación, y definir las limitaciones a la propiedad de los terrenos incluidos en dichas zonas.

Estas zonas y limitaciones deben describirse tanto en el texto, como en la documentación gráfica del documento objeto de estudio. Se deberán actualizar las limitaciones a la propiedad en el documento, haciendo referencia a la Ley del sector ferroviario vigente y a los títulos de la misma en los que se encuentran recogidos.

En la documentación gráfica analizada, no se indican las zonas de protección (Dominio público, protección y límite de edificación), solamente la zona de afección general de la infraestructura y la línea límite de edificación. Se recomienda incluir además una sección transversal representativa de la zona de estudio para asegurar el cumplimiento de la legislación ferroviaria.

De igual forma, tal como indica la Ley del Sector Ferroviario en su artículo 15.1, se recuerda que en os túneles y en las líneas férreas soterradas o cubiertas con losas no será de aplicación la línea límite de la edificación, siempre que sea compatible con la seguridad y explotación ferroviaria.

Las limitaciones a la propiedad son entre otras:

- Dentro de la zona de protección no podrán realizarse obras ni se permitirán más usos que aquellos que sean compatibles con la seguridad del tráfico ferroviario previa autorización, en cualquier caso, del administrador de infraestructuras ferroviarias.

- Para ejecutar, en las zonas de dominio público y de protección de la infraestructura ferroviaria, cualquier tipo de obras o instalaciones fijas o provisionales, cambiar el destino de las mismas o el tipo de actividad que se puede realizar en ellas y plantar o talar árboles, se requerirá la previa autorización del administrador de infraestructuras ferroviarias.

- Desde la línea límite de edificación hasta la línea ferroviaria queda prohibido cualquier tipo de obra de construcción, reconstrucción o ampliación, a excepción de las que resulten imprescindibles para la conservación y mantenimiento de las edificaciones existentes. Igualmente, queda prohibido el establecimiento de nuevas líneas eléctricas de alta tensión dentro de la superficie afectada por la línea límite de edificación.

Corríxense no documento atendendo o contido desta observación.

4.29 INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO NATURAL

Con data do 15 de decembro de 2021 recíbese informe da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, na que se indica a necesidade de incluír a sobreira de Siador no catálogo de elementos a protexer e nos planos de ordenación do PXOM e integrar entre as Normas xerais de sustentabilidade ambiental e protección do medio ambiente, as determinacións oportunas cara a garantir a conservación da árbore, en acordo ao establecido polo Decreto 67/2007, do 22 de marzo, polo que se regula o Catálogo galego de árbores senlleiras.

Corríxense o documento atendendo o contido desta observación.

4.30 INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL

En relación co pedimento de confirmación da Subdirección Xeral de Urbanismo relativo aos condicionantes impostos no informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (en diante DXPC) no seu informe favorable do 23.11.2018 (expte. DXPC 2013/625), emítase o presente INFORME, que ten como base e guía o emitido pola DXPC.

Este INFORME limitase, exclusivamente, á comprobación, na documentación agora remitida, da inclusión das consideracións recollidas nel respecto do Patrimonio Cultural, do que se segue a súa estrutura, nos epígrafes afectados e no que só se recollen aspectos que non foron corrixidos.

INFORME

As intervencións autorizadas en función do nivel de protección coinciden coas do artigo 42 da LPCG (aínda que o nivel integral definido no PXOM é mais restritivo que a lei, polo que se recomenda adaptarse a ela).

Lémbrese que aos elementos declarados BIC correspóndelles sempre o nivel de protección integral, polo que as intervencións autorizadas serán exclusivamente ás determinadas para este nivel. Neste eido e para non inducir a erro, deberanse eliminar os BICs do ámbito de aplicación dos niveis estrutural e ambiental (artigos 424 e 425 da normativa do PXOM).

1. BENS OBXECTO DE PROTECCIÓN

1.1. Bens de Interese Cultural

a. Mosteiro de San Lorenzo de Carboeiro (ficha 04.02). Corrixase o nivel de protección, que debe ser integral por ter a condición de BIC (a ficha recolle o nivel estrutural).

Corríxense no documento atendendo o contido desta observación.

b. O Catálogo recolle os hórreos aos que se facía referencia no anterior informe da DXPC; porén, na revisión da nova documentación detéctanse algúns exemplares que non se teñen catalogado (como exemplos, na ficha do hórreo 08.H09, a fotografía amosa dous exemplares dos que só se cataloga un; atópanse hórreos en fincas catalogadas que non contan con protección específica, outros localizados en estruturas rurais, detectados coa axuda da imaxe aérea do Googlemaps, os cales se presume que pertencen á agrupación vernácula e polo tanto son posuidores de valores culturais, etc). Para garantir a súa protección, así como doutros bens que poidan existir e que non se teñan detectado na elaboración deste documento (cruceiros, escudos, etc), a Normativa recollerá no seu Título II. Patrimonio arquitectónico e etnográfico, Sección 1ª. Disposicións xerais, o contido dos artigos 91.3 (que establece a presunción de valor etnolóxico) e 92 da LPCG, ou ben remitirase a eles.

Corríxense no documento atendendo o contido desta observación.

1.2.Catálogo

1.2.1.Elementos incluídos

O documento editable contén un índice do Catálogo. Incluírase tamén no documento en pdf.

a.Elementos de arquitectura e etnografía

-Non se achega clasificación dos hórreos en cada unha das fichas do Catálogo. Poderase entender emendado este feito recollendo na Normativa que aqueles dos que existan evidencias que poidan confirmar a súa construción con anterioridade ao 1901 (inscrición, escritura, etc), terán a condición de BIC e se lles aplicará o réxime establecido pola LPCG. O resto terán a clasificacións de bens catalogados, como se sinalou no punto 1.1.b anterior.

-As fichas 16.09 e 30.26 recollerán na súa denominación, no índice, a enumeración de todas as vivendas as que fai referencia a ficha

Corríxense no documento atendendo o contido desta observación.

. -O informe sinalaba que se debían subsanar unhas eivas recollidas no informe emitido pola DXPC o 05.11.2013. En particular, no referido ao Mosteiro de San Lourenzo de Carboeiro (ficha 04.02) deberanse corrixir os seguintes extremos:

-O nivel de protección será o integral, xa que se trata dun BIC.

Corríxense no documento atendendo o contido desta observación.

-O plano incluído na ficha estará a unha escala suficiente que permita a representación de todo o contorno de protección.

Corríxense no documento atendendo o contido desta observación.

-A ficha solta do Mosteiro que contén unicamente fotografías, engadírase a continuación da que contén o Catálogo.

Corríxense no documento atendendo o contido desta observación.

b.Elementos de arqueoloxía

Constátanse dous pequenos erros na denominación de senllos bens do Catálogo, erros que non figuraban na versión anterior, pero que non invalidan a aprobación definitiva do PXOM, aínda que deben corrixirse

Código do elemento	Nome que figura na ficha	Nome correcto:
15.15 / GA36052058	Petróglifo de Oena Das Cazolas	Petróglifo de Pena das Cazolas
29.24 / GA36052095	Mámoa de Gándara Chá 2	Mámoa de Gándara Chá 4

Corríxense no documento atendendo o contido desta observación.

1.2.2.Contido das fichas

a.Elementos de arquitectura e etnografía

Advírtese que as fichas non teñen CLASIFICACIÓN, o que é de importancia á hora da aplicación do réxime xurídico da LPCG: se ben é certo que os BIC recollidos no Catálogo indican na ficha esta clasificación, polo que se pode sobreentender que o resto teñen a condición de bens catalogados, aínda que debería recollese expresamente ao comezo do Catálogo ou, a lo menos, na Normativa.

Corríxense no documento atendendo o contido desta observación.

b.Elementos de arqueoloxía

A ficha do Castelo de Cira (08.12/GA36052009) non indica que se trate dun ben declarado de interese cultural (BIC), erro que se pode obviar dado que a ficha do ben arquitectónico (08.06), que se refire á torre propiamente dita, si o fai; ademais, o ben aparece grafado nos planos de ordenación como BIC.

Corríxense no documento atendendo o contido desta observación.

1.2.3.Erros detectados

Como xa se indicou anteriormente, recoméndase achegar un índice do Catálogo (atópase nos documentos editables mais non nos dilixenciados en pdf).

Incorporase ao documento atendendo o contido desta observación.

1.2.4.O Camiño de Santiago, Ruta da Prata

Recóllese na ficha 00.CS, se ben se identificou conforme á derogada Lei 3/1996, do 10 de maio, de protección dos camiños de Santiago, que establecía unha "zona lateral de protección" de 3 m e unha "zona de protección do contorno" de 30 m.

Deberase eliminar da lenda o concepto de Contorno de protección de vías culturais, toda vez que o Camiño de Santiago ten a categoría 2 de territorio histórico e non ten contorno de protección. O ben protexido é o territorio histórico (incluída a traza). Como establecen a DT 6ª da LPG e o artigo 66.3 do PBA, o territorio histórico ven definido, no solo urbano e urbanizable, pola traza e polas parcelas e edificacións lindadeiras, pola totalidade dos solos de núcleo rural tradicional delimitados que atravesen e, a 30 m no caso dos solos rústicos de calquera natureza.

Corríxense no documento atendendo o contido desta observación.

A traza non experimentou variacións respecto do informe anterior, e ademais é coincidente coa recollida no PBA, polo que será suficiente para a corrección do documento e a súa adaptación ao marco normativo actual, aclarar este extremo na ficha da Vía da Prata e na normativa do PXOM, sen necesidade de modificar toda a cartografía. Si se emendará a consideración de todo o trazado como "Camiño de Santiago, Vía da Prata" (o PXOM distingue entre Camiño de Santiago e Camiño Real).

A ficha do Camiño de Santiago engadírase no índice de elementos protexidos.

Corríxense no documento atendendo o contido desta observación.

2. NORMATIVA DE PROTECCIÓN

Como xa se indicou anteriormente, deberanse eliminar os BIC do ámbito de aplicación dos niveis.

estrutural e ambiental (artigos 424 e 425 da normativa do PXOM). Por outra banda, os niveis de protección coinciden cos da LPCG (integral, estrutural e ambiental), mais as definicións non se adaptan ao texto legal. Suxírese emendar este extremo.

Corríxense no documento atendendo o contido desta observación.

3. ORDENACIÓN

3.1. Solo urbano consolidado

3.1.a. Solo urbano de Silleda

Con respecto á vivenda tradicional con ficha 30.25, recóllese nos planos de ordenación como se pedía. Porén, recoméndase protexer tamén o muro de peche tradicional que marca a aliñación existente, polo que se suxire a modificación de xeito que se respecte este elemento tradicional, colaborando á conservación do carácter ambiental do elemento protexido.

Corríxense no documento atendendo o contido desta observación.

3.1.b. Solo urbano de Bandeira

Con respecto á vivenda tradicional en Bandeira (ficha 16.11), mantense a aliñación consolidada como se indicaba no anterior informe da DXPC. O código representado no plano de ordenación³ é errado (16.26 en lugar de 16.11).

Corríxense no documento atendendo o contido desta observación.

3.2. Solo de núcleo rural

Como se indicaba no anterior informe, debería engadirse un índice de planos onde poder localizar os distintos núcleos rurais, como se inclúe no documento editable.

Incorporase no documento atendendo o contido desta observación.

No dito informe listábanse unha serie de núcleos rurais nos que era preciso facer correccións, relativas, na súa maior parte, ao respecto das aliñacións tradicionais. Recóllese agora nos planos de ordenación a aliñación de viario e a aliñación de edificación, que permite diferenciar o espazo ocupado do vacante. No que respecta á conservación dos muros tradicionais, sebes, arborado autóctono, etc. que poidan existir, estarase ao disposto no artigo 91 e 92 da LSG.

Realizada unha comprobación non exhaustiva, semella que se deu cumprimento ao indicado.

Cómpre indicar, en relación ao contorno de protección do lavadoiro (ficha 24.05) en Cuiña, que no anterior informe da DXPC se recollía que debía reducirse. Corríxese no plano de ordenación (plano 171/193, AG5 da serie V.10 ORDENACIÓN NÚCLEOS RURAIS) pero non na ficha de Catálogo.

Corríxense no documento atendendo o contido desta observación.

3.3. Dende o punto de vista dos bens arqueolóxicos

Constátase que se realizaron cambios na ordenación entre o documento que se informou o 23.11.2018 e o que se envía agora para a aprobación definitiva. Entre elas as seguintes que xeran afección sobre o patrimonio cultural:

- Creouse un solo rústico de protección de infraestruturas que non existía e que se superpón ao Solo rústico de protección de patrimonio (Área de protección integral) do xacemento Castro de Breixiña/Os Castros (03.13/GA36052018, Plano F5). Con isto consolídase urbanisticamente unha liña de alta tensión eléctrica que, precisamente por sobrevoar un castro catalogado, debería modificarse no futuro para que deixase de sobrevoalo.
- Ampliouse o solo rústico de protección de infraestruturas da AP-53, de xeito que agora se superpón ao Solo rústico de protección de patrimonio (Área de protección integral) de xacementos arqueolóxicos aos que antes non o facía (p. ex., Castro de Chapa/ Coto do Castro, 07.11 / GA36052016, plano G4).
- Ampliouse o solo rústico de protección de infraestruturas da PO-201, de xeito que agora se superpón ao Solo rústico de protección de patrimonio (Área de protección integral) do Castro de Cortegada/do Cura (09.27 / GA36052044, plano L7).
- Ampliouse o solo rústico de protección de infraestruturas da EP-6503, de xeito que agora se superpón ao Solo rústico de protección de patrimonio (Área de protección integral) de varios xacementos arqueolóxicos aos que antes non o facía: Mámoa de Penido 2 (26.13 / GA36052105), Mámoa de Penido 5 (26.24 / GA36052129) e 26.21 / GA36052133; e a outros, que antes só se superpoñía moi parcialmente, agora faino totalmente: Mámoa de Penido 1 (26.08 / 26.09 GA36052051) e Mámoa de Penido 4 (26.15 / GA36052107) (planos M5 e N5).

Estas superposicións poden levar a pensar que é factible ampliar ou modificar as infraestruturas neses ámbitos, alterando os bens catalogados. Así e todo, cómpre sinalar que a Sección 5ª. Solo Rústico de Protección de

Infraestruturas do DOC. VI. Normas urbanísticas do PXOM,, establece no seu artigo 387 que "Calquera intervención no entorno dos bens catalogados e do Camiño de Santiago incluídos nesta categoría de solo, necesitará a autorización previa do organismo competente na protección do patrimonio cultural."

O que se informa aos efectos oportunos.

Santiago de Compostela, no día asinado dixitalmente

A directora xeral do Patrimonio Cultural

Mª Carmen Martínez Ínsua

4.31 ORDE DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILEDA

O Concello de Silleda eleva para a súa aprobación definitiva o Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) conforme ao previsto no artigo 85.7 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), en relación coa disposición transitoria segunda da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG).

Analizada a documentación achegada; e, vista a proposta literal que eleva a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, resulta:

I ANTECEDENTES

1 PLANEAMENTO MUNICIPAL VIXENTE.

O Concello de Silleda dispón dun Plan Xeral de Ordenación Urbana (PXOU) aprobado definitivamente (AD) o 04/06/1981, con sete modificacións puntuais.

En desenvolvemento do PXOU aprobouse o plan parcial PP Parque empresarial área 33, AD 22/10/1991, con tres modificacións puntuais; e tres estudos de detalle.

2 FIGURAS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO CON INCIDENCIA SUPRAMUNICIPAL.

Este concello está afectado polos seguintes proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal:

- Aproveitamento hidroeléctrico do río Deza, AD 28/07/2005
- Parque eólico Masgalán – Campo do Coco, AD 22/11/2001
- Parque eólico Couto de San Sebastián, AD 11/10/2007
- Liña de alta tensión 66 KV Couto de San Sebastián – Portodemouros, AD 06/09/2007.

3 TRAMITACIÓN.

1 O 24/06/2009 a Dirección Xeral de Urbanismo emitiu informe previo á aprobación inicial (IPAI) do PXOM. Por non obter aprobación inicial á entrada en vigor da Lei 2/2010, o PXOM tivo que adaptarse a ela, polo que o 30/07/2012 emitiuse un novo IPAI.

2 Constan informes municipais previos á aprobación inicial de: arquitecto, do 07/12/2012; interventora, do 13/12/2012; e secretaria, do 13/12/2012.

3 Na sesión do 18/12/2012 o Concello pleno acordou aprobar inicialmente o PXOM e sometelo a información pública mediante anuncios nos diarios Faro de Vigo e La Voz de Galicia, ambos do 05/01/2013; así como no DOG do 16/01/2013. O Pleno na sesión do 23/07/2013 rectificou ese acordo no tocante á suspensión de licenzas (DOG 23/06/2014).

Déuselles audiencia aos concellos limítrofes de Boqueixón, Vila de Cruces, Lalín, A Estrada e Forcarei; e solicitáronse os informes aos sectoriais preceptivos.

4 A Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental elaborou a memoria ambiental correspondente

ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica do PXOM o 15/03/2016 (DOG do 12/04/2016).

5 Consta informe do secretario municipal do 16/03/2016, previo á aprobación provisional.

6 O plan xeral foi aprobado provisionalmente polo concello pleno do 18/03/2016.

7 Conforme ao artigo 85.7.b da LOUG, e por non constar a integridade documental do plan e do expediente, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda resolveu na Orde do 26/12/2018 non aprobar definitivamente o PXOM e solicitar a emenda das deficiencias sinaladas na dita Orde.

8 O 01/09/2022, o concello pleno aprobou a nova documentación do PXOM, emendada na sesión do 06/09/2022, e solicitar desta Consellería a súa aprobación definitiva.

9 A documentación do PXOM entrou nesta Consellería o 05/10/2022; e o 24/10/2022 entrou documentación adicional, enviada polo Concello, relativa ao informe de Augas de Galicia.

10 O núcleo rural de Cardesín (Refoxos) está incluído na ZEC Serra do Candán polo que, ao abeiro do disposto no artigo 32.2.f da LOUG, a súa delimitación e conseguinte exclusión do solo rústico de especial protección de espazos naturais foi autorizada polo Consello da Xunta en sesión do 22/12/2022.

II ANÁLISE E CONSIDERACIÓNS

Logo de analizar a documentación do PXOM de Silleda redactada por Alfonso Botana SL, aprobada polo pleno do 06/09/2022, en relación coas condicións impostas polos informes sectoriais e as consideracións sinaladas na anterior Orde sobre aprobación definitiva do 26/12/2018, obsérvase:

1 EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO

1 O expediente constará do conxunto ordenado de todos os documentos e actuacións obxecto da tramitación do PXOM, rubricados e foliados polos funcionarios encargados da súa tramitación (artigo 164 do RD 2568/1986). Ao respecto, cómpre indicar que:

- O Tomo 3. Documentación Administrativa II e as páxinas 3082, 4695 e 4910 do Tomo 2. Alegacións e respostas non están rubricadas.
- Constan documentos na carpeta SLL-ADP02-12-DOC CONSULTA do documento técnico que deben integrarse como parte do expediente administrativo.

2 De acordo co informe da Secretaría municipal de 29/09/2022, deberá notificarse a aprobación do PXOM á Delegación de Economía y Hacienda e á Consellería de Facenda.

3 Cumprimento das determinacións finais da Memoria Ambiental: Na ficha urbanística do sector SUD11 constará a existencia dun hórreo, aos efectos do establecido nos artigos 91 e 62 da Lei do Patrimonio Histórico de Galicia (LPHG).

4 Respecto do DVD achegado o 01/10/2018 como documento de aprobación inicial, datado en novembro de 2012, ningún dos arquivos electrónicos presenta dilixencia de ter sido aprobado inicialmente polo pleno; cuestión que cómpre subsanar.

5 En todo o PXOM, a dilixencia incluírá a data do pleno de aprobación provisional.

6 Informe da Dirección Xeral de Estradas, Demarcación de Galicia, do Ministerio de Fomento, do 17/05/2016: Cómpre integrar na normativa do SUNC en contacto coa N-525 en Silleda, a condición de que a iluminación non debe producir deslumbraamentos na estrada do estado.

7 Deberán incorporarse as condicións do informe da Axencia Galega de Infraestruturas do 16/02/2016, semellando existir un erro de grafismo na lenda dos planos do solo urbano e de clasificación xeral no cumprimento do recuamento da edificación na ordenanza 4 da Bandeira, xa que se sinaliza como dominio público da estrada autonómica.

8 Deberán incorporarse as cuestións sinaladas no informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 25/11/2022 (Verificación de documentos firmados - Sede Electrónica - Xunta de Galicia CVE: 1kyqZhiZ4P2).

2 MODELO TERRITORIAL E CAPACIDADE RESIDENCIAL

Segue sen xustificarse a necesidade da clasificación de solo urbanizable residencial, polo que o ámbito do SUD-R2 pasará a clasificarse como solo rústico de especial protección agropecuaria, por tratarse de terreos concentrados.

Enténdese admisible a previsión do SUD-R1 de cara ao completamento da estrutura urbana.

Corrixese no documento atendendo o contido desta observación.

3 CLASIFICACIÓN E DETERMINACIÓNS NAS DISTINTAS CLASES DE SOLO

3.1 SOLO URBANO

1 O ámbito do plan parcial Parque empresarial Área 33 deberá ser ordenado directamente polo PXOM como SUC, con ordenanza propia que refunda a actual normativa tras varias modificacións do planeamento orixinario, en lugar de remitir a unha API.

Corrixese o documento atendendo o contido desta observación incorporando a API como SUC.

2 Segundo os planos de información, a zona da prolongación da rúa Pontevedra non conta con todos os servizos urbanísticos necesarios nin a rúa se atopa completada ata o confín do solo urbano, polo que deberá categorizarse como solo urbano non consolidado.

Corrixese no documento atendendo o contido desta observación.

3 Tras asignar os graos da ordenanza 2 como esixía o IPAI, obsérvase:

- Débense resolver os encontros das D1 AR 1, D1 AR 2, D1 AR 4 cos quinteiros lindeiros de ordenanza 2 e incluír nas fichas dos PERIs as previsións de continuidade co solo urbano consolidado para evitar novas medianeiras e ocultar as existentes, engadindo a tipoloxía entre medianeiras para os efectos de rematar as medianeiras existentes.

Corrixese o documento atendendo o contido desta observación

- Quinteiros de grao 2.3 (desenvolvemento lineal) contra o solo rústico nas beiras da rúa República Arxentina, en Silleda, agravado no quinteiro máis ao leste por permitir a prolongación da planta baixa cara ao solo rústico. No artigo 295.14 da normativa deberán incluírse as situacións de parcelas colindantes con outras correspondentes ao solo rústico a efectos de tratar estes paramentos como o resto das fachadas.

Corrixese no documento atendendo o contido desta observación.

- Quinteiro de ordenanza 2.3 na avenida do Parque, no antigo SUD R2, en Silleda, no que se prevé a prolongación da planta baixa contra o solo rústico. O patio do quinteiro debería ser cualificado como espazo libre privado como nos quinteiros adxacentes.

Corrixese o documento atendendo o contido desta observación

4 Na Bandeira, o camiño Murallón, en solo urbano consolidado, carece de cotas entre aliñacións (artigo 54.f da LOUG).

Corrixese o documento atendendo o contido desta observación

3.2 SOLO URBANIZABLE

1 As localizacións do SUD-I2 e SUD-I3, desvencelladas do crecemento industrial proposto centralizado no leste de Silleda, exixen o sometemento á disposición transitoria 13ª da LOUG, prevista para posibilitar a regularización de asentamentos industriais existentes.

Corrixese no documento atendendo o contido desta observación.

2 O plan debe incluír a totalidade das determinacións establecidas no artigo 57.1.c e d da LOUG na ficha dos sectores, coas condicións de urbanización dos sistemas xerais. Deberá sinalarse nas fichas o trazado indicativo dos ramais máis importantes de servizos e instalacións asociadas, así como o punto de conexión coas redes xerais exteriores.

Corrixese o documento atendendo o contido desta observación

3 Cómpre resolver os encontros entre o SUD R1 e os quinteiros lindeiros establecendo as condicións de ordenación correspondentes, introducindo na súa ficha:

- Empregarase a tipoloxía entre medianeiras no remate da ordenación do quinteiro ao Norte, para ocultar as medianeiras existentes.

- Modificarase a ordenación en planta baixa dos quinteiros en contacto coas vías previstas para obter quinteiros pechados cunha ordenación coherente.

- O remate do sector contra os quinteiros situados ao leste farase mediante espazos libres privados, en congruencia co quinteiro situado ao nordeste.

- O Sistema xeral 30-SN-P2 modificarase ao norte de xeito que non impida o remate das medianeiras existentes pola nova edificación.

Corrixese a ficha do SUD R1 atendendo o contido desta observación

3.3 SOLO RÚSTICO

1 Recollerase toda a rede viaria e as súas afeccións nos planos. Segundo a información recollida no PBA, existe unha estrada sen grafar, ao noroeste do núcleo de Silleda.

A titularidade desta estrada foi traspasada ao concello de Silleda (DOG 14.10.2021)

2 As áreas de especial interese paisaxístico identificadas polo Decreto 119/2016, do 28 de xullo, polo que se aproba o Catálogo das paisaxes de Galicia, deberán ter a consideración de solo rústico de especial protección paisaxística, superpoñéndose, no seu caso, a outras proteccións.

Corrixese o documento atendendo o contido desta observación

4 NORMATIVA

1 O réxime de edificacións en fóra de ordenación contido no artigo 199 da normativa adaptárase estritamente ao establecido no artigo 90.1 da LSG, sen permitir cambios de uso.

A redacción do citado artigo se corresponde co indicado a actual regulación das situacións de fora de ordenación que permiten cambios de uso a aqueles permitidos pola ordenanza de aplicación sen máis obras que as mínimas e imprescindibles.

5 ERROS E INCONGRUENCIAS DOCUMENTAIS

1 O NR 33.02 Reigosa está clasificado fóra dos límites municipais do IGN.

O SNR de A Reigosa atópase fóra do TM de Silleda no TM de Forcarei. A delimitación de SNR delimitada no T.M. de Silleda ven a completar ese núcleo no PXOM de Silleda dentro do seu termo.

2 MODELO TERRITORIAL E CAPACIDADE RESIDENCIAL

Segue sen xustificarse a necesidade da clasificación de solo urbanizable residencial, polo que o ámbito do SUD-R2 pasará a clasificarse como solo rústico de especial protección agropecuaria, por tratarse de terreos concentrados.

Enténdese admisible a previsión do SUD-R1 de cara ao completamento da estrutura urbana.

Corrixese no documento atendendo o contido desta observación.

3 CLASIFICACIÓN E DETERMINACIÓNS NAS DISTINTAS CLASES DE SOLO

3.1 SOLO URBANO

1 O ámbito do plan parcial Parque empresarial Área 33 deberá ser ordenado directamente polo PXOM como SUC, con ordenanza propia que refunda a actual normativa tras varias modificacións do planeamento orixinario, en lugar de remitir a unha API.

Corrixese o documento atendendo o contido desta observación incorporando a API como SUC.

2 Segundo os planos de información, a zona da prolongación da rúa Pontevedra non conta con todos os servizos urbanísticos necesarios nin a rúa se atopa completada ata o confín do solo urbano, polo que deberá categorizarse como solo urbano non consolidado.

Corrixese no documento atendendo o contido desta observación.

3 Tras asignar os graos da ordenanza 2 como esixía o IPAI, obsérvase:

– Débense resolver os encontros das D1 AR 1, D1 AR 2, D1 AR 4 cos quinteiros lindeiros de ordenanza 2 e incluír nas fichas dos PERIs as previsións de continuidade co solo urbano consolidado para evitar novas medianeiras e ocultar as existentes, engadindo a tipoloxía entre medianeiras para os efectos de rematar as medianeiras existentes.

Corrixese o documento atendendo o contido desta observación

– Quinteiros de grao 2.3 (desenvolvemento lineal) contra o solo rústico nas beiras da rúa República Arxentina, en Silleda, agravado no quintero máis ao leste por permitir a prolongación da planta baixa cara ao solo rústico. No artigo 295.14 da normativa deberán incluírse as situacións de parcelas colindantes con outras correspondentes ao solo rústico a efectos de tratar estes paramentos como o resto das fachadas.

Corrixese no documento atendendo o contido desta observación.

– Quintero de ordenanza 2.3 na avenida do Parque, no antigo SUD R2, en Silleda, no que se prevé a prolongación da planta baixa contra o solo rústico. O patio do quintero debería ser cualificado como espazo libre privado como nos quinteiros adxacentes.

Corrixese o documento atendendo o contido desta observación

4 Na Bandeira, o camiño Murallón, en solo urbano consolidado, carece de cotas entre aliñacións (artigo 54.f da LOUG).

Corrixese o documento atendendo o contido desta observación

3.2 SOLO URBANIZABLE

1 As localizacións do SUD-I2 e SUD-I3, desvencelladas do crecemento industrial proposto centralizado no leste de Silleda, exixen o sometemento á disposición transitoria 13ª da LOUG, prevista para posibilitar a regularización de asentamentos industriais existentes.

Corrixese no documento atendendo o contido desta observación.

2 O plan debe incluír a totalidade das determinacións establecidas no artigo 57.1.c e d da LOUG na ficha dos sectores, coas condicións de urbanización dos sistemas xerais. Deberá sinalarse nas fichas o trazado indicativo dos ramais máis importantes de servizos e instalacións asociadas, así como o punto de conexión coas redes xerais exteriores.

Corrixese o documento atendendo o contido desta observación

3 Cómpre resolver os encontros entre o SUD R1 e os quinteiros lindeiros establecendo as condicións de ordenación correspondentes, introducindo na súa ficha:

- Empregarase a tipoloxía entre medianeiras no remate da ordenación do quintero ao Norte, para ocultar as medianeiras existentes.

- Modificarase a ordenación en planta baixa dos quinteiros en contacto coas vías previstas para obter quinteiros pechados cunha ordenación coherente.

- O remate do sector contra os quinteiros situados ao leste farase mediante espazos libres privados, en congruencia co quintero situado ao nordeste.

- O Sistema xeral 30-SN-P2 modificarase ao norte de xeito que non impida o remate das medianeiras existentes pola nova edificación.

Corrixese a ficha do SUD R1 atendendo o contido desta observación

3.3 SOLO RÚSTICO

1 Recollerase toda a rede viaria e as súas afeccións nos planos. Segundo a información recollida no PBA, existe unha estrada sen grafar, ao noroeste do núcleo de Silleda.

A titularidade desta estrada foi traspasada ao concello de Silleda (DOG 14.10.2021)

2 As áreas de especial interese paisaxístico identificadas polo Decreto 119/2016, do 28 de xullo, polo que se aproba o Catálogo das paisaxes de Galicia, deberán ter a consideración de solo rústico de especial protección paisaxística, superpoñéndose, no seu caso, a outras proteccións.

Corrixese o documento atendendo o contido desta observación

4 NORMATIVA


1 O réxime de edificacións en fóra de ordenación contido no artigo 199 da normativa adaptárase estritamente ao establecido no artigo 90.1 da LSG, sen permitir cambios de uso.

A redacción do citado artigo se corresponde co indicado a actual regulación das situacións de fora de ordenación que permiten cambios de uso a aqueles permitidos pola ordenanza de aplicación sen máis obras que as mínimas e imprescindibles.

5 ERROS E INCONGRUENCIAS DOCUMENTAIS

1 O NR 33.02 Reigosa está clasificado fóra dos límites municipais do IGN.

O SNR de A Reigosa atópase fóra do TM de Silleda no TM de Forcarei. A delimitación de SNR delimitada no T.M. de Silleda ven a completar ese núcleo no PXOM de Silleda dentro do seu termo.



2 Existe un erro no cálculo da edificabilidade total do SUZ: onde se computan 28.728 m2 (cadro 5.3.2.d da Memoria) deberíanse computar 47.595 m2 edificables totais en SUZ (no cálculo da CRM se indica que non se delimita SUZ).

Corríxense no documento atendendo o contido desta observación.

3 A ficha do SUD-R1 deberá incorporar a reserva de vivenda protexida.

Corríxese o documento atendendo o contido desta observación

4 Unificaranse os códigos dos núcleos rurais, xa que varían entre os distintos documentos do PXOM. Ademais non hai correspondencia entre os núcleos que figuran nos distintos cadros e fichas dos documentos do PXOM.

Por exemplo: 20.02 O COUTO en fichas AMAP:2004, 20.03 OUTEIRO en fichas AMAP:2005, 20.04 RIBEIRAO en fichas AMAP:2006; 8.-Cira (Santa Baia) A Braña no cadro 5.4.1 da Memoria: A BRAÑA – FUCARELOS; 8.-Cira (Santa Baia) O Candao no cadro 5.4.1 da Memoria: ALTAMIRA - O CANDAO - A CARBALLEIRA - OS CURRAS – RENDO, etc

O AMAP codifica entidades de poboación e non todas forman SNR. Os núcleos rurais levan outra codificación que pode parecer a mesma. Para isto aclárase mais a distinción no mapa engadindo o prefixo NR

Os cadros 1, 3 e 5 do AMAP non son congruentes en xeral coas denominacións das fichas.

Corríxese o documento atendendo o contido desta observación

5 Entre os planos de información figura un denominado '20220801_IV22_4_AEC Zonas complementarias' que semella ser unha versión anterior do plano '20221003_IV22_4_AEC Zonas complementarias_firmado'

Corríxese o documento e eliminase a duplicidade

A competencia para resolver sobre a aprobación definitiva do planeamento xeral corresponde á Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, de conformidade co disposto nos artigos 60, 61.1, 83.5 da LSG e no

artigo 146.1 e 200.5 do RLSG en relación co Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia; e nos artigos 1 e 4 do Decreto 167/2015, de 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da CMAOT, en relación coa disposición transitoria 2ª do Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia modificado parcialmente polo Decreto 106/2018, do 4 de outubro.

III. RESOLUCIÓN

En consecuencia, e visto o que antecede, RESOLVO:

1. Outorgar a Aprobación Definitiva ao Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Silleda, con suxeición ao cumprimento das condicións sinaladas no apartado II anterior.

As ditas condicións deberán ser integradas nun documento refundido, debidamente dilixenciado, que o Concello enviará á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

2. De conformidade co artigo 88 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia e artigo 212.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo inscribirá de oficio o PXOM no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

3. De conformidade co disposto polos artigos 92 da Lei 9/2002 e 70 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, o concello deberá publicar no BOP a Normativa e Ordenanzas do PXOM aprobado definitivamente.

4. Notifíquese esta Orde ao Concello; e publíquese no Diario Oficial de Galicia.

5. Contra esta Orde cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo dispoñen os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa."

Alfonso Botana Castelo
Arquitecto

Beatriz García Becerra
Arquitecta

Paula Fernández Otero
Bióloga

ANEXOS

ANEXO I.- DOCUMENTO DE REFERENCIA

ANEXO II.- CERTIFICADO DE APROBACIÓN INICIAL

ANEXO III.- ANUNCIOS SOBRE A INFORMACIÓN PÚBLICA

ANEXO IV.- CERTIFICADO DE ALEGACIONES PRESENTADAS

ANEXO V.- INFORMES SECTORIAIS SOLICITADOS E CONSULTAS REALIZADAS

ANEXO VI.- INFORMES SECTORIAIS EMITIDOS E RESULTADO DAS CONSULTAS